

PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Número 101
24 de febreiro de 2021

Fascículo 2



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.1. Normas aprobadas

1.1.1.1. Leis

Lei de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia [40516](#)

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.1. Proposicións presentadas

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

11284 (11/PNP-001114)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 13 más

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a conexión do polígono industrial de Balaídos e de Vigo á rede eléctrica de 220 quilovolts [40661](#)

11436 (11/PNP-001129)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 más

Sobre os atrasos no aboamento de subvencións concedidas no marco de programas do Plan de reactivación económica [40665](#)

11450 (11/PNP-001130)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 14 más

Sobre a solicitude ao Goberno central para a aprobación urgente dun plan integral de axudas directas, dotado con fondos dos orzamentos do Estado, dirixido aos sectores da hostalaría e do turismo, nomeadamente aos autónomos e pemes, que sexa compatible con calquera outra axuda ou medida de apoio outorgada dende as administracións públicas e que garanta a solvencia e sustentabilidade da actividade, así como a redución do IVE ao 4 % [40671](#)

Admisión a trámite e publicación

10803 – 10961 (11/PNP-001061)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 8 más

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da encomenda da construcción dun buque de acción marítima para a Armada Española nos estaleiros de Navantia, na ría de Ferrol [40674](#)



I 10804 – 10961 (11/PNP-001062)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 8 más

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da encomenda da construcción dun buque de acción marítima para a Armada Española nos estaleiros de Navantia, na ría de Ferrol

[40678](#)

I 10805 – 10961 (11/PNP-001063)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 8 más

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da encomenda da construcción dun buque de acción marítima para a Armada Española nos estaleiros de Navantia, na ría de Ferrol

[40680](#)

I 10806 – 10961 (11/PNP-001064)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 8 más

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da encomenda da construcción dun buque de acción marítima para a Armada Española nos estaleiros de Navantia, na ría de Ferrol

[40682](#)

I 10807 – 10961 (11/PNP-001065)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 8 más

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da encomenda da construcción dun buque de acción marítima para a Armada Española nos estaleiros de Navantia, na ría de Ferrol

[40684](#)

I 10808 – 10961 (11/PNP-001066)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 8 más

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da encomenda da construcción dun buque de acción marítima para a Armada Española nos estaleiros de Navantia, na ría de Ferrol

[40686](#)

I 10809 – 10961 (11/PNP-001067)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 8 más

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da encomenda da construcción dun buque de acción marítima para a Armada Española nos estaleiros de Navantia, na ría de Ferrol

[40688](#)

I 10810 – 10961 (11/PNP-001068)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 8 más

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da encomenda da construcción dun buque de acción marítima para a Armada Española nos estaleiros de Navantia, na ría de Ferrol

[40690](#)

I 10811 – 10961 (11/PNP-001069)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 8 más



Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da encomenda da construcción dun buque de acción marítima para a Armada Española nos estaleiros de Navantia, na ría de Ferrol

[40692](#)

10812 – 10961 (11/PNP-001070)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 8 más

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da encomenda da construcción dun buque de acción marítima para a Armada Española nos estaleiros de Navantia, na ría de Ferrol

[40694](#)

10813 – 10961 (11/PNP-001071)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 8 más

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da encomenda da construcción dun buque de acción marítima para a Armada Española nos estaleiros de Navantia, na ría de Ferrol

[40696](#)

10850 (11/PNP-001072)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 más

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación en que se atopa a comunidade educativa do IES Lamas de Abade, de Santiago de Compostela, como consecuencia da ampliación da rede de centros integrados de formación profesional

[40698](#)

10874 (11/PNP-001073)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 más

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa negociación da cota da xarda no caladoiro do Cantábrico Noroeste para o ano 2021

[40703](#)

10876 (11/PNP-001074)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 más

Sobre a realización de xestións polo Goberno galego ante o Goberno central para o aumento das posibilidades de pesca da sardiña no Plan de xestión e recuperación do stock da sardiña ibérica 2018-2023

[40706](#)

10879 (11/PNP-001075)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 más

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co procedemento seguido para a elaboración das listaxes de substitucións e a realización dos chamamentos no corpo de mestres para impartir docencia na especialidade de Música

[40709](#)

10885 (11/PNP-001076)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e 5 más



Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa xestión e a presenza do lobo en Galicia, así como sobre a prevención e indemnización dos danos que causa [40712](#)

I 10891 (11/PNP-001078)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 más

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co funcionamento dos servizos de orientación e asistencia xurídica para a defensa e protección dos dereitos fundamentais e básicos das persoas [40715](#)

I 10899 (11/PNP-001079)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 6 más

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central do mantemento das salas do 091 da Policía Nacional nas comisarías provinciais de Ourense e Lugo, así como sobre o aumento dos medios humanos e materiais desas comisarías [40718](#)

I 10904 (11/PNP-001080)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Armada Pérez, José Antonio e 6 más

Sobre a demanda por parte do Goberno galego da apertura de máis pasos fronteirizos entre España e Portugal [40720](#)

I 10907 (11/PNP-001081)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 3 más

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto da covid-19 nos centros de ensino do concello de Vilagarcía de Arousa e, en particular, no CEIP plurilingüe Rosalía de Castro, de Carril [40722](#)

I 10914 (11/PNP-001082)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 más

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación profesional e o papel das mulleres no sector marítimo-pesqueiro [40726](#)

I 10923 (11/PNP-001083)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 más

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas reclamacións presentadas no ano 2020 no Banco de España pola clientela das entidades bancarias [40729](#)

I 10930 (11/PNP-001084)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 6 más



Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en relación con tres macroproxectos eólicos, denominados Rebordechao, Prada e Barxas, promovidos pola empresa Statkraft en Galicia [40732](#)

I 10936 (11/PNP-001085)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonzo, Ramón e 2 más

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa creación dun centro de reparacións nas instalacións de Navantia na ría de Ferrol [40740](#)

I 10942 (11/PNP-001086)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 3 más

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación en que se atopa a empresa Pili Carrera no concello de Mos [40744](#)

I 11045 (11/PNP-001088)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonzo, Ramón e 2 más

Sobre as modificacións que debe introducir o Goberno galego no Decreto 23/2021, do 4 de febreiro, polo que se crean e regulan os rexistros de Intermediarios de Crédito Inmobiliario e de Prestamistas Inmobiliarios da Comunidade Autónoma de Galicia [40748](#)

I 11059 (11/PNP-001089)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre a realización polo Goberno galego das actuacións oportunas para a construcción dunha residencia pública para persoas maiores no concello de Petín [40752](#)

I 11064 (11/PNP-001090)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a elaboración dun plan galego destinado ás persoas que se atopan en situación de soildade non desexada [40754](#)

I 11073 (11/PNP-001091)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Seco García, Martín

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a cobertura das necesidades de formación do persoal do Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais [40756](#)

I 11078 (11/PNP-001092)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Calvo Pouso, Diego e 7 más

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co corredor atlántico de mercadorías [40760](#)



I 11079 (11/PNP-001093)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Calvo Pouso, Diego e 9 más**

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa situación na que se atopa a liña ferroviaria ente Vigo e Ourense

[40763](#)**I 11082 (11/PNP-001094)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Calvo Pouso, Diego e 7 más**

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a apertura ao tráfico do túnel do Folgoso, da autovía das Rías Baixas, ou A-52, en sentido Ourense

[40766](#)**I 11086 (11/PNP-001095)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Ríos Santomé, Paulo e 2 más**

Sobre a adopción polo Goberno galego das medidas necesarias para reverter o estado no que se atopa o dique de abrigo do peirao da Mosqueira, no concello de Moaña

[40768](#)**I 11092 (11/PNP-001096)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Castro García, Daniel e 2 más**

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co uso como material docente de documentos ideoloxicamente parciais e excluíntes nos centros educativos públicos de Galicia

[40770](#)**I 11130 (11/PNP-001097)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gallego Sanromán, María Leticia e 2 más**

Sobre a adxudicación po

la Xunta de Galicia, no primeiro semestre de 2021, das obras de construcción dunha senda peonil e ciclista entre A Moureira e Palmás, no concello de Moaña

[40773](#)**I 11135 (11/PNP-001098)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gallego Sanromán, María Leticia e 2 más**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa atención sanitaria en Atención Primaria que se está a prestar no concello de Tomiño e a praza de facultativo vacante por xubilación no consultorio médico de Goián

[40776](#)**I 11141 (11/PNP-001099)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****González Albert, María e 4 más**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos cinco proxectos de parques eólicos impulsados polo Grupo Avintia no oriente ourensán e no sur de Lugo

[40778](#)**I 11149 (11/PNP-001100)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

Castro Rey, Paloma e 2 más

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa escola infantil municipal de Ponteareas [40787](#)

I 10870 (11/PNP-001101)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 más

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co actual bloqueo da comercialización das capturas de marraxo [40790](#)

I 11156 (11/PNP-001102)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 4 más

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa deslocalización definitiva de postos de traballo de Iberdrola da comarca de Valdeorras para Salamanca [40793](#)

I 11161 (11/PNP-001103)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 más

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa reapertura da hospedería da Casa do Mar da Coruña e a recuperación da oferta deste servizo aos mariñeiros que o precisan e ás súas familias [40798](#)

I 11166 (11/PNP-001104)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 más

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas negociacións que está a desenvolver co Ministerio de Agricultura respecto da aprobación dos ecoesquemas previstos na nova Política Agraria Común para o período 2023-2027, así como sobre as súas implicacións para Galicia [40801](#)

I 11169 (11/PNP-001105)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e 3 más

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas intencións de Iberdrola de trasladar a Salamanca o seu Centro de Operación de Conca do río Sil, situado no concello da Rúa, así como coa desaparición dos seus postos de traballo e progresivo desmantelamento dos seus servizos no territorio galego [40805](#)

I 11174 (11/PNP-001106)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 más

Sobre a remisión polo Goberno galego ao Parlamento de Galicia, antes do remate do actual período de sesións, da Estratexia de prevención, atención e abordaxe integral da soildade non desexada, para o seu debate e tramitación [40808](#)

I 11181 (11/PNP-001107)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Rodil Fernández, Olalla e 2 más

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir o despregamento do servizo de teleasistencia en Galicia e o acceso a este recurso de toda a poboación maior de 65 anos que viva soa [40811](#)

I 11189 (11/PNP-001108)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Díaz Mouteira, María Sol e 6 más

Sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno central da transferencia a Galicia das competencias para a xestión do dominio público marítimo-terrestre [40814](#)

I 11190 (11/PNP-001109)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa presentación de proxectos ante o Goberno central para a captación de fondos europeos no eido social [40817](#)

I 11242 (11/PNP-001110)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodeiro Tato, Ovidio e 6 más

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Cultura e Deporte en relación cos problemas que presenta a plataforma informática eBiblio/GaliciaLe [40819](#)

I 11254 (11/PNP-001111)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 más

Sobre a garantía polo Goberno galego da cobertura durante todo o ano do servizo de pediatría no Centro de Saúde de Conxo, así como da execución no ano 2021 das obras de construcción do novo centro de saúde [40822](#)

I 11265 (11/PNP-001112)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 3 más

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir o acceso do alumnado xordo ou con deficiencias auditivas ao sistema bilingüe de lingua oral e de signos nos centros educativos [40824](#)

I 11274 (11/PNP-001113)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 más

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que este debe realizar ao Goberno central en relación cos bens inmatriculados pola Igrexa Católica [40828](#)

I 11293 (11/PNP-001115)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 3 más



Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proxecto de construcción do parque eólico de Alta Cabrera e o seu impacto na comarca de Valdeorras [40832](#)

11302 (11/PNP-001116)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 más

Sobre a demanda do Goberno galego dun plan estratégico de recuperación e impulso da actividade comercial do porto da Coruña, a licitación polo Goberno central da conexión ferroviaria ao porto exterior de Langosteira, así como a xestión da condonación da débeda ou solución análoga

[40839](#)

11306 (11/PNP-001117)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 3 más

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa mortaldade de moluscos e a perda de ingresos no sector marisqueiro da ría de Vigo

[40842](#)

11313 (11/PNP-001118)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 3 más

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central, así como as actuacións que debe levar a cabo, en relación coa proliferación en Galicia de parques eólicos de ámbito estatal e a súa colisión co Plan eólico galego ou con calquera categoría de protección ambiental comunitaria

[40845](#)

11324 (11/PNP-001119)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 más

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co impulso das negociacións para o establecemento dun novo acordo de pesca sustentable da Unión Europea coa República Islámica de Mauritania

[40849](#)

11326 (11/PNP-001120)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 más

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación co fin de permitir de xeito excepcional o despacho do patrón costeiro polivalente como primeiro oficial de ponte (2º patrón) en buques cuxo mando corresponda a un patrón de litoral

[40852](#)

11370 (11/PNP-001121)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 más

Sobre a evolución e previsións da débeda de Galicia e da débeda no conxunto do Estado [40855](#)

11376 (11/PNP-001122)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 más



Sobre a demanda ao Goberno do Estado para a presentación de recurso contra a sentenza da Audiencia Provincial en relación co Pazo de Meirás para defender a verdade histórica e o interese público e para evitar calquera indemnización á familia Franco [40858](#)

I 11393 (11/PNP-001124)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Domínguez, Sandra e 6 más

Sobre o posicionamento do Parlamento de Galicia en relación co modelo lingüístico de Galicia

[40862](#)

I 11401 (11/PNP-001125)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre o impulso pola Xunta de Galicia dun Proxecto de Recuperación da Memoria Democrática das mulleres galegas, co fin de visibilizalas e recoñecer a represión que sufriron e o papel vertebrador que tiveron na loita pola democracia e a autonomía galega

[40865](#)

I 11411 (11/PNP-001126)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e 3 más

Sobre a solicitude ao Goberno do Estado para que negocie e acorde coas organizacións gandeiras e as autonomías afectadas, antes de cambiar definitivamente o status do lobo nas comunidades autónomas ao norte do río Douro, elaborando con ditas comunidades unha estratexia conxunta para a conservación de dita especie, así comoa elaboración dun novo Plan de Xestión do Lobo para Galicia

[40868](#)

I 11414 (11/PNP-001127)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre a demanda ao Goberno do Estado para que se esgoten todas as posibilidades xurídicas para a defensa do interese do Estado, incluíndo, de ser tecnicamente posible e aconsellable, a interposición de recurso contra a sentenza 60/2021 da Sección Terceira da Audiencia Provincial da Coruña no relativo ao pronunciamento favorable á indemnización dos gastos realizados no inmoble pola Familia Franco

[40872](#)

I 11384 (11/PNP-001128)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre a demanda ao Goberno galego para que faga público dun xeito facilmente accesible a relación dos 7.131 bens radicados en territorio galego que foron inmatriculados pola Igrexa Católica ao abeiro das reformas da normativa hipotecaria de 1996 e posteriores

[40874](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.1. Normas aprobadas

1.1.1.1. Leis

Lei de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia

O Parlamento de Galicia, na sesión plenaria do día 23 de febreiro de 2021, aprobou, por 41 votos a favor e 32 en contra, a Lei de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia.

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2021

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

Lei de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia

Exposición de motivos

I

A situación da economía galega presentaba no comezo do ano 2020 unha serie de indicadores que facían pensar nun crecemento da riqueza do país sustentable no medio prazo. Porén, a declaración mundial de pandemia pola covid-19, realizada o 11 de marzo pola OMS, truncou por completo calquera tipo de perspectiva e provocou unha caída do PIB absolutamente imprevisible a comezos do presente exercicio.

Malia que a Xunta de Galicia adoptou medidas no día seguinte da declaración da OMS e que en España o día 14 de marzo se declarou o estado de alarma mediante o Real decreto 463/2020, o crecimiento da magnitud do contaxio non foi freado ata o mes de xuño.

Duranteeses meses a paralización económica do país provocou un descenso dos parámetros más significativos de todas as actividades, o que tivo un forte impacto no emprego e nos restantes indicadores que miden a fortaleza dunha economía occidental.

Lamentablemente, as duras medidas adoptadas na primeira onda da pandemia non se traduciron, no comezo do outono, nunha diminución da extensión da enfermidade. Ben ao contrario, estase a vivir unha segunda onda que eleva o número de persoas afectadas por riba do millón, cunha diferente incidencia nos territorios que conforman España e cunha previsión de convivencia co patóxeno a medio e longo prazo e, con ela, unha retardación inevitable da actividade económica.

Aínda que Galicia presenta niveis de contaxio máis baixos que a media española, a situación actual e as futuras derivas da enfermidade fan preciso paliar con todos os instrumentos posibles as consecuencias económicas e sociais da pandemia.



Xa no mes de xuño, o Goberno galego presentou unha serie de medidas, nomeadamente o Plan de reactivación e dinamización da economía, que pode supor un impacto de máis de tres mil millóns de euros de fondos públicos e privados, no que se incorporan accións de carácter fiscal, como unha moratoria no pagamento de impostos de xestión autonómica.

Durante o mes de setembro e comezos de outubro estas medidas iniciais foron acompañadas doutra serie de accións encamiñadas a protexer o emprego, o colectivo de persoas traballadoras autónomas e aqueles sectores que sufrieron unha maior perda de actividade desde o comezo da pandemia.

A evolución da Comunidade Autónoma non pode ser observada desde unha perspectiva illada; a economía mundial sufrirá unha caída no ano 2020 do 4,5 % do PIB, segundo as previsións da OCDE (3,5 %, segundo a Comisión Europea en maio). Para o ano 2021, a recuperación económica prevista acada o 5,0 %, segundo a OCDE, e dúas décimas máis segundo a Comisión Europea, aínda que as previsións do FMI presentan valores menos favorables.

A mesma Comisión augura o maior impacto para Italia, Francia e España, con diminucións neste ano 2020 e previsións de incremento para o ano 2021, e valores de incremento para a economía española nos que praticamente coinciden as porcentaxes da Comisión, da OCDE e do FMI.

A situación da economía española, con valores de crecemento equilibrado a comezos deste ano 2020, viuse afectada polas importantes medidas restritivas que se adoptaron en marzo e que provocaron unha caída do PIB do 21,5 % no segundo trimestre do ano. As previsións e os escenarios do Banco de España e da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal certificaron os datos negativos.

Para o ano 2021 todos os indicadores presentan valores de recuperación para España, ben que cunhas porcentaxes inferiores ás diminucións do presente exercicio.

Unha das consecuencias más directas da diminución da riqueza é o impacto sobre o emprego, que, de novo, presenta valores moi preocupantes, especialmente na mocidade, para o vindeiro ano 2021.

Galicia presenta unha incidencia menor nos valores como consecuencia dun mellor comportamento de resistencia ao virus e unha comparativa favorable cos indicadores medios de España. As magnitudes macro que presenta a Comunidade Autónoma foron expostas recentemente con ocasión da aprobación do teito de gasto, que partiu da constatación do impacto da crise sanitaria na economía galega no ano 2020, cunha caída do 9,7 % do PIB.

Así, no segundo trimestre de 2020, o sector do comercio, o transporte e a hostalaría experimentou unha das maiores caídas, cunha taxa de variación interanual do -38,3 %, e resultou ser unha das actividades que máis emprego perdeu.

Ademais, rexistraron unha forte contracción as actividades profesionais (-23,9 %), a construcción (-3,2 %) e a industria (-19,7 %).

Aínda que o ritmo de recuperación da economía galega se verá directamente influído polos altos graos de incerteza sobre a evolución da pandemia, as previsións sinalan unha recuperación parcial no ano 2021, que, non obstante, precisa do acompañamento dunhas medidas específicas de apoio que colaboren á materialización das devanditas previsións e contribúan incluso a melloralas.

II

Nun escenario de incertezas en termos de saúde pública, corresponde aos poderes públicos impulsar aquelas medidas de carácter conxuntural, mais tamén as estruturais, que minimicen a eventual desconfianza do sector privado nunha situación de extrema variabilidade e que permitan que o investimento se desenvolva nun marco de certeza que favoreza a implantación de novas iniciativas e o afianzamento e extensión das xa existentes no tecido produtivo.

Toda crise supón unha oportunidade de mudar políticas públicas que ao longo dos anos teñen manifestado unha inercia de resistencia ao cambio e que nalgúns casos teñen freado o crecemento.

España leva varias décadas lexislando e planificando para tentar conseguir unha Administración ágil que elimine disfuncións, solapamentos e duplicidades na relación coa cidadanía e co mundo das empresas, camiño que tamén teñen percorrido o resto das administracións dos Estados que conforman a Unión Europea.

Ao longo da historia recente das fórmulas para simplificar os procedementos administrativos, téñense dado pasos importantes a nivel europeo, que comenzaron no período máis recente co informe Mandelkern e a Comunicación da Comisión Europea do 16 de marzo do 2005 *Lexislar mellor para potenciar o crecimiento e o emprego na Unión Europea* [COM(2005) 97 final], e foron seguidas pola Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, polo Programa de acción para a redución das cargas administrativas na UE no ano 2007 e pola Estratexia Europa 2020.

No ámbito estatal, os tímidos inicios na modificación do procedemento administrativo común mediante a Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, foron seguidos polas leis ditadas para traspor a Directiva 2006/123/CE, as denominadas «lei paraugas» (Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio) e «lei ómnibus» (Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio), e logo pola Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable, que instauraban a comunicación previa e a declaración responsable. Estes esforzos tiveron continuación coa creación da Comisión de Reforma das Administracións Públicas (CORA) e co Programa Nacional de Reformas, así como coa Lei 12/2012, do 26 de decembro, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos; a Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e á súa internacionalización; a Lei 20/2013, do 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado, e a Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público.

Malia estes esforzos, a implantación dunha iniciativa empresarial, que supón arriscar un investimento, continúa a ser obxecto dunha regulamentación que provoca que nos informes do Banco Mundial relativos á facilidade para facer negocios e implantar empresas España se sitúe no posto



30º das economías mundiais e nos postos 97º na facilidade para a apertura dun negocio e 79º para a obtención dun permiso de construcción. Esta realidade tamén a pon de manifesto o empresariado en España e en Galicia, que ten unha percepción de constantes atrancos ás iniciativas de crear unha empresa.

Nos últimos anos, a Comunidade Autónoma de Galicia ten realizado esforzos que foron plasmados na Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, na Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, e noutras normas de menor rango que axilizaron procesos para a posta en marcha de proxectos, negocios e empresas.

O procedemento administrativo ten por finalidade maximizar o acerto das actuacións administrativas e garantir que se cumplen os criterios de legalidade e seguridade xurídica. Ademais, moitos dos procedementos teñen por obxecto garantir a conservación e mellora de bens xurídicos protexidos polo ordenamento galego, como o valor cultural do patrimonio, o medio ambiente e os valores naturais do territorio, a saúde das persoas ou a calidade das augas, que constitúen límites que non deben superarse.

O equilibrio entre o respecto ao procedemento, os valores que tenta protexer e a necesaria axilidade e simplificación para acadar a maior eficiencia de cara á cidadanía e ás empresas non sempre é doadoo de obter.

Esta lei pretende conseguir ese equilibrio evitando duplicidades e solapamentos nos procedementos que son concorrentes, diminuíndo os atrasos na emisión dos informes, sempre complexos, que teñen por finalidade protexer un ben público, e axilizando os trámites precisos para o desenvolvemento dunha iniciativa empresarial que tenta crear riqueza e emprego.

Desde esta perspectiva, a norma é absolutamente respectuosa con todos os valores culturais, paisaxísticos, naturais e ambientais, entre outros, que afectan o territorio, de xeito que non se eliminou ningún trámite de información pública, de audiencia ou de informe. A lei pretende dar certezas sobre os informes necesarios para o establecemento dun proxecto ou dunha empresa, sobre os prazos e sobre os órganos intervenientes, mais non desregular os mecanismos de protección.

A estrutura constitucional do Estado español fai preciso que a norma se limite a aqueles aspectos procedimentais que son da exclusiva competencia da Comunidade Autónoma, sempre co respecto á legislación estatal básica, polo que a regulación únicamente incide nos aspectos en que o autogoberno galego é responsable.

A partir desta premisa, a lei pretende instaurar unha nova cultura administrativa, dirixida a simplificar e racionalizar os procedementos.

No mundo económico actual, complexo e globalizado, as iniciativas de emprendemento precisan, máis cada vez, do acompañamento público para se ver materializadas, porque a mentorización se ten instalado no mundo económico, sobre todo nas iniciativas das xeracións más novas, e a norma non pode ser allea a esta realidade, senón que ten que darlle resposta deseñando un sistema de acompañamento ás novas iniciativas.



A vinculación dos novos instrumentos de recuperación europeos, *Next Generation EU*, non é allea na redacción deste texto. Os novos mecanismos de recuperación e resiliencia suporán unha oportunidade de financiamento dos proxectos aliñados coas estratexias da Unión e precisán unha execución compasada entre os proxectos e iniciativas e o financiamento, que ten unha duración temporal. A simplificación dos procedementos e a eliminación dos solapamentos cobra, pois, unha especial importancia para realizar un exercicio responsable dos instrumentos de financiamento que permita recuperar unha correcta senda económica e na que terán o seu encaixe principal os proxectos tructores.

III

Esta lei dítase no marco das competencias da Comunidade Autónoma establecidas nos apartados 3, 11, 13 e 18 do artigo 27, apartados 1 e 3 do artigo 28 e as alíneas 1, 2 e 7 do apartado 1 do artigo 30 do Estatuto de autonomía de Galicia.

A lei estrutúrase en cinco títulos. No seu título I recolle unha serie de disposicións xerais que se desenvolven ao redor do concepto das iniciativas empresariais, incluíndo neste concepto non só os proxectos de investimento que se materialicen mediante a creación dunha nova empresa, senón tamén as ampliacións, modificacións ou diversificacións das actividades xa existentes, así como a adquisición das unidades produtivas que supoñan a continuación dunha actividade ou do establecemento que pechase ou que pecharía de non ter sido adquirido.

Así, configúrase de modo amplio o obxecto desta lei, que non se limita únicamente á creación de novas empresas, senón que tamén abarca todas as variacións sinaladas respecto de iniciativas xa existentes.

Tamén se configura dentro deste título I unha determinación das distintas áreas de competencias da Administración pública galega que exercen funcións nos ámbitos regulados ao longo do articulado. Inclúe, ademais, unha definición das competencias implicadas dos concellos, que resultan de especial relevancia, sobre todo para os efectos da súa posible adhesión ao Sistema de atención ao investimento, finalidade que se reflicte ao longo do texto, sen prexuízo do respecto á autonomía local.

O título II da lei regula os sistemas de apoio administrativo á implantación de iniciativas empresariais, e divídese en tres capítulos. O capítulo I crea o Sistema de atención ao investimento, como unha figura clave para dar resposta á demanda clásica, da cidadanía en xeral e dos colectivos vinculados á empresa en particular, sobre as dificultades existentes para obter a información e a orientación que precisan para pór en marcha as súas iniciativas empresariais, a través dun servizo de acompañamiento e información que lles ofrece a posibilidade de realizar a través del a tramitación administrativa autonómica e mesmo tamén a local, nos supostos de adhesión dos concellos a el.

Como medida de apoio á implantación das iniciativas empresariais destaca neste capítulo I a referencia á creación dunha serie de catálogos, por sectores de actividad, aprobados polo Consello da Xunta de Galicia, que recollerán todos os trámites administrativos exixibles para a implantación das iniciativas empresariais, así como unha serie de formularios e modelos de solicitude e documentación asociados aos devanditos procedementos. Estas figuras, que deberán ser actualizadas



permanentemente, supoñen unha gran simplificación de cara ás empresas e, en particular, ás persoas emprendedoras, que poderán consultar os trámites que lles serán exixidos pola Administración autonómica, o que supón facilitar a comprensión, a planificación e a tramitación da parte administrativa.

Tamén se prevé que o Sistema de atención ao investimento permita acceder de forma electrónica a toda a información e documentación indicada, e consultar, unha vez iniciada a tramitación para a implantación dunha iniciativa empresarial, a información relativa aos expedientes, de maneira que as persoas interesadas poidan comprobar en tempo real o estado de tramitación das súas comunicacións e solicitudes, incluída a emisión dos informes que a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia solicitase a outras administracións ou ás diferentes consellarías que a integran.

No capítulo II deste título regúlase a Oficina Doing Business Galicia, unidade especializada no acompañamento e tramitación dos proxectos industriais estratégicos e das iniciativas empresariais prioritarias, e establecense as súas funcións, que non se limitan á asistencia, senón tamén ao seu impulso e seguimento.

O capítulo III regula un sistema de acompañamiento individualizado, a través dunha rede de oficinas de apoio á empresa, que contará coa colaboración das distintas consellarías, para dar resposta e asesorar nos aspectos relativos á implantación de iniciativas empresariais.

O título III regula a simplificación administrativa para a tramitación das iniciativas empresariais.

O capítulo I establece unha serie de medidas xerais de simplificación administrativa, de aplicación a todos os procedementos. As liñas básicas deste capítulo céntranse en varios aspectos clave, de simplificación e simultaneidade dos trámites autonómicos, que permitirán conseguir importantes reducións de tempo de tramitación nos expedientes de implantación das iniciativas empresariais.

Establécese un principio xeral de xestión simultánea de todos os trámites que poidan realizarse deste modo. Así, cando no procedemento de autorización ou declaración dunha iniciativa empresarial sexa preciso solicitar varios informes, o órgano competente para ditar a resolución final solicitará a emisión, de modo simultáneo, de todos os informes que resulten preceptivos.

A lei busca axilizar os procedementos administrativos que supoñen afeccións en función da súa implantación no territorio, polo que establece que os informes sectoriais non poderán ter carácter sucesivo, de xeito que todos os órganos que deben emitir informe estuden o proxecto no mesmo período temporal. Así mesmo, como medida de axilización, prevese que cando un mesmo órgano sectorial autonómico deba emitir informe para varios efectos, dentro do trámite ambiental, trámite urbanístico e trámite da autorización substantiva, emitirá un único informe que abarque os distintos aspectos sobre os cales deba pronunciarse, sempre e cando se analice a documentación exixida a cada caso.

Así mesmo, e con relación aos informes que deban ser solicitados aos órganos da Administración autonómica galega como consecuencia das afeccións sectoriais do proxecto, a lei aborda a proble-

mática derivada do seu tempo de emisión e establece un prazo xeral de tres meses, agás que unha norma legal estableza un prazo inferior. Mais a principal novedade da lei vén ao abordar os problemas derivados daqueles supostos en que se poida producir unha demora na súa emisión e ao establecer que terán a consideración de favorables á implantación da iniciativa, agás que unha norma legal de carácter básico estableza o contrario.

Finalmente, o devandito capítulo I establece outras dúas previsións fundamentais e básicas de cara a conseguir a simplificación e a conseguinte redución dos prazos da tramitación administrativa, que son, por una banda, a posibilidade de regulación regulamentaria da tramitación conxunta de todos os procedementos administrativos autonómicos que poidan ser necesarios para a implantación dunha iniciativa, evitando así que os trámites se dupliquen, e, por outra banda, a posibilidade de conservar os trámites administrativos autonómicos xerados nos sucesivos procedementos relativos a unha mesma iniciativa para o suposto de que os suxeitos promotores non optasen pola devandita tramitación conxunta.

Resulta, así mesmo, de especial relevancia que esta conservación de trámites se manteña tamén para os supostos en que a implantación da iniciativa empresarial requira dun título municipal habilitante.

Deste xeito, a través das previsións contidas neste capítulo, aplicables a todos os procedementos nos que concorran este tipo de trámites, simplificarse a xestión e reducirse notablemente o tempo de resposta da Administración autonómica.

O capítulo II regula a racionalización dos procedementos de avaliación ambiental, mediante a fixación de prazos taxados antes non definidos na normativa e a simultaneidade sempre que sexa posible na tramitación. A lei pretende neste capítulo clarificar os distintos trámites necesarios para a avaliación ambiental, simplificando e reducindo os prazos mediante a simultaneidade, dentro do respecto á premisa fundamental de velar pola necesaria protección ambiental.

Finalmente, o capítulo III deste título establece un procedemento uniforme e simplificado para as autorizacións administrativas para as instalacións eléctricas, un sector moi específico, cunhas peculiaridades na súa tramitación derivadas das posibles afeccións dos proxectos, tendo en conta as súas características e a súa implantación en franxas moi extensas do territorio, polo que resulta oportuno a súa regulación e simplificación nun capítulo independente, e a significación que a producción, a distribución e o transporte de enerxía representan para os restantes sectores produtivos.

Neste capítulo é salientable o obxectivo que pretende acadar esta lei, consistente en vincular dun modo efectivo a xeración eléctrica producida a partir de fontes renovables á industria do noso país, contribuíndo á cohesión social e territorial de Galicia a través da mellora da competitividade do noso tecido industrial; o que favorecerá a localización das empresas más sensibles ao fenómeno da deslocalización, como son aquelas que pertencen aos sectores que presentan «riscos de fuga de carbono», como é a industria electrointensiva galega.

A transformación do noso modelo industrial abarca moitos campos, mais un deles, que resulta fundamental, é o enerxético, que, debidamente aliñado co resto, permitirá unha descarbonización

da nosa economía, unha renovación das estruturas produtivas e unha maior calidade dos empregos xerados.

O título IV, relativo ás medidas urbanísticas e financeiras para a reactivación económica, comeza a súa regulación coa introdución das medidas de simplificación do réxime de obtención da licenza municipal para aqueles supostos en que é necesario este título habilitante. En concreto, facilitase aos concellos a súa tramitación mediante un réxime xeral, o que permite unha maior axilidade na emisión, que se realizará no prazo dun mes. Ademais, establécese un réxime específico para a obtención da licenza urbanística en determinados supostos que afectan de forma especial as iniciativas empresariais, cun prazo de concesión da licenza de quince días naturais, sempre que se cumpran as circunstancias determinadas na disposición, o que permitirá axilizar a súa implantación.

Ademais, aborda outra das grandes problemáticas identificadas á hora de implantar as iniciativas empresariais, a da dificultade de obter o apoio económico necesario. Incorpóranse así unha serie de mecanismos de financiamento para as iniciativas empresariais promovidas polas *start-ups*, as persoas emprendedoras e outras pequenas empresas, especialmente relevantes tendo en conta as súas especiais dificultades neste eido, así como os mecanismos específicos para os proxectos industriais estratégicos e as iniciativas empresariais prioritarias.

Finalmente, o capítulo V deste título establece unha serie de instrumentos de gobernanza para a planificación, a xestión e o control dos recursos económicos finanziados polo Instrumento Europeo de Recuperación e dos derivados do Plan de recuperación, transformación e resiliencia que teñan por obxecto o financiamento de iniciativas empresariais no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Así, as funcións de planificación e coordinación neste ámbito corresponderán á Comisión Delegada da Xunta para os Fondos de Recuperación, que contará, como órgano de apoio técnico, coa Comisión Técnica de Fondos de Recuperación, sen prexuízo da posibilidade de crear grupos de traballo técnicos sectoriais que elaboren recomendacións nos ámbitos precisos para a execución dos plans e proxectos definidos neste capítulo.

Regúlanse, finalmente, mecanismos de participación coa sociedade e de colaboración coa Fegamp, e mecanismos de control da aplicación dos fondos. Ten unha especial relevancia a creación do grupo de traballo coa Fegamp, tendo en conta a necesidade de simplificar trámites municipais para a implantación de iniciativas empresariais.

A parte final da lei incorpora unha serie de previsións coas que se abordan aspectos puntuais de simplificación ou de apoio ás empresas e aos profesionais; así, prevese o aumento de procesos de acreditación de competencias profesionais ou medidas de fomento das iniciativas empresariais no exterior.

As disposicións derradeiras establecen beneficios fiscais para a implantación de iniciativas empresariais en zonas pouco poboadas; definen o solo empresarial e actualizan os conceptos de proxectos industriais estratégicos e iniciativas empresariais prioritarias; aclaran os supostos de informe de Patrimonio Cultural cando non existan elementos de protección e clarifican o réxime de declaracions ambientais vencelladas ao comercio; introducen cambios na regulación eólica; modifican a

Lei de vivenda para dar cobertura a melloras de carácter social, e introducen previsións tamén en materia de salóns recreativos de xogo como consecuencia das medidas sanitarias en canto ao máxímo de ocupación.

IV

Esta lei axústase aos principios de boa regulación contidos no artigo 37.a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico de Galicia. As medidas previstas nela responden á satisfacción de necesidades de interese xeral coa debida proporcionalidade, eficacia e eficiencia, e recóllense na norma os obxectivos perseguidos a través dela e a súa xustificación, tal como exixe o principio de transparencia.

TÍTULO I Disposicións xerais

CAPÍTULO I **Obxecto, ámbito de aplicación e principios**

Artigo 1. *Obxecto*

Esta lei ten por obxecto establecer as medidas necesarias para facilitar a reactivación da actividade económica logo da crise xerada polas consecuencias da pandemia da covid-19, no marco das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia, desde unha perspectiva de simplificación administrativa que favoreza a implantación e o funcionamento das iniciativas empresariais en Galicia, con plenas garantías da súa sustentabilidade económica, social e ambiental, reducindo as barreiras normativas e administrativas e establecendo unha serie de medidas que modernicen a Administración autonómica, para permitir unha xestión más áxil e eficiente.

Artigo 2. *Finalidade e obxectivos*

1. As medidas previstas por esta lei teñen como finalidade a recuperación e a mellora dos niveis de actividade económica e de emprego en Galicia previos á situación da pandemia da covid-19, avanzando no impulso dos sectores produtivos para favorecer a xeración de valor engadido e a culminación dos ciclos produtivos, así como a consolidación do emprego de calidade e a mellora da calidade de vida da cidadanía de Galicia.

2. Con esta finalidade, perséguense os seguintes obxectivos:

a) Coordinar a actuación dos órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia con competencias relacionadas coa implantación das iniciativas empresariais, entre si e coas entidades locais galegas, dentro do respecto á autonomía local.

b) Crear un sistema de apoio e acompañamento administrativo á implantación das iniciativas empresariais no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, mediante a previsión dos servizos e instrumentos necesarios para tal fin.



c) Simplificar os trámites administrativos necesarios para a implantación das iniciativas empresariais no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, en particular mediante a racionalización dos procedementos administrativos aplicables e a eliminación das cargas administrativas innecesarias ou accesorias vinculadas a eles.

d) Prever os incentivos fiscais e os instrumentos de financiamento de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia para fomentar a implantación das iniciativas empresariais.

Artigo 3. Ámbito de aplicación

1. A presente lei será de aplicación ás iniciativas empresariais que se desenvolvan no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Para os efectos desta lei, considérase iniciativa empresarial todo tipo de investimento que teña como finalidade desenvolver unha actividade económica, mediante a implantación dun proxecto, a creación dunha nova empresa ou o establecemento ou a ampliación, a modificación ou a diversificación dunha empresa ou dun establecemento existentes.

Tamén terá a consideración de iniciativa empresarial a adquisición por parte dunha persoa investidora non relacionada coa persoa vendedora das unidades produtivas ou dos activos pertenecentes a un establecemento que pechase ou que pecharía de non ter sido adquirido, co fin de que continúe a actividade do establecemento ou se inicie unha nova.

3. Non obstante o anterior, as previsións sobre a racionalización dos procedementos de avaliación ambiental serán de aplicación a todos os plans, programas ou proxectos cuxa avaliación ambiental sexa de competencia autonómica.

4. Sen prexuízo do sinalado no apartado anterior, as previsións do capítulo I do título III desta lei serán tamén de aplicación á tramitación administrativa das actuacións de desenvolvemento de solo empresarial ou residencial.

Artigo 4. Principios

1. As medidas previstas por esta lei interpretaranse e aplicaranse de acordo cos seguintes principios:

a) Liberdade de empresa e de establecemento e prestación de servizos, de acordo co establecido na Constitución española, no dereito comunitario e na normativa estatal aplicable.

b) Obxectividade, eficacia, eficiencia, responsabilidade e coordinación das actuacións das administracións públicas de Galicia con competencias en materia de implantación das iniciativas empresariais e do seu financiamento.

c) Planificación estratégica e xestión por obxectivos, co establecemento de indicadores para tal efecto.



d) Boa regulación, que inclúa a simplificación da normativa autonómica e municipal que afecte a implantación das iniciativas empresariais e a eliminación das cargas administrativas innecesarias ou accesorias vinculadas a ela.

e) Desenvolvemento sustentable, entendido como o equilibrio entre a protección do medio ambiente e do patrimonio natural e cultural e o desenvolvemento económico e social.

2. En cumprimento do principio de axilidade, as relacións entre as administracións públicas de Galicia e os órganos, organismos públicos e entidades vinculados ou dependentes delas que deriven da aplicación desta lei serán realizadas por medios electrónicos.

CAPÍTULO II Competencias administrativas

Artigo 5. O Consello da Xunta de Galicia

1. Corresponde ao Consello da Xunta de Galicia a superior dirección e coordinación das políticas do sector público autonómico dirixidas á recuperación da actividade económica e do emprego en Galicia.

2. En particular, o Consello da Xunta de Galicia aprobará os catálogos previstos no capítulo I do título II desta lei e as súas actualizacións e formulará as declaracíons de proxectos industriais estratéxicos e de iniciativas empresariais prioritarias, nos termos e cos efectos establecidos na normativa reguladora de tales proxectos e iniciativas.

Artigo 6. A consellaría con competencias en materia de economía e empresa

1. Corresponde á consellaría con competencias en materia de economía e empresa, baixo a superior dirección e coordinación do Consello da Xunta de Galicia, deseñar e executar as políticas de recuperación da actividade económica en Galicia, en particular mediante a facilitación da implantación das iniciativas empresariais no territorio da Comunidade Autónoma, sen prexuízo das competencias atribuídas ás demais consellarías da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia nas materias con incidencia no eido económico, do emprego ou do medio rural.

2. Para os efectos previstos no número anterior, a consellaría con competencias en materia de economía e empresa:

a) Asumirá as funcións de apoio e acompañamento administrativo á implantación das iniciativas empresariais no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, mediante os servizos e instrumentos previstos no título II.

b) Elevará ao Consello da Xunta de Galicia as propostas motivadas de declaración de proxectos industriais estratéxicos e iniciativas empresariais prioritarias, cando proceda segundo o previsto na normativa reguladora de tales proxectos e iniciativas.

c) Establecerá os instrumentos de coinvestimento público-privado que favorezan o financiamiento das iniciativas empresariais levadas a cabo por *start-ups*, persoas emprendedoras e outras pequenas empresas, de acordo co previsto no título IV.

d) Impulsará, en coordinación coa consellaría con competencias en materia de avaliación e reforma administrativa, as medidas para que o marco regulatorio aplicable á implantación das iniciativas empresariais se axuste ao principio de boa regulación.

Artigo 7. A consellaría con competencias en materia de avaliación e reforma administrativa

Corresponde á consellaría con competencias en materia de avaliación e reforma administrativa a asistencia e colaboración coa consellaría con competencias en materia de economía e empresa nas tarefas de planificación dos procesos de revisión periódica do marco regulatorio aplicable á implantación das iniciativas empresariais e, en xeral, á actividade económica, co fin de facer efectivo o principio de boa regulación.

Artigo 8. Outras consellarías da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia

As consellarías da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia distintas das previstas nos artigos 6 e 7, cada unha no seu propio ámbito de competencias, colaborarán na consecución dos obxectivos desta lei, en particular proporcionando á consellaría con competencias en materia de economía e empresa a información e a documentación que precise para o exercicio das funcións que lle atribúe a letra a) do número 2 do artigo 6.

Artigo 9. Os concellos

Corresponde aos concellos galegos, no seu ámbito de competencias propio, contribuír á recuperación da actividade económica e do emprego, entre outras, mediante as seguintes medidas e actuacións no marco do previsto nesta lei:

- a) Participar no apoio e no acompañamento administrativo á implantación das iniciativas empresariais no seu territorio, de ser o caso mediante a adhesión voluntaria aos servizos e instrumentos previstos no título II.
- b) Revisar o marco regulatorio da súa competencia para facer efectivo o principio de boa regulación.
- c) Planificar a oferta de solo empresarial, no exercicio das súas competencias de ordenación urbanística, de modo que se facilite a implantación das iniciativas empresariais no termo municipal.
- d) Prever os incentivos fiscais e os instrumentos de estímulo da súa competencia que favorezan a implantación das iniciativas empresariais no termo municipal.

TÍTULO II **Apoio administrativo á implantación das iniciativas empresariais**

CAPÍTULO I **Sistema de atención ao investimento**

Artigo 10. Creación do Sistema de atención ao investimento



1. Créase o Sistema de atención ao investimento como o sistema de información que ten por finalidade servir de soporte ás empresas e, en particular, ás persoas emprendedoras, no proceso de posta en marcha das súas iniciativas empresariais, así como facilitar a súa implantación.

2. O Sistema de atención ao investimento incluirá, entre outros aspectos, a información sobre os posibles apoios en forma de incentivos e de financiamento empresarial e sobre tramitación de documentación e acompañamento.

3. O Sistema de atención ao investimento permitirá o acceso á sede electrónica da Xunta de Galicia para a realización de todos os trámites administrativos necesarios para a posta en marcha da iniciativa empresarial que sexan de competencia da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia e consten nos catálogos aprobados consonte o artigo 14. Tamén se incorporarán a el os trámites da competencia dos concellos que se adhiran ao Sistema.

Artigo 11. Dependencia e xestión do Sistema de atención ao investimento

O Sistema de atención ao investimento dependerá da Oficina Doing Business Galicia, regulada no capítulo II deste título. A súa xestión poderá ser encomendada ás entidades instrumentais do sector público autonómico dependentes da consellaría con competencias en materia de economía e empresa.

Artigo 12. Adhesión de concellos ao Sistema de atención ao investimento

1. Poderán incorporarse ao Sistema de atención ao investimento aqueles concellos coa condición de «concellos emprendedores» mediante a súa adhesión ao protocolo xeral asinado entre a Xunta de Galicia e a Fegamp, ou os instrumentos que o substitúan, que xa teñan adquirida tal condición no momento de entrada en vigor desta lei ou que a adquiran con posterioridade.

2. A adhesión ao Sistema de atención ao investimento terá os seguintes efectos:

a) Suporá a incorporación de todos os trámites, incluídos os de carácter urbanístico de competencia do respectivo concello, nos formularios e modelos normalizados, elaborados para o efecto pola consellaría con competencias en materia de economía e empresa, co obxectivo de axilizar a implantación das novas iniciativas empresariais.

b) Os suxeitos promotores poderán presentar a través del a documentación dirixida ao concello e recibir as notificacións procedentes da administración municipal.

c) Suporá a asunción por parte dos concellos dos mesmos compromisos sinalados no artigo 14 para a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

d) Así mesmo, suporá a asunción do compromiso por parte do respectivo concello da recomendación de establecer bonificacións no imposto sobre construcións, instalacións e obras, así como na taxa pola expedición da licenza urbanística de obra ou pola realización das actividades administrativas de control nos supostos en que a exixencia de licenza fose substituída pola presentación de comunicación, cando sexan exixibles, para os supostos derivados dunha iniciativa empresarial,



respectando en todo caso o disposto no Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, de refundición da Lei de facendas locais, especialmente o seu artigo 103.

Artigo 13. Áreas de información

1. O Sistema de atención ao investimento incluirá información xeral nas seguintes áreas:

- a) O procedemento administrativo substantivo, ambiental e urbanístico necesario para a implantación das instalacións que requira a posta en funcionamento das iniciativas empresariais.
- b) A tramitación administrativa necesaria para a constitución das empresas.
- c) As axudas e os incentivos aplicables para a creación de empresas, así como todos aqueles dos que poidan beneficiarse as persoas promotoras das iniciativas empresariais.
- d) Outros temas de interese para as empresas, como o financiamento, incluído o europeo, a fiscalidade, a internacionalización, a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e de innovación e a cooperación empresarial.

2. Así mesmo, o Sistema permitirá realizar as seguintes accións:

- a) Presentar de forma electrónica, mediante o acceso ao rexistro electrónico xeral, as solicitudes, a documentación e as comunicacións dirixidas á Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e aos concellos adheridos.
- b) Acceder á información relativa aos expedientes, de forma que as persoas interesadas poidan comprobar en tempo real o estado de tramitación das súas comunicacións e solicitudes, incluída a emisión dos informes que a Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia solicitan a outras administracións ou ás diferentes consellarías que a integran.
- c) Consultar o prazo máximo de emisión dos informes e o sentido do silencio administrativo previstos na correspondente norma reguladora.
- d) Consultar as bonificacións das taxas e dos impostos municipais que os concellos adheridos apliquen á implantación das iniciativas empresariais no seu ámbito territorial.
- e) Acceder aos modelos de proposta para a mellora da regulación económica e de comunicación de obstáculos e barreiras á competitividade económica que aprobó a Administración autonómica.

3. No momento en que a Administración xeral do Estado faga efectiva a previsión contida na disposición adicional segunda da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e ao seu exercicio, relativa aos trámites que se realicen ante a Axencia Estatal de Administración Tributaria e a Tesourería Xeral da Seguridade Social, poderá incluirse no Sistema de atención ao investimento a información relativa á devandita tramitación mediante a subscrición do oportuno convenio.



Artigo 14. *Recursos dispoñibles*

1. A través do Sistema de atención ao investimento poderase acceder de forma gratuíta aos seguintes recursos:

a) Aos catálogos en que se recollan de forma clara e por orde cronolóxica todos os trámites administrativos exixibles e as actuacións necesarias para a implantación das iniciativas empresariais, incluídos os de competencia municipal dos concellos adheridos ao Sistema de atención ao investimento.

b) A todos os formularios e modelos de solicitude de autorización, de comunicación e de declaración responsable asociados a calquera dos procedementos administrativos de implantación das iniciativas empresariais da competencia da Administración xeral da Comunidade Autónoma e das entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia, nos que se indicará a relación da documentación que debe achegar a persoa interesada.

2. Tanto os catálogos como os distintos formularios e modelos mencionados no número anterior deberán figurar permanentemente actualizados.

3. Os catálogos serán elaborados pola Oficina Doing Business Galicia coa colaboración das diferentes consellarías con competencias por razón da materia. Na súa elaboración priorizaranse aqueles sectores de actividade que presenten un maior dinamismo na implantación ou cuxa demanda precise ser acelerada por razóns estratéxicas.

Poderase concertar a elaboración dos contidos dos catálogos cos colexios profesionais, cámaras de comercio, organizacións empresariais e outras entidades representativas dos sectores afectados.

4. Os catálogos e as súas actualizacións serán aprobados polo Consello da Xunta de Galicia.

5. A aprobación dos catálogos deberá incluír un trámite de audiencia, por un prazo de quince días hábiles, ás distintas consellarías da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

6. No procedemento de elaboración de disposicións normativas autonómicas que incorporen novos trámites para a implantación de iniciativas empresariais deberá xustificarse a súa necesidade de acordo co principio de boa regulación previsto nesta lei. Unha vez aprobada a norma que regule o novo trámite, deberá procederse á actualización do catálogo ou catálogos correspondentes.

Artigo 15. *Avaliación externa*

Coa periodicidade que se determine regulamentariamente, realizaranse as avaliacións externas e independentes do funcionamento do Sistema de atención ao investimento. Os informes elaborados polas entidades avaliadoras estarán dispoñibles como parte da información que ofrece o Sistema.



CAPÍTULO II

Oficina Doing Business Galicia

Artigo 16. *Fins e obxectivos da Oficina Doing Business Galicia*

A Oficina Doing Business Galicia é o órgano responsable da xestión dos instrumentos previstos nesta lei para facilitar a implantación das iniciativas empresariais, especializada no acompañamento e tramitación dos proxectos industriais estratégicos e das iniciativas empresariais prioritarias, así como a coordinación do asesoramento ás persoas empresarias para a posta en marcha e acompañamiento das iniciativas empresariais.

A Oficina depende da Secretaría Xeral Técnica da consellaría con competencias en materia de economía e empresa, na súa condición de autoridade designada pola Comunidade Autónoma como punto de contacto para a unidade de mercado.

Artigo 17. *Funcións*

1. Corresponden á Oficina Doing Business Galicia as seguintes funcións:

a) Xestionar o Sistema de atención ao investimento e elaborar os catálogos.

b) Dirixir a Unidade de Apoyo das Iniciativas Empresariais.

c) Acompanhar e dar soporte aos suxeitos promotores das iniciativas susceptibles de ser cualificadas como proxectos industriais estratégicos ou iniciativas empresariais prioritarias, analizando as solicitudes telemáticas recibidas ou as consultas realizadas por vía telefónica ou presencial. En particular, a Oficina deberá orientar as persoas interesadas sobre os títulos habilitantes necesarios para levar a cabo un proxecto ou a súa modificación, a tramitación pertinente e a posible obtención de axudas públicas.

d) Analizar se unha iniciativa é susceptible de ser cualificada como proxecto industrial estratégico ou iniciativa empresarial prioritaria, así como propor a devandita cualificación á persoa titular da consellaría con competencias en materia de economía e empresa.

e) Impulsar a tramitación dos proxectos industriais estratégicos e das iniciativas empresariais prioritarias mediante a consulta a outros órganos ou entidades, da mesma ou doutra administración, así como a través da proposta ou requerimento de actuación ou de realización de trámites aos correspondentes departamentos do sector público autonómico de Galicia.

f) Elaborar o plan de seguimiento de execución de proxectos industriais estratégicos e iniciativas empresariais prioritarias e efectuar os controis pertinentes.

g) Analizar, por petición da persoa interesada ou por iniciativa propia, as actividades económicas en curso que sexan estratégicas para a Comunidade Autónoma de Galicia e estean en situación de risco de continuidade, elevando un informe de valoración da situación e das alternativas á persoa titular da consellaría con competencias en materia de economía e empresa e realizando o seguimiento destas actividades, con atención especial ás actuacións administrativas propostas.



h) Elaborar un informe anual de actividade en relación coa avaliación e tramitación dos proxectos estratéxicos e das iniciativas empresariais prioritarias, que será publicado na páxina web da consellaría competente en economía e empresa.

i) Realizar outras actuacións que permitan impulsar, aprobar e manter proxectos estratéxicos para a Comunidade Autónoma de Galicia.

j) Coordinar a rede de oficinas de apoio á empresa para as restantes iniciativas empresariais previstas nesta lei.

2. En relación coa unidade de mercado, a Oficina Doing Business Galicia levará a cabo a análise e tramitación en relación coas propostas relativas á unidade de mercado, dando soporte á Secretaría Xeral Técnica da que depende.

Artigo 18. *Dirección e dotación de medios*

1. Á fronte do funcionamento operativo da Oficina Doing Business Galicia estará un órganio con nivel de subdirección xeral, ou equivalente, para impulsar as funcións relativas aos proxectos industriais estratéxicos e ás iniciativas empresariais prioritarias.

2. A Oficina Doing Business Galicia deberá dotarse dos medios persoais suficientes e especializados na tramitación dos proxectos industriais estratéxicos e das iniciativas empresariais prioritarias, no apoio ás iniciativas empresariais con carácter xeral, na obtención dos fondos europeos e na atención ao investimento estranxeiro.

CAPÍTULO III **Sistema de acompañamiento individualizado**

Artigo 19. *Rede de oficinas de apoio á empresa*

1. A función de acompañamiento ás persoas empresariais para a posta en marcha das iniciativas empresariais desenvolverase a través das oficinas de apoio á empresa. Cando as persoas empresariais teñan a condición de persoas emprendedoras, o acompañamiento individualizado poderá ser prestado pola Unidade Galicia Emprende co alcance previsto no artigo 8 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

2. A rede de oficinas de apoio á empresa poderá ser obxecto de modificación por parte da consellaría con competencias en materia de economía e empresa en función das necesidades que se detecten e figurará permanentemente actualizada no Sistema de atención ao investimento.

Así mesmo, a función de acompañamiento individualizado poderá exercerse a través doutros servizios territoriais da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais do sector público autonómico que se determinen por razón da súa especialidade material e, en concreto, a través das oficinas agrarias comarcas, no seu respectivo ámbito de actuación, sen prexuízo das funcións de información e acompañamiento para o emprendemento en economía social que corresponden ás entidades que forman parte da Rede Eusumo, segundo o



disposto no Decreto 225/2012, do 15 de novembro, polo que se crea a Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e a economía social e se regula o seu funcionamento.

3. Mediante a subscrición do correspondente convenio poderá estenderse a condición de oficinas de apoio, coas funcións de acompañamento descritas no número 1, ás cámaras de comercio, aos colexios profesionais e ás asociacións empresariais sen ánimo de lucro.

Artigo 20. Unidade de Apoio das Iniciativas Empresariais

1. A consellaría con competencias en materia de economía e empresa creará, dentro da Oficina Doing Business Galicia, unha Unidade de Apoio das Iniciativas Empresariais, que asumirá, entre outras funcións, o apoio no acompañamento individualizado ás persoas empresarias, así como a colaboración nas tarefas de redacción, revisión e actualización dos catálogos do Sistema de atención ao investimento.

2. Da Unidade de Apoio das Iniciativas Empresariais, e para os efectos do exercicio das funcións indicadas no número anterior, dependerá funcionalmente o persoal empregado público que para tal fin designen as consellarías da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as súas entidades con funcións vinculadas á actividade empresarial, sen prexuízo da súa dependencia orgánica da consellaría de orixe.

Artigo 21. Colaboración das distintas consellarías

1. Nas consellarías ou nas entidades con funcións vinculadas á actividade empresarial designaranse as persoas que dependerán funcionalmente da Unidade de Apoio das Iniciativas Empresariais de acordo co expresado no artigo 20 e que tamén asumirán as funcións de contacto para colaborar coa rede de oficinas de apoio á empresa nos aspectos más concretos do ámbito de competencias de cada unha delas.

2. Esta colaboración interna articularase entre a rede de oficinas de apoio á empresa e as persoas que conforman a unidade, de tal modo que as primeiras se encargarán de coordinar a información necesaria das distintas consellarías e de trasladala de modo unificado e directo á persoa solicitante.

Artigo 22. Acompañamento individual na xestión dos proxectos

1. Co obxecto de lograr un impulso efectivo das iniciativas empresariais que poidan optar á declaración de proxectos industriais estratégicos ou iniciativas empresariais prioritarias, a consellaría con competencias en materia de economía e empresa poderá designar ou contratar xestores de proxecto para prestarlle ao suxeito promotor asistencia na tramitación administrativa e acompañamento e orientación no cumprimento dos distintos trámites.

2. Os labores de asistencia, acompañamento e orientación previstos neste artigo poderán realizarse mediante a formalización dos oportunos convenios de colaboración ou dos contratos con entidades alleas á Administración.



TÍTULO III

Simplificación e racionalización de trámites e procedementos administrativos

CAPÍTULO I

Simplificación da tramitación administrativa autonómica

Sección 1º. Simplificación da tramitación dos informes sectoriais necesarios para a implantación das iniciativas empresariais

Artigo 23. Informes sectoriais emitidos polos órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma e polas entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia

1. Con carácter xeral, a implantación dunha iniciativa empresarial poderá exixir, en función das afeccións que deriven da súa implantación física no territorio, cando así o estableza a normativa sectorial vixente, a emisión con carácter preceptivo dun ou varios dos seguintes informes:

- a) O informe do órgano competente en materia de urbanismo.
- b) O informe do órgano competente en materia de conservación do patrimonio natural, nos supostos de afección a este.
- c) O informe do órgano competente en materia de patrimonio cultural, nos supostos de afección a bens integrantes deste e, en particular, no caso de afección aos bens declarados de interese cultural ou catalogados, aos seus contornos de protección e, nos supostos preceptivos, á súa zona de amortecemento, ou aos territorios delimitados dos Camiños de Santiago.
- d) O informe do órgano competente en materia de planificación hidrolóxica e de dominio público hidráulico, nos supostos de existencia e afección a algún recurso hidrolóxico ou ao dominio público hidráulico, incluídas as verteduras.
- e) O informe do órgano competente en materia de paisaxe, nos supostos de posible afección á paisaxe.
- f) O informe do órgano competente en materia de saúde pública, nos supostos dunha posible afección significativa ás condicións de saúde da cidadanía.
- g) O informe dos órganos competentes en materia de prevención e xestión de riscos derivados de accidentes graves ou catástrofes, nos supostos dunha posible afección á seguridade da cidadanía, incluídos os derivados de contaminación mariña.
- h) O informe do órgano competente en materia de turismo, cando a implantación da iniciativa empresarial poida afectar de modo significativo o valor turístico do territorio afectado.
- i) O informe do órgano competente en materia de infraestruturas ou obras públicas, cando a implantación da iniciativa empresarial afecte as infraestruturas de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia.



j) O informe do órgano competente en materia de montes, no suposto de afección aos montes catalogados de utilidade pública e terreos forestais incluídos na normativa sectorial reguladora.

k) O informe do órgano competente en materia de pesca, acuicultura e marisqueo, cando a implantación da iniciativa empresarial afecte estes recursos.

l) O informe do órgano competente en materia de protección e defensa contra os incendios forestais, cando o proxecto poida ter incidencia neste eido.

m) O informe do órgano competente en materia de desenvolvemento rural, cando o proxecto poida ter incidencia nos instrumentos de planificación, mobilización e recuperación de terras agroforestais.

n) Aqueloutros informes que, en función das características da iniciativa, resulten preceptivos en virtude da normativa aplicable.

2. Os informes dos órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma e das entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia con competencia sectorial na protección e defensa do territorio, e dos intereses, bens e elementos configuradores deste que deban ser protegidos, así como os que teñan por finalidade velar pola saúde e protección das persoas, teñen carácter preceptivo e vinculante, cando así o estableza a normativa sectorial aplicable, en calquera procedemento que poida afectar a implantación das iniciativas empresariais no territorio.

Artigo 24. Prazo de emisión e efectos da falta de emisión en prazo

1. Os informes sinalados no artigo anterior terán un prazo de emisión de tres meses, agás que unha disposición legal determine un prazo inferior.

Transcorrido o devandito prazo sen que fosen emitidos ou sen resolución expresa, terán a consideración de favorables á implantación da iniciativa empresarial, salvo nos supostos en que a normativa estatal que resulte de aplicación determine outra solución.

2. Cando o órgano sectorial que deba emitir o informe aprecie dificultades para cumplir o prazo establecido, poderá realizar un encargo para a realización dun estudio a medios propios ou a entidades sen ánimo de lucro con capacidade para pronunciarse na materia respectiva, ou, na falta dos anteriores e motivadamente, a outras persoas expertas na materia. O estudio realizado poderá ser tido en conta para a elaboración do informe do órgano sectorial. A entidade ou contratista que o elaboren serán responsables da calidad técnica dos traballos que desenvolvan e das prestacións e servizos realizados, así como das consecuencias que se deduzan para a Administración ou para terceiras persoas das omisións, errores, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na elaboración do estudio, de acordo, en particular, co establecido pola normativa contractual aplicable, no caso de acudirse, para a realización do estudio, a un contrato.

Artigo 25. Medidas de axilización procedemental

1. Cando no procedemento de autorización ou declaración dunha iniciativa empresarial sexa preciso solicitar varios informes, o órgano competente para ditar a resolución final solicitará a emisión de todos os informes que resulten preceptivos de modo simultáneo.

No caso en que un mesmo órgano sectorial autonómico deba emitir informe para varios efectos, dentro do trámite ambiental, o trámite urbanístico e o trámite da autorización substantiva, emitirá un único informe que abarque os distintos aspectos sobre que deba pronunciarse, salvo nos supostos en que existan modificacións substanciais na documentación achegada que se exixa para cada ámbito.

2. Os informes que deban emitirse non terán carácter sucesivo, de tal forma que a emisión dun informe non estará condicionada pola expedición previa do informe doutro órgano sectorial. O órgano informante pronunciarase exclusivamente respecto do ámbito sectorial en que resulta competente.

3. Naqueles supostos en que o órgano sectorial consultado requira para o seu pronunciamento someter o plan ou o proxecto en que se materializa a iniciativa empresarial á consideración dos seus órganos asesores ou consultivos, o órgano sectorial deberá garantir a axilidade destas consultas, de xeito que poida emitir o seu informe no prazo establecido no artigo anterior.

Artigo 26. Informes sectoriais emitidos polos órganos da Administración do Estado

Cando nun procedemento de autorización de competencia da Administración xeral da Comunidade Autónoma e das entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia sexa preceptiva a emisión do informe dun órgano da Administración do Estado, o órgano substantivo autonómico que deba ditar a resolución final solicitará directamente do centro directivo, organismo ou entidade estatal a emisión do correspondente informe.

Transcorrido o prazo máximo de emisión sen pronunciamento expreso do informante, o órgano substantivo porá en coñecemento da Delegación do Goberno en Galicia esta circunstancia e os efectos económicos derivados da ausencia ou demora na emisión do informe, e informará desta circunstancia ao suxeito promotor.

Sección 2ª. Tramitación conxunta e conservación dos trámites

Artigo 27. Tramitación conxunta dos distintos procedementos relativos a unha mesma iniciativa empresarial

1. A Administración autonómica, no exercicio das súas competencias, promoverá o establecemento de procedementos para garantir que os actos de control que afecten a implantación de iniciativas empresariais se integren nun procedemento único e ante unha única instancia. Para tal efecto, regularase o procedemento e determinarase o órgano autonómico competente ante o cal se realizarán os trámites e que, de ser o caso, o resolverá. Estes procedementos coordinarán todos os trámites administrativos necesarios para a implantación das ditas iniciativas empresariais con base nun proxecto único.

Estes procedementos basearanse nos principios de liberdade de establecemento, voluntariedade para a persoa interesada, portelo único, respecto ás competencias das administracións intervenientes, cooperación interadministrativa, proporcionalidade das actuacións e simplicidade de cargas administrativas.

2. No caso de que o suxeito promotor da iniciativa empresarial optar pola tramitación conxunta prevista neste artigo deberá presentar, de acordo co que dispoña a normativa reguladora do procedemento:

a) A documentación que acredeite o cumprimento dos requisitos establecidos na normativa reguladora dos actos de control integrados no procedemento.

b) De resultar preciso, o documento ambiental necesario para a avaliación ambiental do proxecto, segundo o establecido na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, ou norma básica estatal que a substitúa.

c) De ser o caso, a documentación necesaria para a aprobación do proxecto sectorial.

d) A relación dos bens e dereitos afectados, no caso de solicitarse a declaración de utilidade pública da instalación.

3. O órgano responsable da tramitación, no caso de ser necesaria, someterá a información pública, de forma simultánea, o proxecto de execución, o estudio de impacto ambiental no caso de avaliación ambiental ordinaria e o proxecto sectorial, mediante a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* e, de ser o caso, no Portal de transparencia e goberno aberto.

Caso de se solicitar a declaración de utilidade pública, realizarase de forma simultánea o trámite de información pública mediante a publicación nun dos xornais de maior circulación de cada unha das provincias afectadas.

4. O órgano responsable da tramitación realizará de modo simultáneo a petición de todos os informes ás administracións e aos órganos sectoriais afectados, tanto os exixidos pola norma reguladora da autorización sectorial como os exixidos para os efectos da tramitación ambiental e urbanística.

5. Exceptúanse da aplicación do disposto neste artigo os proxectos de instalación enerxética, que se rexerán polo establecido no capítulo III.

Artigo 28. Incorporación de informes

1. Nos supostos en que os suxeitos promotores non optaren pola tramitación conxunta prevista no artigo anterior, os pronunciamentos contidos nos informes sectoriais emitidos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia manteranse, e estes informes incorporaranse aos sucesivos trámites de competencia autonómica, sempre que se manteñan as circunstancias que motivaron tales pronunciamentos, polo que non será necesario emitilos novamente, sempre que o órgano sectorial comprobe esta circunstancia e así llo indique ao órgano solicitante.

2. Naqueles supostos en que a implantación dunha iniciativa empresarial requira un título habilitante de competencia municipal vinculado á obtención previa dun pronunciamento sectorial de competencia da Administración xeral da Comunidade Autónoma e das entidades instrumentais do



sector público autonómico de Galicia, os pronunciamentos contidos nos informes sectoriais recordados no procedemento de autorización administrativa autonómica previa manteranse, e estes informes incorporaranse ao procedemento, polo que non será necesario emitilos novamente, sempre que o órgano sectorial comprobe esta circunstancia e así llo indique ao órgano solicitante.

CAPÍTULO II

Racionalización dos procedementos de avaliación ambiental

Sección 1ª. Disposicións xerais

Artigo 29. Uso de medios electrónicos

1. As persoas físicas que actúen como suxeitos promotores de plans, programas ou proxectos sometidos a avaliación ambiental están obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos cos órganos administrativos que interveñen nos devanditos procedementos e a presentar por medios electrónicos todos os documentos relativos a eles, ao entenderse que a elaboración dun plan, programa ou proxecto que deba someterse a avaliación ambiental presupón unha capacidade económica, técnica ou dedicación profesional que acredita o acceso e a dispoñibilidade dos medios técnicos necesarios.

2. Toda a información que se poña á disposición das persoas interesadas ou do público en xeral nos procedementos de avaliación ambiental será accesible en formato electrónico.

3. En todos os procedementos de avaliación ambiental, as persoas que teñan a condición de interesadas poderán facer efectivo o seu dereito a coñecer en calquera momento o estado de tramitación a través dun sistema informático de xestión do procedemento.

Artigo 30. Cualificación técnica do órgano ambiental

1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, consonte o establecido no artigo 9.5 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, garantirá que o seu órgano ambiental dispoña de coñecementos para examinar os estudos e documentos ambientais estratéxicos e os estudos e documentos de impacto ambiental, sen prexuízo da posibilidade de solicitar informes a organismos científicos, académicos ou outros que posúan os coñecementos precisos en calquera dos procedementos de avaliación ambiental, nos casos en que o estime necesario.

2. Por orde da persoa titular da consellaría con competencias en materia de medio ambiente, crearáse un banco de persoas expertas, que terá carácter público, no que figurarán os organismos e persoas aos que o órgano ambiental poderá solicitar os informes de carácter científico ou técnico nos procedementos de avaliación ambiental.

Artigo 31. Relación entre a avaliación ambiental estratégica e a avaliación de impacto ambiental

1. A avaliación ambiental estratégica dun plan ou programa, consonte o establecido no artigo 13.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, non exclúe a avaliación de impacto ambiental dos proxectos que del deriven. A avaliación destes últimos terá en conta a avaliación ambiental estratégica do



plan ou programa de que deriven e analizará únicamente os aspectos propios do proxecto que non fosen considerados naquela, sempre que a declaración ambiental estratéxica ou, de ser o caso, o informe ambiental estratéxico estea vixente.

2. O órgano ambiental, conforme o artigo 13 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, poderá acordar motivadamente, na procura do principio de eficacia, a incorporación de trámites e de actos administrativos do procedemento de avaliación ambiental estratéxico noutros procedementos de avaliación ambiental, sempre e cando non transcorrese o prazo establecido no plan ou programa e non se producisen alteracións das circunstancias tidas en conta na avaliación ambiental estratéxica.

3. A tramitación do procedemento de avaliación ambiental estratéxica dun plan ou programa e dos procedementos de avaliación de impacto ambiental dos proxectos que del deriven poderá levarse a cabo simultaneamente, mais o primeiro deberá resolverse en todo caso antes dos segundos para ser tido en conta na resolución destes últimos.

En particular, na implantación de iniciativas ou proxectos empresariais, cando así o solicitase o suxeito promotor, tramitaranse conjuntamente os procedementos de avaliación ambiental estratéxica do plan, programa ou instrumento de planeamento urbanístico que eventualmente sexa preciso e de avaliación de impacto ambiental do proxecto de urbanización que o execute e, de ser o caso, do proxecto construtivo da instalación que acolla a actividade. Os informes sectoriais que se soliciten pronunciaranse sobre todos os aspectos, tanto da avaliación ambiental estratéxica como da avaliación de impacto ambiental.

Artigo 32. Trámites de información pública e de consultas ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas

1. O órgano substantivo garantirá que os trámites de información pública e de consultas ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas do procedemento de avaliación ambiental se realicen de modo simultáneo aos trámites análogos que, de ser o caso, deban practicarse no procedemento substantivo de adopción, aprobación ou autorización do plan, programa ou proxecto.

2. O trámite de información pública anunciarase no *Diario Oficial de Galicia* e no portal de Internet do órgano substantivo. Os anuncios enviaranse dentro dos dez días seguintes á recepción da documentación completa no rexistro do órgano substantivo, salvo que a normativa do procedemento substantivo de adopción, aprobación ou autorización do plan, programa ou proxecto estableza outra cousa.

Dentro do mesmo prazo de dez días hábiles efectuaranse as consultas ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas.

Nas consultas ás administracións públicas afectadas en que se lles solicite informe indicarase expresamente a posibilidade de requirir, dentro do prazo para emitir aquel, a emenda da documentación presentada polo suxeito promotor.

3. A remisión ao suxeito promotor dos informes e das alegacións recibidas nos trámites de información pública e consultas realizarase dentro dos dez días hábiles seguintes á finalización destes.



4. Unha vez realizadas as consultas ás administracións públicas e ás persoas interesadas previstas nos artigos 22, 30, 37 e 46 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, e de conformidade co previsto na devandita lei, aquelas só poderán ser consultadas de novo nos seguintes supostos:

a) Nos casos de incorporación no plan, programa ou proxecto, ou no estudo ambiental estratéxico ou estudo de impacto ambiental, de modificacións que supoñan efectos ambientais significativos distintos dos previstos orixinalmente.

b) Cando o órgano ambiental, no trámite de análise técnica do expediente, considere que as consultas non se fixeron de acordo co establecido na Lei 21/2013, do 9 de decembro.

Sen prexuízo do disposto nas dúas letras anteriores, realizaranse en todo caso novas consultas cando proceda a modificación da declaración ambiental estratéxica conforme o previsto no artigo 28 da Lei 21/2013, do 9 de decembro.

5. Conforme o establecido no artigo 37.5 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, o órgano substantivo porá á disposición das administracións públicas afectadas e das persoas interesadas, e na correspondente sede electrónica, aquela información que só poida obterse unha vez expirado o período de información pública e que resulte relevante para os efectos da execución do proxecto de que se trate, sen que en ningún caso a dita posta á disposición dea lugar á reiteración do trámite de información ou consulta pública.

Artigo 33. Finalización da avaliación ambiental sen pronunciamento ambiental

1. Se en calquera momento da tramitación do procedemento de avaliação ambiental o órgano ambiental chegar á conclusión de que o plan, programa ou proxecto non entra no ámbito de aplicación da Lei 21/2013, do 9 de decembro, ou norma básica estatal que a substitúa, dará por finalizada a avaliação ambiental e ditará resolución de terminación do procedemento sen pronunciamento ambiental, o que comportará o arquivamento das actuacións de avaliação ambiental.

2. A resolución, na que se fará constar expresamente a circunstancia que a motiva, notificaráselle ao suxeito promotor. Así mesmo, comunicáráselle ao órgano substantivo, e habilitarase este para a adopción, aprobación ou autorización do plan, programa ou proxecto, ou, de ser o caso, o suxeito promotor para a presentación da correspondente declaración responsable ou comunicación, sen necesidade de seguir os trámites previstos na Lei 21/2013, do 9 de decembro, ou norma básica estatal que a substitúa, e sen prexuízo da eventual obriga de someter a actividade á avaliação de incidencia ambiental.

Artigo 34. Finalización da avaliación ambiental por inviabilidade ambiental do plan, programa ou proxecto

1. Se en calquera momento do procedemento de avaliação ambiental o órgano ambiental chegar á conclusión de que o plan, programa ou proxecto é inviable por razóns ambientais, dará por finalizada a avaliação ambiental, logo de dar audiencia ao suxeito promotor e ao órgano substantivo por dez días hábiles, e ditará resolución de terminación do procedemento por inviabilidade ambiental, o que comportará o arquivamento das actuacións de avaliação ambiental.

2. A resolución notificaráselle ao suxeito promotor, coa súa motivación e coa indicación dos recursos administrativos e xudiciais que procedan contra ela. Así mesmo, comunicaráselle ao órgano substantivo, e terá carácter vinculante para o efecto de impedir a adopción, aprobación ou autorización do plan, programa ou proxecto declarado inviable por razóns ambientais ou, de ser o caso, para impedir a eficacia de calquera declaración responsable ou comunicación que se presente en relación con aquel.

Sección 2ª. Avaliación ambiental estratéxica de plans e programas

Artigo 35. Particularidades dos procedementos de avaliación ambiental estratéxica no ámbito competencial da Comunidade Autónoma de Galicia

1. No procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria teranse en conta as seguintes particularidades:

a) Para a realización de consultas ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas e para a elaboración do documento de alcance, o órgano ambiental disporá dun prazo máximo de dous meses desde a recepción da solicitude de inicio da avaliación ambiental estratéxica ordinaria acompañada do borrador do plan ou programa e do documento inicial estratéxico.

b) Para a elaboración do estudo ambiental estratéxico e para a realización da información pública e das consultas, desde a notificación ao promotor do documento de alcance, non resultrá aplicable o prazo de quince meses previsto no artigo 17.3 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, ou norma básica que a substitúa, podendo remitirse ao órgano ambiental o expediente completo de avaliación ambiental estratéxica para a formulación da declaración ambiental estratéxica, sempre que non transcorresen máis de tres anos desde a notificación ao promotor do documento de alcance ou o prazo que se poida establecer por lei para determinados plans ou programas.

c) Para a análise técnica do expediente e a formulación da declaración ambiental estratéxica, o órgano ambiental disporá dun prazo de tres meses desde a recepción do expediente completo, prorrogable por un mes máis por razóns xustificadas, debidamente motivadas, e comunicadas ao suxeito promotor e ao órgano substantivo.

O prazo previsto nesta letra reducirase a un mes cando o estudo ambiental estratéxico estea verificado por unha entidade de colaboración ambiental.

d) A declaración ambiental estratéxica perderá a súa vixencia e cesará na produción dos seus efectos se non se aproba o plan ou programa no prazo máximo de catro anos desde a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

En todo caso, o órgano ambiental poderá acordar unha prórroga da vixencia da dita declaración ambiental estratéxica por outro prazo máximo de dous anos, seguindo o procedemento recollido nos números 3 e 4 do artigo 27 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, ou norma básica estatal que a substitúa, e o prazo de caducidade sinalado no parágrafo anterior quedará suspendido ata que se resolva a tramitación da prórroga solicitada.



2. No procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada teranse en conta as seguintes particularidades:

a) O órgano ambiental poderá resolver a inadmisión da solicitude de inicio, ademais de nos supostos previstos na Lei 21/2013, do 9 de decembro, ou norma básica estatal que a substitúa, cando considere que se debe tramitar un procedemento de avaliación estratéxica ordinaria por despenderse de xeito inequívoco do contido da solicitude.

b) O prazo para formular o informe ambiental estratéxico é de tres meses desde a recepción da solicitude de inicio e da documentación completa que se deba xuntar.

c) O informe ambiental estratéxico perderá a súa vixencia e cesará na produción dos seus efectos se non se aproba o plan ou programa no prazo máximo de seis anos desde a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

En todo caso, o órgano ambiental poderá acordar unha prórroga da vixencia do dito informe ambiental estratéxico por outro prazo máximo de dous anos, tras solicitude formulada polo promotor antes do transcurso do prazo sinalado de seis anos, e o prazo de caducidade sinalado no parágrafo anterior quedará suspendido ata que se resolva a tramitación da prórroga solicitada, que deberá resolverse no prazo de dous meses desde a presentación da solicitude. A falta de resolución sobre a devandita solicitude terá efectos estimatorios.

Nos supostos en que perda vixencia o informe ambiental estratéxico, ben polo transcurso do prazo inicial ou da prórroga, o promotor deberá iniciar novamente o procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada do plan ou programa.

3. Nos procedementos de avaliación ambiental estratéxica ordinaria e simplificada a que se refiren os números 1 e 2, o prazo para a realización dos trámites de consultas ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas será de trinta días hábiles.

4. A publicación no *Diario Oficial de Galicia* da declaración ambiental estratéxica, do informe de impacto ambiental e do plan ou programa aprobado realizarase nos dez días hábiles seguintes á súa formulación ou aprobación.

5. No procedemento de modificación da declaración ambiental estratéxica o prazo de consultas ao promotor, ao órgano substantivo e ás administracións públicas afectadas e persoas interesadas previamente consultadas será de trinta días hábiles para formular alegacións e achegar cantos documentos coiden precisos. A resolución sobre a modificación da declaración ambiental estratéxica adoptarase nun prazo de dous meses contados desde o inicio do procedemento.

Sección 3ª. Avaliación de impacto ambiental de proxectos

Artigo 36. Proxectos sometidos a declaración responsable ou comunicación

1. Cando corresponda á Administración ambiental de Galicia formular a declaración de impacto ambiental ou emitir o informe de impacto ambiental dun proxecto que deba ser obxecto de decla-

ración responsable ou comunicación, previstas no artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as funcións atribuídas ao órgano substantivo deberá realizaras o órgano competente para a recepción da declaración responsable ou comunicación e para o exercicio das correspondentes facultades de comprobación, control e inspección.

2. De conformidade co disposto no número 4 da disposición adicional primeira da Lei 21/2013, do 9 de decembro, nos casos previstos neste artigo, contra a declaración de impacto ambiental e o informe de impacto ambiental poderanse interpor os recursos que, de ser o caso, procedan en vía administrativa ou xudicial.

Artigo 37. *Informes preceptivos*

1. Ademais dos informes previstos na lexislación básica estatal, para os efectos da avaliación de impacto ambiental, no trámite de consulta ás administracións públicas afectadas, o órgano substantivo solicitará informe aos órganos competentes en materia de patrimonio natural, patrimonio cultural, urbanismo, pesca marítima, turismo, medio rural, montes, protección e defensa contra incendios forestais, meteoroloxía e cambio climático, residuos, protección da paisaxe, comercio e consumo, infraestruturas, enerxía e minas e seguridade aérea, cando entenda que, polo seu alcance, o proxecto poida influír nas devanditas afeccións.

2. O órgano substantivo emitirá informe técnico sobre o proxecto sometido a avaliación de impacto ambiental, que xuntará ao expediente desta antes da súa remisión ao órgano ambiental.

Artigo 38. *Particularidades dos procedementos de avaliación de impacto ambiental no ámbito competencial da Comunidade Autónoma de Galicia*

1. No procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria aplicaranse os seguintes prazos:

a) Para a realización das actuacións previas de consultas e para a elaboración do documento de alcance, dous meses, contados desde a recepción da solicitude do documento de alcance.

b) Para se pronunciaren as administracións públicas afectadas e as persoas interesadas consultadas sobre o documento de alcance do estudo de impacto ambiental, vinte días hábiles desde a recepción da documentación.

c) Para a elaboración do estudo de impacto ambiental, seis meses desde a comunicación ao suxeito promotor do documento de alcance. Este prazo poderá ser prorrogado ata un máximo total dun ano por solicitude razoada do suxeito promotor.

d) Para someter o proxecto e o estudo de impacto ambiental a información pública e para que as administracións públicas emitan os seus informes e as persoas interesadas formulen as súas alegacións, trinta días hábiles

e) Para a revisión documental por parte do órgano substantivo do expediente de avaliación de impacto ambiental antes de remitilo ao órgano ambiental, dez días hábiles desde a súa recepción.



f) Para a remisión por parte do órgano substantivo da solicitude de avaliación de impacto ambiental ordinaria e dos documentos que a deben acompañar ao órgano ambiental, dez días hábiles desde a finalización da revisión documental daquel e, de ser o caso, a emenda das deficiencias que puider presentar.

g) Para requirir o titular do órgano xerarquicamente superior daquel que non entregase os informes solicitados ou cando o seu contido siga a ser insuficiente, dous meses tras o requerimento feito polo órgano ambiental ao órgano substantivo, consonte o disposto no artigo 40.2 da Lei 21/2013, do 9 de decembro.

h) Para que o órgano ambiental resolva, de ser o caso, a inadmisión da solicitude de iniciación da avaliación de impacto ambiental ordinaria, dez días hábiles desde a súa recepción.

i) Para a análise técnica do expediente e a formulación da declaración de impacto ambiental, tres meses, contados desde a recepción completa do expediente de avaliación de impacto ambiental, prorrogables por un mes adicional debido a razóns xustificadas e debidamente motivadas.

Entenderase que a recepción completa do expediente de avaliación de impacto ambiental se produce no momento en que se reciben no rexistro do órgano ambiental os documentos que constitúen o contido mínimo daquel de acordo co artigo 39.1 e 39.2 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, ou norma básica estatal que a substitúa.

O prazo previsto nesta alínea reducirase a un mes cando o estudio de impacto ambiental estea verificado por unha entidade de colaboración ambiental.

j) Para publicar no *Diario Oficial de Galicia* a declaración de impacto ambiental ou a resolución de autorización ou denegación do proxecto, dez días hábiles desde a súa formulación.

2. No procedemento de avaliación de impacto ambiental simplificada teranse en conta as seguintes particularidades:

a) O órgano ambiental poderá resolver a inadmisión da solicitude de inicio, ademais de nos supostos previstos na Lei 21/2013, do 9 de decembro, ou norma básica estatal que a substitúa, cando estime que se debe tramitar un procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria por desprenderse de xeito inequívoco do contido da solicitude.

b) As administracións públicas afectadas e as persoas interesadas consultadas deberán pronunciarse no prazo máximo de vinte días hábiles desde a recepción da solicitude de informe.

c) O prazo para formular o informe de impacto ambiental é de tres meses, contados desde a recepción da solicitude de inicio e da documentación completa que a deba acompañar.

d) O prazo para publicar no *Diario Oficial de Galicia* o informe de impacto ambiental e a resolución de autorización ou denegación do proxecto é de dez días hábiles contados desde a súa formulación.



3. Os documentos ambientais que acompañen as solicitudes de inicio das avaliaciós de impacto ambiental simplificadas publicaranse durante o trámite de consultas na sede electrónica do órgano ambiental.

Sección 4ª. Avaliación de impacto ambiental simplificada dos proxectos que poidan afectar espazos protexidos Rede Natura 2000 competencia da Comunidade Autónoma de Galicia

Artigo 39. Actuacións previas

1. Os proxectos que poidan afectar de xeito apreciable os espazos protexidos Rede Natura 2000 competencia da Comunidade Autónoma de Galicia e que, conforme o disposto no artigo 7.2 b) da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, sexan susceptibles de ser sometidos á avaliación de impacto ambiental simplificada unicamente por esta afección, requirirán dun informe previo que determine se o proxecto ten relación directa coa xestión do espazo protexido Rede Natura 2000 competencia da Comunidade Autónoma de Galicia ou é necesario para esta xestión, e que tamén avalíe se afecta de xeito apreciable as especies ou os hábitats obxecto de conservación nos devanditos espazos.

2. O informe previsto neste artigo será solicitado polo suxeito promotor do proxecto ou, se non o fixer, polo órgano substantivo, e o órgano competente para emitilo será o órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia competente en materia de conservación do patrimonio natural.

Para a elaboración do informe, o órgano competente terá en conta o disposto no Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia e, de ser o caso, no plan de xestión do espazo. Ademais, poderá solicitar informes complementarios a organismos científicos, académicos ou outros que posúan os coñecementos necesarios.

3. O informe conterá de forma motivada unha das seguintes determinacións:

a) Que o proxecto pode afectar de forma apreciable as especies ou hábitats dun espazo protexido Rede Natura 2000 competencia da Comunidade Autónoma de Galicia e que, por tanto, deberá ser sometido a unha avaliación de impacto ambiental simplificada. Neste caso, o informe emitido fundamentarase na información detallada, actualizada e real ou na súa comprobación sobre o terreo e incluirá unha avaliación adecuada das repercusiós do proxecto sobre o espazo protexido.

b) Que o proxecto non afecta de forma apreciable as especies ou os hábitats dun espazo protexido Rede Natura 2000 competencia da Comunidade Autónoma de Galicia e que, por tanto, non resultará necesaria a tramitación da avaliación de impacto ambiental simplificada. Neste caso o informe incluirá as medidas preventivas e correctoras que, de seren adoptadas polo suxeito promotor, permitirán considerar que o proxecto non afectará de forma apreciable o devandito espazo. Cando estes proxectos se desenvolvan nun espazo protexido Rede Natura 2000 competencia da Comunidade Autónoma de Galicia serán autorizados polo órgano competente en materia de conservación do patrimonio natural.



4. O informe emitirase no prazo máximo de dous meses. De non ser emitido nese prazo, entenderase que o proxecto causa efectos apreciables sobre o espazo protexido Rede Natura 2000 competencia da Comunidade Autónoma de Galicia de que se trate e someterase a unha avaliación de impacto ambiental simplificada.

Artigo 40. Avaliación de impacto ambiental simplificada dos proxectos que causan efectos apreciables sobre espazos protexidos Rede Natura 2000 competencia da Comunidade Autónoma de Galicia

1. Cando deba tramitarse a avaliación de impacto ambiental simplificada dun proxecto por causar efectos apreciables sobre un espazo protexido Rede Natura 2000 competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, o documento ambiental que elabore o suxeito promotor incluirá un apartado específico no que se analicen as repercuśóns sobre as especies ou hábitats obxecto de conservación no espazo protexido afectado e se detallen as medidas preventivas, compensatorias e correctoras adecuadas para o seu manteremento nun estado de conservación favorable, así como un esquema de seguimento ambiental.

2. O órgano ambiental consultará co órgano competente en materia de conservación do patrimonio natural para que, no prazo máximo de trinta días hábiles, contado desde a recepción da solicitude, emita un informe que conterá motivadamente unha das seguintes determinacións:

a) Que o proxecto non afectará de xeito apreciable as especies ou hábitats dos espazos protexidos Rede Natura 2000 competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, sen necesidade de fixar medidas preventivas, correctoras ou compensatorias específicas para a súa execución.

b) Que o proxecto non afectará de xeito apreciable as especies ou hábitats dos espazos protexidos Rede Natura 2000 competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, sempre e cando se cumpran determinadas medidas preventivas, correctoras ou compensatorias específicas para a súa execución. Estas medidas recolleranse expresamente no informe.

c) Que o proxecto afectará de xeito apreciable as especies ou hábitats dos espazos protexidos Rede Natura 2000 competencia da Comunidade Autónoma de Galicia. Neste caso o informe concluirá se o proxecto pode redefinirse para os efectos de ser sometido á avaliación de impacto ambiental ordinaria ou se non resulta viable pola devandita afección.

Sección 5º. Entidades de colaboración ambiental

Artigo 41. Entidades de colaboración ambiental

1. Son entidades de colaboración ambiental as entidades dotadas de personalidade xurídica e plena capacidade de obrar que, unha vez cumplidos os requisitos que se prevén neste artigo, desenvolven no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia as seguintes actuacións, na forma que se determine regulamentariamente:

a) Verificación da conformidade coa normativa aplicable dos plans, programas e proxectos que se vaian someter á avaliación ambiental.

b) Colaboración na tramitación dos procedementos de avaliación ambiental, en particular na realización dos trámites de información pública e consultas e na análise técnica dos expedientes.

c) Colaboración no seguimento dos pronunciamentos ambientais.

d) Colaboración nas funcións de inspección ambiental.

2. Nas súas actuacións, as entidades de colaboración ambiental poderán emitir certificados, actas, informes e ditames, que poderán ser assumidos pola administración pública competente sen prexuízo das súas competencias. A actuación destas entidades non poderá substituír as potestades públicas de inspección, comprobación, control e sanción.

3. O exercicio da actividade das entidades de colaboración ambiental no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia estará suxeito á presentación dunha comunicación previa ante a consellería competente en materia de medio ambiente, que deberá cumplir os requisitos que se determinen regulamentariamente, que garantirán que estas entidades dispoñan dos medios e da cualificación técnica necesaria, así como a cobertura da responsabilidade a que poida dar lugar a súa actuación mediante a subscrición do correspondente contrato de seguro ou garantía equivalente, na contía que se estableza, que deberá ser proporcionada á natureza e alcance dos riscos cubertos. A presentación da comunicación previa comportará a inscrición de oficio da entidade no rexistro administrativo que se cree para estes efectos, na forma que se determine regulamentariamente.

4. A actuación das entidades de colaboración ambiental rexerase polos principios de imparcialidade, confidencialidade e independencia. Regulamentariamente establecerase o réxime de obligas, prohibicións e incompatibilidades, así como o control e inspección a que estarán sometidas para garantir o respecto dos devanditos principios.

5. As entidades de colaboración ambiental serán as únicas responsables fronte ás administracións públicas das súas actuacións, que substituirán a responsabilidade das demais persoas interesadas.

Artigo 42. Promoción do Sistema comunitario de xestión e auditoría ambientais (EMAS)

1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, en colaboración coa Administración xeral do Estado e as entidades locais, promoverá o Sistema comunitario de xestión e auditoría ambientais (EMAS), de acordo co previsto na normativa da Unión Europea e básica estatal de aplicación.

2. O sistema EMAS poderá empregarse como mecanismo de seguimento das declaracíons de impacto ambiental e dos informes de impacto ambiental nos termos que estes documentos establezan, sempre que o suxeito promotor do proxecto así o solicite no procedemento de avaliación de impacto ambiental.



CAPÍTULO III

Procedemento integrado das autorizacións administrativas para as instalacións de producción, distribución e transporte de enerxía eléctrica competencia da Comunidade Autónoma de Galicia

Artigo 43. Obxecto e ámbito de aplicación

1. O presente capítulo ten por obxecto regular determinados aspectos do procedemento administrativo das autorizacións a que se refire o artigo 53 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, ou norma estatal básica que a substitúa, respecto das instalacións de producción, distribución e transporte de enerxía eléctrica competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, coa finalidade de mellorar, simplificar e axilizar a súa tramitación, salvo as reguladas pola lexislación autonómica específica.

2. En todo o demais, as autorizacións das instalacións de producción, transporte e distribución de enerxía eléctrica de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia tramaran de acordo co procedemento establecido no título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, ou norma estatal que o substitúa.

Artigo 44. Tramitación integrada

Os suxeitos promotores dos proxectos de instalacións enerxéticas reguladas no artigo 53 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, ou norma estatal básica que a substitúa, deberán solicitar a tramitación integrada das autorizacións administrativas necesarias para a implantación destas instalacións, así como, se for preciso, o proxecto sectorial.

Artigo 45. Órganos competentes

1. A unidade competente para instruír o procedemento de tramitación integrada previsto no artigo anterior será o órgano territorial da consellaría con competencias en materia de enerxía correspondente á provincia onde se pretenda implantar o proxecto, ou aquela onde teña a súa orixe a infraestrutura, coa excepción das instalacións de producción enerxética a partir de enerxía eólica que se sitúen en máis dunha provincia, en que a unidade instrutora será o centro directivo competente en materia de enerxía.

2. Os órganos competentes para resolver o procedemento serán os indicados no Decreto 9/2017, do 12 de xaneiro, polo que se establecen os órganos competentes para a resolución dos procedementos de autorización de instalacións eléctricas que sexan competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, ou norma que o substitúa.

Artigo 46. Documentación que deberá presentarse coa solicitude

O suxeito promotor presentará coa súa solicitude a seguinte documentación:

a) Para a obtención da autorización administrativa previa e de construcción:

1. A documentación na que se acrediten en concreto os puntos indicados no artigo 53.4 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, ou norma básica estatal que a substitúa.

2. O proxecto de execución, xunto cunha declaración responsable que acredite o cumprimento da normativa de aplicación.

3. A documentación precisa en función das afeccións sectoriais do proxecto.

4. As taxas administrativas correspondentes pola tipoloxía da solicitude.

5. Para os proxectos de xeración eléctrica, o resgardo da garantía económica, previamente constituída, que se indica nos artigos 59 bis e 66 bis do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, ou norma básica estatal que o substitúa.

b) Para os casos en que proceda someter o proxecto á avaliación ambiental:

1. No procedemento de avaliación ambiental ordinaria: o estudo de impacto ambiental, segundo o establecido no artigo 35 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, ou norma básica estatal que a substitúa.

2. No procedemento de avaliación ambiental simplificada: a documentación indicada no artigo 45 da devandita Lei 21/2013, do 9 de decembro, ou norma estatal básica que a substitúa.

c) A documentación necesaria para a aprobación do proxecto sectorial, de ser o caso.

d) A relación dos bens e dereitos afectados, no caso de que se solicite a declaración de utilidade pública da instalación, xunto cunha declaración responsable de non ter acadado acordos coas persoas titulares dos bens e dereitos afectados e na que se xustifique a necesidade da expropiación.

e) Nos casos en que proceda, unha declaración responsable do suxeito promotor na que faga constar que dispón de acordos previos con todas as persoas titulares dos bens e dereitos afectados.

Artigo 47. *Instrucción do procedemento*

1. A unidade responsable da tramitación someterá a información pública, de forma simultánea, o proxecto de execución, o estudo de impacto ambiental no caso de avaliación ambiental ordinaria e, de ser o caso, o proxecto sectorial, mediante a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, así como na páxina web da consellaría competente en materia de enerxía.

No caso de que se solicite a declaración de utilidade pública, realizarase de forma simultánea o trámite de información pública mediante a publicación nun dos xornais de maior circulación de cada unha das provincias afectadas.

Durante o prazo indicado, calquera persoa, entidade ou organismo interesado poderá presentar cantas alegacións estime oportunas ou solicitar o exame do expediente e da documentación té-

nica, ou a parte dela que se acorde. Das alegacións presentadas darase traslado á persoa solicitante, para que esta formule a contestación ao contido daquelas e o comunique á unidade tramitadora no prazo máximo de quince días.

2. De modo simultáneo ao trámite de información pública, a unidade responsable da tramitación realizará o trámite de audiencia e de consultas ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas, e solicitará, cando menos, os informes preceptivos indicados para a avaliación ambiental e de aprobación do proxecto sectorial, dando audiencia aos concellos afectados. Así mesmo, enviaranse de forma simultánea as separatas do proxecto presentado ás distintas administracións, organismos ou empresas do servizo público e de servizos de interese xeral afectados, cos bens e dereitos ao seu cargo, co obxecto de que establezan o condicionado técnico procedente do proxecto de execución.

No caso de avaliación ambiental simplificada, realizaranse os trámites indicados na sección 2^a do capítulo II da Lei 21/2013, de avaliación ambiental, ou norma que a substitúa.

3. Aplicarase o regulado na sección 1^a do capítulo I sobre simplificación da tramitación dos informes sectoriais necesarios para a implantación de iniciativas ou proxectos empresariais, coa única excepción do prazo para a emisión dos condicionados técnicos do proxecto, que se reduce a un mes desde a recepción da solicitude. De non se recibiren estes condicionados en prazo, entenderase a conformidade co proxecto, e continuarase a tramitación do procedemento.

4. A unidade tramitadora enviará á persoa promotora os informes e as alegacións recibidas para a súa conformidade e/ou consideración na redacción do proxecto de execución, do estudio de impacto ambiental e do proxecto sectorial, a fin de que realice as modificacións e adaptacións de cada un destes documentos. A persoa promotora disporá do prazo máximo dun mes para presentar os documentos definitivos adaptados para continuar co procedemento. De non se presentar esta documentación no prazo indicado, entenderase que a persoa promotora desiste da solicitude de autorización administrativa e arquivarase a solicitude sen máis trámites. O arquivamento da solicitude será realizado pola unidade tramitadora, a cal o comunicará ao órgano competente.

5. A unidade tramitadora emitirá ou solicitará, de ser o caso, ao órgano territorial onde se sitúe a instalación o informe relativo á normativa de instalacións industriais e eléctricas. Cando lle corresponda a tramitación do procedemento, o órgano territorial remitirá o expediente completo á dirección xeral competente en materia de enerxía, engadindo ao informe anterior un resumo da tramitación realizada ata ese momento, para que a dirección xeral proceda a ditar a correspondente resolución.

6. A valoración positiva ambiental exible ao proxecto, de acordo co resultado da avaliación realizada de conformidade co establecido na Lei 21/2013, do 9 de decembro, será requisito indispensable para o outorgamento da autorización integrada.

En todo caso, para os proxectos de producción de enerxía eléctrica, así como para os exixidos polo Real decreto 244/2019, do 5 de abril, que regula as instalacións de autoconsumo, deberase acreditar a obtención do permiso de acceso e conexión á rede de transporte ou distribución, segundo corresponda, previamente ao outorgamento da autorización administrativa.

Artigo 48. *Resolución da autorización administrativa integrada e finalización do procedemento*

1. Unha vez realizada a instrución do procedemento indicado no apartado anterior, e no prazo máxmo de dous meses, o órgano competente ditará a resolución a respecto do outorgamento da autorización administrativa integrada, que corresponderá coa autorización administrativa previa e coa autorización administrativa de construcción, reguladas no artigo 53 da Lei 24/2013, do 26 de decembro.

2. Esta resolución publicarase integralmente no *Diario Oficial de Galicia*, e notificarase a todas as terceiras persoas que formulasen alegacións e teñan carácter de interesadas no expediente. A falta de resolución expresa no prazo indicado terá efectos desestimatorios e habilitará a persoa solicitante para interpor os recursos que procedan.

Artigo 49. *Autorización de explotación*

1. Unha vez executado o proxecto, presentarase a correspondente solicitude de autorización de explotación no órgano territorial da consellaría competente en materia de enerxía que tramitase o expediente.

2. Esta solicitude irá acompañada dun certificado de final de obra subscrito por unha técnica ou un técnico facultativo competente no que conste que a instalación foi realizada de acordo coas especificacións contidas na autorización de construcción, así como coas prescricións da regulamentación técnica de aplicación á materia.

3. A autorización de explotación será outorgada polo órgano territorial da consellaría competente en materia de enerxía que tramitase o expediente, no prazo dun mes, logo das comprobacións técnicas que se estimen oportunas.

4. Caso de a instalación afectar máis dunha provincia, solicitarase unha autorización de explotación en cada unha das provincias onde estea situada a instalación.

Artigo 50. *Exención do trámite de información pública*

No procedemento integrado regulado neste capítulo non será necesario o trámite de información pública, sempre que non se solicite a declaración de utilidade pública nin sexa preceptiva a avaliación ambiental ordinaria, segundo a Lei 21/2013, do 9 de decembro, ou norma básica estatal que a substitúa, nos seguintes casos:

a) Solicitudes de autorización administrativa das novas instalacións de distribución ou conexión con xeradores á rede de distribución de enerxía eléctrica cunha tensión igual ou inferior a 30 kV.

b) Solicitudes de autorización administrativa de modificacións de instalacións de distribución ou conexión con xeradores á rede de distribución e/ou transporte de enerxía eléctrica, calquera que sexa a súa tensión.

c) Modificacións das instalacións de producción de enerxía eléctrica que non supoñan un incremento ou redución dun 20 % da potencia nominal autorizada.

d) Instalacións de autoconsumo.

Artigo 51. Redución dos prazos de emisión dos informes nos casos dos proxectos que non estean sometidos a avaliación ambiental

Naqueles proxectos de instalacións enerxéticas que non estean sometidos a avaliación de impacto ambiental, o prazo de emisión dos condicionados técnicos das separatas do proxecto de execución redúcese a trinta días hábiles. De non se recibiren estes condicionados neste prazo, entenderase a conformidade co proxecto, e continuarase a tramitación do procedemento.

Artigo 52. Modificacións dos proxectos en tramitación

1. Nas modificacións dos proxectos en tramitación derivadas das adaptacións aos condicionados dos informes sectoriais, ou motivadas por cambios tecnolóxicos debidamente xustificados, non será necesario un novo trámite de información pública, agás que estean sometidas ao trámite de avaliación de impacto ambiental e sexan modificacións que supoñan efectos ambientais significativos distintos dos previstos orixinalmente, aspecto que será valorado e indicado polo órgano ambiental.

2. Así mesmo, solicitaranse únicamente aqueles informes sectoriais que se vexan afectados pola modificación do proxecto, coa excepción dos condicionados técnicos, nos que bastará coa conformidade do suxeito promotor, agás que estean sometidos ao trámite de avaliación de impacto ambiental e sexan modificacións que supoñan efectos ambientais significativos distintos dos previstos orixinalmente, aspecto que será valorado e indicado polo órgano ambiental.

3. Nos casos en que os proxectos modificados se presenten con posterioridade á avaliación ambiental do proxecto, solicitarase informe ao órgano ambiental co obxecto de que valore a modificación presentada e ratifique a validez da declaración ambiental ou informe ambiental xa emitido, ou, de ser o caso, indique os trámites ambientais que sexa preciso realizar.

Artigo 53. Concorrencia de utilidade ou interese públicos con montes veciñais en man común

1. De o proxecto de instalación enerxética afectar os montes veciñais en man común, os trámites previstos no artigo 6 do Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, ou norma que o substitúa, realizaranse dentro do trámite de recoñecemento da declaración de utilidade pública do proxecto, dando audiencia ás persoas titulares dos dereitos que poidan estar afectados e concedéndolle un prazo de quince días hábiles para presentar as alegacións, que se remitirán ao suxeito promotor para o seu recoñecemento e contestación.

2. Finalizado o trámite de audiencia, remitirase copia completa do seu resultado ao órgano competente para a autorización do título habilitante do aproveitamento, co fin de que no prazo de vinte días hábiles emita informe sobre a compatibilidade ou incompatibilidade do aproveitamento afectado.

3. Nos casos previstos neste artigo, a utilidade pública do proxecto e a eventual compatibilidade ou prevalencia serán declaradas polo Consello da Xunta de Galicia, ao cal se remitirá o expediente

co informe das consellarías da Administración xeral da Comunidade Autónoma e das entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia afectadas, no prazo máximo dun mes, contado desde que estea o expediente completo. A falta de resolución expresa no prazo indicado terá efectos desestimatorios, e as persoas interesadas poderán interpor os recursos que procedan.

TÍTULO IV

Medidas urbanísticas e de financiamento para a reactivación económica

Artigo 54. *Títulos habilitantes urbanísticos de competencia municipal*

1. As solicitudes de licenza e as comunicacións que teñan por obxecto actos de edificación ou de uso do solo ou do subsolo, para a implantación das iniciativas empresariais e para as actuacións de desenvolvemento de solo empresarial ou residencial, poderán presentarse acompañadas dunha certificación de conformidade á legalidade urbanística e ao planeamento aplicable, emitida por unha entidade de certificación de conformidade municipal das previstas no capítulo IV do título III da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

2. Cando unha solicitude de licenza urbanística se presente acompañada dunha certificación de conformidade nos termos establecidos por este artigo, os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a conformidade da solicitude coa legalidade urbanística previstos polo artigo 143.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, serán facultativos e non preceptivos.

3. No caso regulado no número anterior, o prazo de resolución do procedemento será dun mes, contado desde a presentación da solicitude coa documentación completa, incluída a certificación de conformidade, no rexistro do concello, coas excepcións previstas no artigo seguinte.

4. Nos supostos indicados nos apartados anteriores, o órgano municipal competente poderá outorgar a licenza assumindo a certificación de conformidade á legalidade urbanística e ao planeamento aplicable da entidade de certificación de conformidade municipal que acredite expresamente que o proxecto foi sometido a esa verificación.

5. Cando unha comunicación urbanística se presente acompañada da documentación exigida na lexislación do solo e dunha certificación de conformidade nos termos establecidos por este artigo, habilitará con efectos inmediatos desde a súa presentación no rexistro do concello para a realización do acto de uso do solo ou do subsolo que constitúa o seu obxecto, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do concello respectivo.

6. As entidades de certificación de conformidade municipal serán as únicas responsables fronte ao concello do contido das certificacións emitidas e a súa actuación substitúe a responsabilidade das demais persoas interesadas.

7. Ás solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse o proxecto completo redactado por persoal técnico competente, na forma e co contido determinados na lexislación do solo e demais normativa aplicable.



Artigo 55. *Especialidades dos títulos municipais habilitantes para determinadas iniciativas empresariais*

1. Para os efectos previstos no artigo 143 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, cando o proxecto construtivo ou de instalación veña acompañado de certificación de conformidade á legalidade urbanística e ao planeamento aplicable, emitida por unha entidade de certificación de conformidade municipal, aplicarase o mesmo réxime regulado no artigo anterior, agás o prazo de resolución do procedemento, que será de quince días naturais, aos supostos previstos no número seguinte deste artigo.

2. O réxime previsto neste artigo será de aplicación exclusiva aos seguintes supostos:

a) As obras que se realicen nos establecementos de hostalaría e turísticos co fin de aumentar o distanciamento social ou adecuar as instalacións aos protocolos sanitarios ou ás normas que regulen as limitacións ou as restricións de carácter sanitario, sempre que non supoñan un aumento do volume edificado e teñan carácter de rehabilitación, adecuación ou reestruturación dos servizos, e se desenvolvan no interior das edificaciós, incluíndo neste concepto, cando exista concesión ou autorización, a cobertura das terrazas mediante instalacións desmontables. Non se entenderán incluídas neste apartado as obras que, polo seu carácter menor, non estean sometidas ao réxime de licenza.

b) Os proxectos de instalacións de producción eléctrica e de autoconsumo a partir de fontes renovables, incluíndo as súas infraestruturas de evacuación, en cuxo procedemento de autorización substantiva enerxética fose consultado o concello afectado cando se lle solicite informe preceptivo e vinculante, así como as instalacións de distribución eléctrica de baixa tensión.

c) Actos de uso do solo ou do subsolo incluídos naqueles proxectos de iniciativas empresariais para os que se aprobe un proxecto sectorial para a adecuación do uso do solo ás infraestruturas ou instalacións que se implanten.

d) Nos casos de solicitude de licenza urbanística no solo empresarial, cando o concello emitise informe previo e favorable nos trámites ambientais ou urbanísticos de desenvolvemento desa categoría de solo.

Artigo 56. *Instrumentos específicos de financiamento para iniciativas empresariais promovidas por start-ups, persoas emprendedoras e outras pequenas empresas*

1. A consellaría con competencias en materia de economía e empresa, por si mesma ou a través das entidades instrumentais do sector público autonómico dependentes dela, porá en marcha instrumentos de coinvestimento público-privado que favorezan o financiamento das iniciativas empresariais promovidas por *start-ups*, persoas emprendedoras e outras pequenas empresas.

2. Para os efectos da presente lei, teñen a condición de persoas investidoras privadas as persoas físicas ou xurídicas, fondos de investimento ou calquera outra entidade de investimento (*business angels*, redes de *business angels* ou *family offices*, entre outros) que, tendo interese en investir nunha ou varias iniciativas empresariais promovidas por *start-ups*, persoas emprendedoras e outras pequenas empresas, reúnan os requisitos para a súa consideración como tales.

3. Corresponderá á consellaría con competencias en materia de economía e empresa, por si mesma ou a través das entidades instrumentais do sector público autonómico dependentes dela, o establecemento dos requisitos que deben reunir as persoas investidoras privadas.

4. O investimento levado a cabo nunha iniciativa empresarial por unha persoa investidora privada por un importe comprendido entre 25.000 e 250.000 euros poderá comportar, por petición das pequenas empresas e logo do exame da súa viabilidade, un investimento de ata a mesma contía por parte da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, a través dos instrumentos de financiamento ou dos fondos de investimento xestionados polas entidades instrumentais do sector público autonómico dependentes da consellaría con competencias en materia de economía e empresa.

Este coinvestimento estará suxeito aos seguintes requisitos e condicións:

a) No caso de iniciativas empresariais levadas a cabo por sociedades de capital, o investimento das persoas investidoras privadas deberá materializarse en forma de toma de participación no capital, que poderá comportar unha prima de emisión ou asunción.

b) Para os efectos do investimento público, as iniciativas empresariais e as súas persoas promotoras deberán reunir os requisitos establecidos pola normativa reguladora do instrumento de financiamento ou fondo de investimento en cuestión.

c) O investimento público poderá materializarse en forma de toma de participación en capital, de préstamos participativos, convertibles ou non en capital, ou doutro tipo de préstamos. No caso de tomas de participación en capital, estas terán carácter temporal, non suporán unha porcentaxe de participación superior ao 25 % e poderán comportar unha prima de emisión ou asunción.

5. A consellaría con competencias en materia de economía e empresa, por si mesma ou a través das entidades instrumentais do sector público autonómico dependentes dela, promoverá as accións que poñan en contacto as persoas investidoras privadas coas iniciativas empresariais que precisen financiamento, así como as accións de difusión pública dos instrumentos de coinvestimento regulados neste artigo.

6. Para os efectos deste artigo, as empresas obxecto de investimento deberán ser pequenas empresas, segundo a definición prevista no anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado, ou norma que o substitúa.

Artigo 57. Instrumentos específicos de financiamento para os proxectos industriais estratégicos e para as iniciativas empresariais prioritarias

A consellaría con competencias en materia de economía e empresa, por si mesma ou a través das entidades instrumentais do sector público autonómico dependentes dela, porá á disposición dos suxeitos promotores dos proxectos industriais estratégicos e das iniciativas empresariais prioritarias que así o requiran os instrumentos de financiamento público que contribúan a complementar a estrutura financeira do proxecto ou da iniciativa, que, en todo caso, deberá contar con financiamento privado.



Os instrumentos de financiamento público poderán revestir a forma de toma de participacións en capital, préstamos, participativos ou non, garantías, incentivos a fondo perdido, ou unha combinación dos anteriores. Todos os instrumentos de financiamento público referidos e os apoios que puideren prestarse a través deles deberán respectar a regulación sobre axudas de Estado da Unión Europea.

TÍTULO V

Instrumentos de gobernanza e especialidades de xestión dos fondos de recuperación

CAPÍTULO I

Estruturas de gobernanza

Artigo 58. Gobernanza dos fondos de recuperación

As normas deste título son aplicables ao ejercicio das competencias da Comunidade Autónoma en relación coa planificación, programación, xestión e control dos recursos económicos (en adiante «os fondos») financiados polo Instrumento Europeo de Recuperación, aprobado polo Consello Europeo o 21 de xullo de 2020, e dos derivados do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, ou polos mecanismos que os substitúan, que teñan por finalidade o financiamento de iniciativas empresariais no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia

Todo o anterior, sen prexuízo do establecido no artigo 2 do Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

Artigo 59. Proxectos tractores para a economía galega

1. Teñen a consideración de proxectos tractores para a economía galega aqueles proxectos industriais estratéxicos, tal e como se definen na lexislación industrial galega, que supoñan unha especial capacidade de incidir en diversos sectores económicos para xerar crecemento, emprego e competitividade, actuando como vertebradores doutras iniciativas empresariais que incidan de forma significativa na economía galega, e que reúnan os requisitos técnicos para ser susceptibles de ser financiados polos fondos do Instrumento Europeo de Recuperación ou por aqueles derivados do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

2. A consideración como proxecto tractor será declarada polo Consello da Xunta de Galicia simultaneamente á súa declaración de proxecto industrial estratéxico, contando co informe previo favorable da Comisión para a planificación e impulso de proxectos a financiar polo instrumento *Next Generation EU*. A declaración como proxecto tractor suporá a posibilidade de acollerse aos beneficios establecidos na lexislación estatal, se for o caso, nos termos establecidos nela, e adicionalmente a un sistema de apoios públicos e de acompañamento empresarial nos termos establecidos nesta lei.

3. O proxecto tractor poderá consistir nun proxecto único ou nun grupo de proxectos que compartan o mesmo obxectivo.

Artigo 60. Comisión para a planificación e impulso de proxectos a financiar polo instrumento Next Generation EU

1. A Comisión para a planificación e impulso de proxectos a financiar polo instrumento *Next Generation EU* configúrase como o órgano de planificación, dirección e coordinación das iniciativas empresariais que sexan susceptibles de ser financiadas polos instrumentos financeiros previstos no presente capítulo.

2. A Comisión estará composta polas Vicepresidencias Primeira e Segunda, pola Consellería de Facenda e Administración Pública e por aquelas consellarías ou centros directivos que se determinen mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia.

3. A presidencia da Comisión corresponderá á persoa titular da Presidencia da Xunta de Galicia, que poderá delegar na persoa titular da vicepresidencia. A vicepresidencia da Comisión corresponderá á persoa titular da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación. As funcións de secretaría da Comisión corresponderán á persoa titular da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos.

4. Corresponden á Comisión as seguintes funcións:

a) Propor a aprobación dos plans que sexan susceptibles de ser financiados polos fondos do Instrumento Europeo de Recuperación ou por aqueles derivados do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

b) Emitir informe sobre a declaración de proxectos tractores para a economía galega que sexan susceptibles de ser propostos pola Comunidade Autónoma para o financiamento europeo ou estatal.

c) Analizar os diferentes proxectos susceptibles de ser financiados con cargo aos fondos do instrumento *Next Generation EU*.

d) Aprobar as directrices básicas de execución das políticas públicas autonómicas financiadas con proxectos financiados polos instrumentos previstos neste capítulo.

e) Levar o seguimento da execución dos plans e proxectos aprobados no marco das competencias autonómicas.

f) Aprobar os documentos de harmonización en materia de bases de subvencións, pregos de cláusulas ou manuais tipo de procedementos de contratación, subvencións ou gasto público.

g) Calquera outra función que lle atribúa o Consello da Xunta de Galicia no marco das competencias da Comisión.

Artigo 61. Comité Técnico de Fondos de Recuperación

1. Como órgano de apoio técnico á Comisión para a planificación e impulso de proxectos a financiar polo instrumento *Next Generation EU*, créase un Comité Técnico de Fondos de Recuperación que terá a seguinte composición:



- a) A persoa titular da dirección xeral en materia de orzamentos, que presidirá o Comité.
- b) A persoa titular da dirección xeral competente en materia de fondos europeos.
- c) As persoas que desempeñen as secretarías xerais técnicas de todas as consellarías.
- d) As persoas que determine a Comisión de entre as que teñan a condición de alto cargo.
- e) Unha persoa en representación da unidade de proxectos tractores do Igape.

As funcións de secretaría serán desempeñadas por persoal funcionario público con nivel de subdirección xeral, ou equivalente, designado pola presidencia do Comité.

Na designación das persoas que forman parte do Comité Técnico de Fondos de Recuperación atenderase, sempre que sexa posible, ao principio de presenza equilibrada entre mulleres e homes.

2. Na súa función de apoio técnico á Comisión, o Comité poderá realizar propostas, informes e análises, así como elevar propostas de instrucións e recomendacións en todas as materias que teñan conexión coas funcións da Comisión relacionadas anteriormente ou que lle sexan encomendadas por ela.

Artigo 62. *Grupos técnicos sectoriais*

1. Por proposta do Comité Técnico e logo da aprobación da Comisión, poderanse crear grupos de traballo técnicos sectoriais que elaboren recomendacións en materia de simplificación de procedementos, harmonización de sistemas de contratación ou de procesos de convocatorias ou calquera outro preciso para a execución dos plans e proxectos definidos no presente capítulo.

2. Os grupos de traballo técnicos sectoriais estarán presididos pola persoa titular da dirección xeral que determine a Comisión e conformados por persoal funcionario público con nivel de subdirección xeral, ou equivalente, das diferentes consellarías implicadas. Os resultados dos traballos realizados polos grupos de traballo serán aprobados en forma de recomendacións, propostas de actuación, propostas de pregos, manuais tipo ou propostas de bases pola Comisión para a planificación e impulso de proxectos a financiar polo instrumento *Next Generation EU*.

3. Por proposta da presidencia dos grupos técnicos sectoriais poderá acordarse a asignación de funcións a tempo parcial ao persoal funcionario das diferentes consellarías sen que supoña cambio de adscrición do posto de traballo nin da consellaría en que preste servizos. A asignación de funcións estará limitada ao ámbito de xestión establecido neste capítulo e poderá supor a percepción dun complemento retributivo por consecución de obxectivos ou, de ser o caso, de retribucións extraordinarias por traballos realizados fóra da xornada habitual.

4. Na designación do persoal funcionario público que forme parte dos grupos técnicos sectoriais atenderase, sempre que sexa posible, ao principio de presenza equilibrada entre mulleres e homes.



Artigo 63. Mecanismos de participación da sociedade e de colaboración coa Fegamp

1. Para a aprobación de plans e proxectos e de directrices poderase contar coas achegas dun comité integrado por persoas expertas en economía no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia co alcance e composición que determine a Comisión para a planificación e impulso de proxectos a financiar polo instrumento *Next Generation EU*. Corresponde a este comité o asesoramento externo e servir de canle de participación dos sectores produtivos, das universidades e de asociacións.

2. Co fin de favorecer o máximo diálogo social, constituirase un foro de participación específico conformado por persoas representantes das organizacións empresariais e dos sindicatos más representativos, sen prexuízo de utilizar os mecanismos de participación xa existentes.

3. Como mecanismo de participación específico das entidades locais de Galicia constituirase unha comisión paritaria Xunta de Galicia-Federación Galega de Municipios e Provincias, á que corresponderá realizar as propostas de simplificación de trámites para a implantación de iniciativas empresariais tales como ordenanzas tipo, pregos de bases de contratación ou de bases de axudas e subvencións, entre outras.

4. A dita comisión estará conformada por cinco persoas representantes da Federación e cinco da Xunta de Galicia. A súa presidencia corresponderalle á persoa titular da dirección xeral con competencias en materia de administración local.

5. Na designación das persoas expertas e na composición dos grupos de traballo atenderase, sempre que sexa posible, ao principio de presenza equilibrada entre mulleres e homes.

CAPÍTULO II

Especialidades en materia de xestión e execución dos fondos

Artigo 64. Mecanismos de seguimento e control

1. Correspondrá ás direccións xerais con competencias en materia de planificación e orzamentos e de fondos europeos a planificación, programación e xestión da execución dos fondos no marco das competencias da Administración xeral da Comunidade Autónoma, e asumirán a condición de autoridades responsables diante da Administración xeral do Estado e das institucións europeas.

2. A Intervención Xeral da Comunidade Autónoma configúrase como o órgano de control dos fondos, sen prexuízo das funcións de auditoría nos controis que establezan a Administración xeral do Estado e as institucións europeas.

Artigo 65. Aprobación das normas adoptadas no marco da execución dos fondos

O procedemento de elaboración de normas regulado no capítulo II do título II da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, que se adopte no marco da execución destes fondos terá o carácter de urgente.

Reduciranse á metade os prazos cando se soliciten informes preceptivos, sen que sexa preciso neles motivar a urxencia. Transcorrido o prazo sen terse recibido estes, o centro directivo competente poderá continuar coa tramitación, deixando debida constancia na memoria. En todo caso, e antes da súa aprobación formal, incorporaranse ao expediente cantos informes, consultas ou ditames foren preceptivos. A memoria exixida polo artigo 41, apartado 3, letra a), da Lei 16/2010, do 17 de decembro, conterá un apartado específico no que se xustifique a súa vinculación con estos fondos.

Artigo 66. *Tramitación de urxencia dos procedementos administrativos de execución de gastos con cargo aos fondos*

1. Declárase a aplicación da tramitación de urxencia e do despacho prioritario, nos termos previstos nos artigos 33 e 71, respectivamente, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, dos procedementos administrativos que impliquen a execución de gastos con cargo a estes fondos. O órgano administrativo motivará esta circunstancia de urxencia no correspondente acordo de inicio, sen prexuízo do establecido no artigo 50 do Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro.

2. En ningún caso será obxecto de redución a duración dos prazos referidos á presentación de solicitudes e de recursos.

Artigo 67. *Tramitación anticipada dos procedementos administrativos de execución de gastos con cargo aos fondos*

1. No caso de que se inicie no exercicio corrente a tramitación de expedientes de gasto pero a súa execución orzamentaria non vaia ter lugar ata o exercicio seguinte ou outros exercicios posteriores, será posible a súa tramitación anticipada ao longo do dito exercicio, e poderá chegar ata a fase de formalización do compromiso de gasto no exercicio corrente.

2. No caso de que os citados expedientes se tramiten antes da aprobación do proxecto de lei de orzamentos da Comunidade Autónoma, o documento contable de tramitación anticipada substituirase por un informe que deberá emitir o órgano xestor no que se faga constar que normalmente vai existir crédito adecuado e suficiente para o gasto que se pretende efectuar.

Artigo 68. *Utilización de medios propios*

Para a aplicación dos fondos, os poderes adxudicadores autonómicos e as entidades contratantes poderán organizarse para executar de maneira directa prestacións propias dos contratos de obras, subministracións, servizos, concesión de obra e concesión de servizos, a cambio dunha compensación tarifaria, valéndose dun medio propio, de acordo coa lexislación aplicable. Nestes casos é exible a autorización do Consello da Xunta previa á subscrición dun encargo cando ou seu importe supere os catro millóns de euros.

Artigo 69. *Convenios subscritos para a execución de proxectos con cargo aos fondos*

1. A tramitación dos convenios que subscriba a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e os seus organismos públicos e entidades de dereito público, vinculados ou dependentes,

para a execución dos proxectos con cargo aos fondos, rexerase polo previsto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, coa seguinte especialidade:

Excepcionalmente, o prazo de vixencia destes convenios poderá ter unha duración superior á legalmente establecida, podendo chegar como máximo aos seis anos, coa posibilidade dunha prórroga de ata seis anos de duración. Esta excepción deberá ser xustificada motivadamente polo órgano competente, con especial mención a que a dita extensión ou prórroga non limitará a competencia efectiva nos mercados.

2. Así mesmo, aos convenios mencionados no apartado anterior non lles será exible a autorización do Consello da Xunta, excepto cando impliquen a asunción de obrigas de contido económico por un importe superior a 300.000 euros.

Artigo 70. Requisitos para a tramitación de subvencións financierables con cargo aos fondos

1. Na concesión de subvencións e axudas ás que resulte de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, será exible a autorización do Consello da Xunta prevista no artigo 7.2 da devandita lei cando ou seu importe supere os tres millóns de euros.

2. Na concesión de préstamos concedidos con cargo a estes fondos o informe previsto na normativa orzamentaria para estes supostos integrarase no informe de fiscalización das bases ou instrumentos reguladores da súa concesión.

3. A concesión directa de subvencións cando, con carácter excepcional, se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas, que dificulten a súa convocatoria pública, prevista no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, estará suxeita ás previsións do artigo 26.3 da mesma lei para estes fondos cando o importe supere os 300.000 euros.

Nas propostas de acordo ou resolución de concesión especificaranse as circunstancias que xustifican a devandita modalidade de subvención.

4. As resolucións de concesión directa de subvencións correntes e de capital que se definan en termos de persoa beneficiaria e ano, así como das que vaian ser formalizadas nun convenio ou instrumento bilateral, que se financien con cargo a estes fondos e para as que, con carácter excepcional, se acrediten as razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificulten a súa convocatoria pública, segundo o previsto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, requirirán a autorización previa do Consello da Xunta cando o importe que se vai conceder supere os 300.000 euros.

Artigo 71. Bases reguladoras e convocatoria das subvencións financierables con estos fondos

1. Para a tramitación da aprobación das bases reguladoras e a convocatoria destas subvencións, previstas no artigo 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 18.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, serán exibles o informe



dos servizos xurídicos correspondentes, o de Planificación e Fondos e o informe da Intervención Xeral, que, en todo caso, será emitido no prazo improrrogable de dez días naturais.

2. Os beneficiarios dos préstamos ou anticipos deberán acreditar que se encontran ao corrente do pagamento das obrigas de reembolso de calquera outro préstamo ou anticipo concedidos anteriormente con cargo aos créditos específicamente consignados para a xestión destes fondos nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O cumprimento de tales condicións poderá acreditarse mediante unha declaración responsable do beneficiario ou certificación do órgano competente se este for unha administración pública. Todo iso, sen prexuízo da verificación do cumprimento con anterioridade ao pagamento xunto co resto de obrigas previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 72. Subvencións de concorrencia non competitiva

No caso de subvencións relacionadas financeiramente con estes fondos reguladas pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cuxo obxecto sexa financiar actuacións ou situacións concretas que non requiran de valoración comparativa con outras propostas, poderanse ditar as resolucións de concesión pola orde de presentación das solicitudes unha vez realizadas as comprobacións de concorrencia da situación ou actuación subvencionable e o cumprimento do resto de requisitos exigidos, ata o esgotamento do crédito orzamentario asignado na convocatoria.

Artigo 73. Xustificación da aplicación das subvencións

a) Elévase o límite económico previsto no artigo 51.1 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para a presentación dunha conta xustificativa simplificada por parte do beneficiario da subvención, e amplíase o devandito importe ata os 100.000 euros.

b) Elévase ata os 10.000 euros o límite para acreditar o cumprimento das obrigas coa Administración pública da Comunidade Autónoma, coa Administración do Estado e coa Seguridade Social recollido no artigo 11, letra i), do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

c) Para os supostos en que as solicitudes deban vir acompañadas de memorias económicas, flexibilízaranse os compromisos plasmados nelas, no sentido de que se permitan compensacións entre os conceptos orzados, sempre que se dirixan a alcanzar o fin da subvención.

Artigo 74. Agrupacións de persoas físicas ou xurídicas beneficiarias de subvencións

1. As bases reguladoras para a concesión de subvencións de actividades vinculadas con estos fondos poderán establecer que poidan ser beneficiarias as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade, nos termos previstos no apartado 3 do artigo 8 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. O seu funcionamento rexerase polas previsións establecidas no artigo 67 do Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro.

Artigo 75. Especialidades en materia de xestión de persoal

1. Naquelas consellarías ou entidades dependentes das onde se xestionen proxectos finanziados con fondos dos instrumentos europeos de recuperación ou con outros fondos europeos corresponderá ás persoas titulares das secretarías xerais técnicas realizar unha análise da carga de traballo existente nas diferentes unidades co fin de poder reasignar efectivos, de acordo co establecido nesta lei, naquelas que, de xeito prioritario, teñan por finalidade xestionar os citados fondos. Para os efectos desta lei, entenderase como reasignación de efectivos a encomenda temporal de tarefas ou funcións propias da súa clasificación profesional diferentes das do posto de traballo, o que en ningún caso suporá cambio de localidade. A persoa titular da secretaría xeral técnica da correspondente consellaría terá como prioridade na xestión do persoal asignado o aproveitamento do talento das persoas ao servizo do departamento.

2. A cobertura das necesidades de persoal para a xestión dos fondos realizarase prioritariamente con efectivos da propia consellaría ou dos entes dependentes dela mediante unha reasignación temporal de funcións ou tarefas, sen prexuízo da posible utilización dos mecanismos previstos con carácter xeral na lexislación de emprego público. A persoa titular da secretaría xeral técnica da correspondente consellaría impulsará coa máxima celeridade as accións indicadas que sexan necesarias para axilizar a absorción e execución dos fondos europeos.

3. Cando as necesidades de persoal non puideren ser atendidas con efectivos da consellaría ou dos seus entes poderá recorrerse ao mecanismo de nomeamento de persoal temporal, a través dun programa especial, polo tempo imprescindible para a execución dos proxectos, nos termos e cos requisitos establecidos na lexislación vixente na comunidade autónoma. Adicionalmente, a Dirección Xeral da Función Pública poderá reasignar efectivos procedentes doutras consellarías ou doutras entidades instrumentais.

4. O persoal adscrito aos grupos de traballo ou ás unidades de apoio temporal que xestionen os ditos fondos poderá, nos termos establecidos na lexislación orzamentaria e reguladora do emprego público, percibir complementos de produtivididade ou gratificacións extraordinarias dentro dos límites derivados das consignacións orzamentarias.

5. Mediante instrución conxunta das direccións xerais de Planificación e Orzamentos e da Función Pública, adoptaranse medidas para fomentar a capacitación do persoal e o recoñecemento do seu traballo, tanto do esforzo colectivo como do esforzo individual, e poderán percibir complementos de produtivididade ou gratificacións extraordinarias dentro dos límites derivados das consignacións orzamentarias.

Artigo 76. Creación de unidades administrativas de carácter provisional

1. Por razóns de eficacia e eficiencia, poderán constituírse unidades administrativas de carácter provisional mediante a modificación da correspondente relación de postos de traballo, para a xestión e execución dos proxectos finanziados con fondos dos instrumentos europeos de recuperación ou outros fondos europeos.

2. Os postos de traballo provenientes da relación de postos de traballo do departamento ou organismo cos que se dote esta unidade serán reasignados á súa unidade de orixe unha vez que se cumpra este prazo. A constitución destas unidades requirirá informe favorable da dirección xeral competente en materia de función pública.

3. A provisión de postos de traballo destas unidades temporais realizarase consonte a normativa de emprego público de Galicia. Como regra xeral, contarase primordialmente con aqueles empregados públicos que teñan experiencia directa ou indirecta na xestión de proxectos relacionados con fondos europeos. A provisión de postos destas unidades por persoal estatutario temporal, persoal funcionario interino ou persoal laboral temporal efectuarase con carácter subsidiario.

Artigo 77. Asignación de funcións a tempo parcial

1. Exclusivamente no ámbito de xestión de proxectos financiados con fondos dos instrumentos europeos de recuperación ou outros fondos europeos, a persoa titular da secretaría xeral técnica da consellaría encargada da xestión destes poderá acordar a asignación de funcións a tempo parcial, ata un máximo do 80 % da súa xornada, ao persoal funcionario ao servizo do departamento, sen cambio de adscrición nin do posto de traballo nin da persoa.

Mediante resolución conxunta das direccións xerais da Función Pública e de Avaliación e Reforma Administrativa poderán asignarse a persoal de distintas consellarías ou entidades funcións a tempo parcial para colaborar na xestión dos ditos fondos, coa previa proposta motivada da consellaría de destino, que deberá indicar que non dispón de efectivos suficientes, e co informe favorable da consellaría de orixe do empregado público.

2. Coa finalidade de garantir a adecuada prestación dos servizos públicos no suposto de asignación de funcións a tempo parcial, poderase nomear persoal funcionario interino ou persoal laboral temporal para o apoio nas funcións propias do empregado público que voluntariamente coopere durante a súa xornada laboral na confección ou xestión dos proxectos que se sinalan no punto 1.

Disposición adicional primeira. Procedementos de avaliación e acreditación das competencias profesionais

1. As consellarías competentes en materia de avaliação e acreditación das competencias profesionais terán en conta, no deseño destes procedementos, aqueles sectores de actividade determinados pola consellaría competente en materia de economía e empresa.

2. As probas poderán realizarse nos centros públicos que impartan ensinanzas de formación profesional. Para o financiamento dos custos da súa realización, poderá establecerse a colaboración entre as consellarías e as entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia con competencias en materia de educación, de emprego e de economía e empresa, mediante a subsrcpción do oportuno acordo.

Disposición adicional segunda. Fomento das iniciativas empresariais no exterior

1. Coa finalidade de facilitar a xestión da posta en marcha das iniciativas empresariais, a Administración autonómica poderá, no marco das súas competencias, pór á disposición das empresas

e dos colectivos profesionais de Galicia os servizos de identificación e actualización de oportunidades de negocio, apoio en implantacións en destino, apoio á internacionalización, e acompañamento inicial, naqueles Estados en que exista unha maior necesidade e demanda.

2. Así mesmo, coa finalidade de facilitar o acceso das persoas doutros Estados aos bens e servizos ofertados polo mercado autonómico, poderán establecerse servizos de mediación e tradución en apoio aos operadores das actividades empresariais e profesionais desenvoltas en Galicia.

3. Os operadores galegos de servizos transfronteirizos que teñan coñecemento de actuacións contrarias á liberdade de prestación de servizos en todo o mercado interior poderán pór directamente en coñecemento da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, que, cando proceda, no exercicio das súas competencias, impulsará os procedementos e as actuacións que procederen, segundo o ordenamento da Unión Europea, en defensa dos seus dereitos e intereses lexítimos como operadores e cidadáns europeos.

Disposición adicional terceira. *Criterios técnicos para a redacción de estudos ambientais*

Por orde da persoa titular da consellaría con competencias en materia de medio ambiente poderán aprobarse os criterios técnicos e, se for o caso, interpretativos de carácter xeral para a redacción dos estudos ambientais estratégicos dos plans ou programas e dos estudos de impacto ambiental dos proxectos, e tamén para a predición e a valoración dos seus impactos, a determinación das características técnicas e as especificacións da documentación que deban presentar os suxeitos promotores.

Disposición adicional cuarta. *Definición de zona industrial e de polígono industrial para os efectos da avaliación de impacto ambiental de proxectos*

1. Para os efectos dos anexos I e II da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, no ámbito da avaliación de impacto ambiental de proxectos de competencia autonómica, entenderase por zona industrial a superficie de solo empresarial destinado maioritariamente ao uso industrial; e por polígono industrial, a área empresarial que inclúa o uso industrial entre os usos permitidos.

2. As expresións «solo empresarial» e «área empresarial» empregadas nesta disposición entenderanse consonte as definicións recollidas no artigo 3 bis da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.

Disposición adicional quinta. *Propostas de modificación de normativa básica estatal aplicable*

Cando unha norma básica estatal estableza trámites adicionais aos previstos na normativa europea que poidan supor un obstáculo para a implantación dos proxectos e das iniciativas, a Comunidade Autónoma de Galicia formulará a oportuna proposta de modificación pola vía adecuada, incluso mediante a presentación dunha proposición de lei do Parlamento de Galicia perante o Congreso dos Deputados.

Disposición adicional sexta. *Aprobación dos catálogos de iniciativas empresariais*

No prazo de seis meses desde a entrada en vigor desta lei a consellaría con competencias en materia de economía e empresa elaborará e someterá á aprobación do Consello da Xunta de Galicia os primeiros dez catálogos de iniciativas empresariais, priorizados en función dos sectores en que se aprecie unha maior demanda e necesidade de simplificación.

Disposición transitoria primeira. *Consultas ás persoas expertas nos procedementos de avaliación ambiental*

Mentres non se cree o banco de persoas expertas previsto no número 2 do artigo 30, o órgano ambiental poderá solicitar, en calquera dos procedementos de avaliación ambiental, os informes científicos ou técnicos a organismos científicos, académicos ou doutro tipo que posúan os coñecementos necesarios, consonte o establecido no número 1 do devandito artigo.

Disposición transitoria segunda. *Verificación dos estudos ambientais estratéxicos e dos estudos de impacto ambiental por entidades de colaboración ambiental*

Mentres non se desenvolva o réxime xurídico das entidades de colaboración ambiental no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, as verificacións dos estudos ambientais estratéxicos e dos estudos de impacto ambiental a que aluden os artigos 35.1.b) e 38.1.i) poderán ser levadas a cabo por calquera entidade acreditada conforme a norma UNE-EN ISO/IEC 17020 como entidades de inspección que avalán o cumprimento dos aspectos ambientais incluídos nas autorizacións ambientais pola Entidade Nacional de Acreditación (ENAC) como organismo nacional de acreditación ou ben acreditada como verificadora ambiental de acordo co establecido no Decreto 185/1999, do 17 de xuño, polo que se establece o procedemento para a aplicación, na Comunidade Autónoma de Galicia, dun sistema voluntario de xestión e auditoría ambiental, ou norma que o substitúa.

Coa verificación xuntarase unha declaración da entidade de que non incorre en ningunha das prohibicións e incompatibilidades establecidas para as entidades de certificación de conformidade municipal no artigo 64 do Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos, aprobado polo Decreto 144/2016, do 22 de setembro.

Disposición transitoria terceira. *Continuación de determinados procedementos en materia de instalacións enerxéticas*

Os procedementos iniciados ao abeiro da Lei 5/2017, do 19 de decembro, de fomento de iniciativas empresariais de Galicia, e da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, relativos ás solicitudes de modificación substancial ou de novos proxectos de instalacións enerxéticas regulados no artigo 53 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, que se encuentren en fase de admisión ou admitidos a trámite continuarán a súa tramitación de acordo co establecido no procedemento de autorización administrativa recollido no capítulo III do título III.

Para estes casos concédese un prazo dun mes, contado desde a entrada en vigor desta lei, para que os suxeitos promotores poidan desistir da súa solicitude e, de ser o caso, recuperar as garantías presentadas.

Disposición transitoria cuarta. *Procedementos iniciados no momento da entrada en vigor desta lei*

1. Os procedementos administrativos iniciados con anterioridade á entrada en vigor desta lei continuarán a súa tramitación de acordo coas normas procedementais recollidas nela, agás no que respecta aos prazos que comezasen a computarse antes da súa entrada en vigor, que continuarán a calcularse conforme o establecido na normativa anterior.

2. Nos procedementos de avaliación ambiental estratéxica ordinaria de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia en tramitación na data de entrada en vigor desta lei aplicarase o prazo establecido no artigo 35.1.b) para a remisión ao órgano ambiental do expediente completo de avaliación ambiental estratéxica, desde a notificación ao promotor do documento de alcance.

3. O establecido no artigo 35 sobre o prazo de vixencia das declaracions ambientais estratéxicas e dos informes ambientais estratéxicos, e as solicitudes das correspondentes prórrogas, será aplicable a todas as declaracions e informes publicados no *Diario Oficial de Galicia* nos catro anos anteriores á entrada en vigor desta lei, no caso das declaracions ambientais estratéxicas, e nos seis anos anteriores á devandita entrada en vigor, no caso dos informes ambientais estratéxicos.

4. Os informes sectoriais e os trámites realizados antes da entrada en vigor desta lei incorporaranse aos sucesivos trámites de competencia da Administración xeral da Comunidade Autónoma e das entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia que se refiran a unha mesma iniciativa empresarial, así como, de ser o caso, para os efectos de obter o título habilitante de competencia municipal, sempre que se manteñan as circunstancias que motivaron os ditos pronunciamientos.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa*

1. Quedan derogados expresamente os artigos 37 e 38 da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais de Galicia.

2. Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta lei.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo*

O texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, queda modificado como segue:

Un. Engádese un apartado nove ao artigo 16, coa seguinte redacción:

«Nove. *Beneficios fiscais nas transmisións patrimoniais onerosas que afecten a adquisición de inmobilés*

1. Establécese unha dedución na cota do 100 % na modalidade de transmisións patrimoniais onerosas, do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, respecto



das adquisicións onerosas de inmobles que se encontren nalgunha das parroquias que teñan a consideración de zonas pouco poboadas ou áreas rurais a que se refire o apartado sete deste artigo, e que se afecten como inmobilizado material a unha actividade económica, cando concorran as seguintes circunstancias:

a) O inmoble deberá ser afectado ao desenvolvemento dunha actividade económica no prazo dun ano desde a súa adquisición. Para determinar se existe actividade económica e se o inmoble está afecto á devandita actividade económica será de aplicación o disposto no imposto sobre a renda das persoas físicas, sen que sexa de aplicación en ningún caso á actividade de arrendamento de inmobles nin cando a actividade principal a que se afecte o inmoble sexa a xestión dun patrimonio mobiliario ou inmobiliario, de acordo co disposto no artigo 4.Oito.Dous.a) da Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio.

b) A empresa deberá ter a consideración de empresa de reducida dimensión, de acordo co disposto no artigo 101 da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do imposto sobre sociedades.

c) Durante os vinte e catro meses seguintes á data da adquisición deberase realizar unha ampliación do persoal medio da empresa de, polo menos, unha persoa con respecto ao persoal medio dos doce meses anteriores, e o devandito incremento manterase durante un período adicional doutraz vinte e catro meses. O incremento de persoal requerido nesta letra deberá ter como centro de traballo o inmoble adquirido obxecto desta dedución.

d) A adquisición deberá formalizarse nun documento público, no cal se fará constar expresamente a finalidade de afectar o inmoble á actividade económica. Non se poderá aplicar esta dedución se esta declaración non consta no documento público, nin tampouco no caso de que se fagan rectificacións do documento co fin de emendar a súa omisión, salvo que se fagan dentro do período voluntario de autoliquidación do imposto.

2. A dedución na cota será do 50 % respecto das adquisicións onerosas de inmobles que se encontren nas parroquias que non teñan a consideración de zonas pouco poboadas ou áreas rurais a que se refire o apartado sete deste artigo, e que se afecten como inmobilizado material a unha actividade económica, cando concorran as circunstancias indicadas no número anterior.

3. O incumprimento dos requisitos e das condicións establecidas implica a perda do beneficio fiscal, e o contribuínte deberá ingresar a cantidade derivada do beneficio fiscal xunto cos xuros de mora. Para estes efectos, o suxeito pasivo deberá practicar a correspondente autoliquidación e presentala no prazo dun mes, contado desde o momento en que se incumpran os requisitos.»

Dous. Engádese un apartado dez ao artigo 17, coa seguinte redacción:

«Dez. *Beneficios fiscais nos documentos notariais en que se formalice a adquisición onerosa, agrupación, división, segregación, declaración de obra nova e división horizontal de inmobles*

1. Establécese unha dedución na cota do 100 % correspondente ao gravame gradual sobre actos xurídicos documentados, documentos notariais, do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, aos documentos notariais en que se formalice a adquisición one-

rosa, agrupación, división, segregación, declaración de obra nova e división horizontal de inmobilés que se encontren nalgunha das parroquias que teñan a consideración de zonas pouco poboadas ou áreas rurais a que se refire o apartado oito deste artigo, e que se afecten como inmobilizado material a unha actividade económica, cando concorran as circunstancias previstas no apartado nove.1 do artigo 16 desta norma.

2. A dedución na cota será do 50 % cando os documentos notariais formalizados a que se refire o número anterior afecten inmobilés que se encontren nas parroquias que non teñan a consideración de zonas pouco poboadas ou áreas rurais a que se refire o apartado oito deste artigo, e que se afecten como inmobilizado material a unha actividade económica cando concorran as circunstancias previstas no apartado nove.1 do artigo 16 desta norma.

3. Para os efectos da aplicación das deducións previstas neste apartado, os prazos para o cumprimento dos requisitos do número nove.1 do artigo 16 comezarán a contar desde a devindicación do tributo. No caso de que esta dedución puider afectar varios feitos imponibles e entre o primeiro e o último ano que lle sexa aplicable esta dedución medie un período inferior a dous anos, os prazos comezarán a contarse a partir do último feito imponible realizado dentro do devandito período de dous anos.

4. O incumprimento dos requisitos e das condicións establecidas comporta a perda do beneficio fiscal, e o contribuínte deberá ingresar a cantidad derivada do beneficio fiscal xunto cos xuros de mora. Para estes efectos, o suxeito pasivo deberá practicar a correspondente autoliquidación e presentala no prazo dun mes, contado desde o momento en que se incumpran os requisitos.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro*

O texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro, queda modificado como segue:

Un. Modifícase o artigo 78, que queda redactado como segue:

«Serán considerados proxectos industriais estratégicos, coa excepción dos proxectos regulados na Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, aquelas iniciativas empresariais que cumpran, cando menos, dous dos seguintes requisitos:

a) Que supoñan un volume de investimento mínimo de vinte millóns de euros.

b) Que supoñan unha creación de emprego mínimo de cen postos de traballo directos, baixo a modalidade de contrato indefinido e computados a xornada completa.

c) Que complementen cadeas de valor ou que pertenzan a sectores considerados estratégicos e estean aliñados cos obxectivos da Unión Europea ou que se integren no financiamento “instrumento temporal de recuperación europea Next Generation EU”.»



Dous. Modifícase o artigo 80, que queda redactado como segue:

«1. A declaración de proxecto industrial estratéxico terá os seguintes efectos:

a) Implicará o carácter prioritario da tramitación por parte da Administración xeral da Comunidade Autónoma e das entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia dos procedementos administrativos necesarios para a implantación do proxecto.

b) Poderá xustificar a concorrencia de razóns de interese público para os efectos da tramitación de urxencia dos respectivos procedementos, que suporá a redución á metade dos prazos establecidos para o procedemento ordinario, agás os relativos á presentación de solicitudes e recursos, e aqueles taxados por normativa estatal básica que non poidan ser obxecto de redución.

c) A non suxección aos títulos habilitantes urbanísticos de competencia municipal.

d) A declaración de utilidade pública e de interese social do proxecto industrial estratéxico para os efectos expropiatorios, así como a necesidade e a urxencia da ocupación dos bens e dos dereitos afectados e o recoñecemento ao suxeito promotor do proxecto da condición de beneficiario da expropiación.

e) A declaración de incidencia supramunicipal e a declaración de urxencia ou de excepcional interese público para os efectos previstos neste texto refundido.

f) A declaración de prevalencia sobre outras utilidades públicas.

g) A adxudicación directa de solo empresarial promovido polo Instituto Galego da Vivenda e Solo ou por empresas públicas participadas por este que teñan entre os seus obxectos a creación de solo empresarial, nas condicións establecidas pola normativa sectorial.

h) A posible concesión de subvencións sen concorrencia competitiva, de acordo co disposto na lexislación de subvencións.

i) A imposición ou a ampliación de servidume de paso para as vías de acceso, as liñas de transporte e distribución de enerxía e as canalizacións de líquidos ou gases, de ser o caso, de conformidade coa normativa que as regule.

2. As determinacións contidas nos proxectos industriais estratéxicos terán forza vinculante para as administracións públicas e para os particulares e prevalecerán sobre as determinacións do planeamento urbanístico vixente, que deberá adaptarse a elas no prazo dun ano desde a data da súa aprobación e, en todo caso, na primeira modificación ou revisión del.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia*

A Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, queda modificada como segue:

Un. Engádese un artigo 3 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 3 bis. Definicións

1. Enténdese por solo empresarial o solo destinado maioritariamente por un instrumento de ordenación territorial ou urbanística aos usos produtivos do sector secundario ou terciario.

2. Enténdese por área empresarial unha superficie delimitada de solo constituído por un conxunto de parcelas, urbanizadas conforme a lexislación urbanística ou de ordenación do territorio, susceptibles de comercialización independente e cun destino principal que é a implantación de instalacións nas cales desenvolver usos e actividades económicas predominantes correspondentes aos sectores secundario ou terciario.»

Dous. Modifícase o artigo 42, que queda redactado como segue:

«1. Poderán ser declaradas polo Consello da Xunta de Galicia como iniciativas empresariais prioritarias aquelas que cumpran, cando menos, dous dos seguintes requisitos:

a) Que supoñan un volume de investimento mínimo en activos fixos, excluídos os inmobiliarios, dun millón de euros, incluíndo aqueles proxectos de xeración eléctrica a partir de fontes renovables nos que o destino final da enerxía eléctrica producida sexa o abastecemento da industria galega.

b) Que supoñan unha creación de emprego mínimo de vinte e cinco postos de traballo directos, baixo a modalidade de contrato indefinido e computados a xornada completa, non sendo de aplicación para os proxectos regulados na Lei 8/2009, do 22 de decembro.

c) Instrumentos de mobilización, recuperación, posta en producción e aproveitamento sustentable de terras agrarias e forestais, así como plans ou actuacións integrais de desenvolvemento rural.

d) Que complementen cadeas de valor ou que pertenzan a sectores considerados estratégicos ou que se integren no financiamento instrumento temporal de recuperación europea *Next Generation EU*.

2. Para o caso dos proxectos regulados na Lei 8/2009, do 22 de decembro, que non estean asociados ao autoconsumo industrial, poderán ser consideradas como iniciativas empresariais prioritarias aqueles proxectos que xustifiquen un compromiso industrial asociado á implantación do proxecto eólico que supoña a creación ou consolidación dun volume mínimo de vinte e cinco postos de traballo directos en Galicia, baixo a modalidade de contrato indefinido e computados a xornada completa, así como aqueles proxectos que xustificasen a totalidade dos compromisos industriais derivados da Orde do 29 de marzo de 2010 ou aqueles proxectos que supoñan un volume de investimento, tendo en conta o valor medio anual en función da tecnoloxía de mercado, superior a vinte millóns de euros, sempre que contem cun permiso de acceso e conexión firme e vixente e que contem con infraestruturas de evacuación autorizadas ou executadas e en funcionamento que permitan a vertedura á rede de transporte ou distribución da enerxía eléctrica xerada.

3. O Consello da Xunta de Galicia poderá, mediante acordo, reducir os límites sinalados nas letras a) e b) do apartado 1 cando se trate de iniciativas de emprendemento colectivo ou que contri-



búan á integración sociolaboral de persoas con discapacidade ou en risco de exclusión mediante fórmulas empresariais da economía social.»

Tres. Elimínase o apartado 2 da disposición transitoria cuarta, e esta queda redactada como segue:

«Disposición transitoria cuarta. *Prazos para solicitar autorizacións de explotación de parques eólicos*

1. As persoas titulares de autorizacións administrativa previa e de construcción, ou, de ser o caso, aprobación de proxecto, de parques eólicos obtidas con anterioridade á entrada en vigor desta lei disporán dun prazo de catro anos, contado desde súa a entrada en vigor, para solicitar a correspondente autorización de explotación. Excedido o prazo indicado sen que se solicitase a autorización de explotación, a dirección xeral con competencias en materia de enerxía poderá iniciar os correspondentes procedementos de revogación das autorizacións administrativa previa e de construcción ou, de ser o caso, aprobación do proxecto, con audiencia das persoas titulares.

2. O prazo para obter a autorización de explotación para as persoas promotoras con solicitudes de autorización administrativa previa e/ou de construcción en tramitación con anterioridade á entrada en vigor desta lei será, como máximo, de tres anos, contado desde a data de notificación da autorización de construcción. Excedido este prazo sen que se solicitase a autorización de explotación, a dirección xeral competente en materia de enerxía poderá iniciar os correspondentes procedementos de revogación das autorizacións administrativa previa e de construcción, con audiencia das persoas titulares.»

Disposición derradeira cuarta. *Modificación da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia*

Modifícase o número 3 do artigo 34 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, que queda redactado como segue:

«3. Non será preceptivo o informe da consellaría con competencias en materia de patrimonio cultural no caso dos instrumentos de planeamento urbanístico de desenvolvemento parcial de ámbitos limitados nos que a entidade local respectiva certifique a constancia da inexistencia de bens integrantes do patrimonio cultural de Galicia, baseándose nos informes previos, cunha antigüidade inferior a cinco anos, da consellaría con competencias en materia de patrimonio cultural relativos a outros plans, programas ou proxectos que afecten a totalidade do ámbito que se pretende ordenar e que inclúan un estudo completo do patrimonio cultural.

A entidade local respectiva comunicará a certificación emitida á consellaría con competencias en materia de patrimonio cultural.

Así mesmo, tampouco será preceptivo o devandito informe da consellaría con competencias en materia de patrimonio cultural nos plans, programas e proxectos en solo rústico, sempre que non afecten o solo de protección patrimonial, nin afecten ningún ben declarado de interese cultural ou catalogado, o seu contorno de protección ou, de ser o caso, a súa zona de amortecemento.»



Disposición derradeira quinta. *Modificación da Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia*

Modifícase a letra b) do número 3 do artigo 32 da Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia, que queda redactada como segue:

«b) Declaración de impacto, informe de impacto ou de incidencia ambiental, cando proceda segundo a normativa vixente en materia ambiental.»

Disposición derradeira sexta. *Modificación da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental*

A Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, queda modificada como segue:

Un. Modifícase o número 1 do artigo 3, que queda redactado como segue:

«1. Quedan sometidas ao disposto na presente lei aquelas instalacións de producción de electricidade obtida da enerxía eólica cuxa autorización, conforme o previsto no artigo 27.13 do Estatuto de autonomía, sexa competencia da Comunidade Autónoma. Ao resto de instalacións do mesmo tipo situadas no territorio de Galicia seránllas aplicables en todo caso as disposicións do título II, III e V da presente lei.»

Dous. Modifícase o número 4 do artigo 6, que queda redactado como segue:

«4. Non poderán implantarse parques eólicos fóra das áreas incluídas no Plan sectorial eólico de Galicia, coa excepción das modificacións substanciais dos parques en funcionamento nos termos que se desenvolvan regulamentariamente, así como aqueles proxectos que teñan unha clara incidencia territorial pola súa entidade económica e social, posúan unha función vertebradora e estruturante do territorio e sexan declarados como tales polo Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellaría competente en materia de enerxía.

En calquera caso, todos os proxectos deberán cumplir as distancias mínimas ás delimitacións do solo de núcleo rural, urbano e urbanizable residencial establecidas no artigo 33, e será necesario que o uso do solo sexa compatible coa implantación destas infraestruturas.»

Tres. Modificase o número 2 do artigo 29, que queda redactado como segue:

«2. Só se poderá solicitar o inicio dun procedemento de autorización administrativa previa e de construcción dun parque eólico se a persoa solicitante e o parque eólico cumplen cos requisitos establecidos nos artigos 30, 31 e 32, así como se contan co permiso de acceso á rede de transporte e distribución. Non serán admitidas aquellas solicitudes que incumpran estes requisitos.»

Catro. Modifícanse as letras e) e f) do número 4 do artigo 29, que quedan redactadas como segue:

«e) De ser o caso, proxecto sectorial, co contido e a documentación exixidos nos artigos 44 e 45 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, para os proxectos de interese autonómico.

f) Para aqueles casos en que a persoa promotora solicitase a declaración de utilidade pública, de acordo co artigo 44, relación de bens e dereitos afectados, así como a xustificación da necesidade da expropiación, xunto cunha declaración responsable dos acordos acadados coas persoas titulares dos bens e dereitos afectados.»

Cinco. Modifícase o artigo 33, que queda redactado como segue:

«1. As solicitudes de autorización administrativa previa e de construcción de parques eólicos estudaranse e tramitaranse na estrita orde temporal da súa data de presentación.

2. A dirección xeral competente en materia de enerxía verificará o cumprimento dos requisitos de capacidade das persoas solicitantes e das solicitudes indicados no artigo 29.2.

3. No caso de incumprimento dos devanditos requisitos, a dirección xeral competente emitirá unha resolución na que declarará a inadmisión da solicitude.

4. No caso de cumprimento, a dirección xeral competente notificará á persoa solicitante a admisión a trámite para que proceda ao pagamento da taxa de autorización administrativa recollida no código 02 do punto 37 do anexo III da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, ou norma que a substitúa. A persoa solicitante disporá dun prazo máximo dun mes para a presentación do xustificante de pagamento da devandita taxa.

A presentación do xustificante de pagamento da taxa será requisito necesario para que prosga a tramitación. Se o suxeito promotor non achegar a xustificación prevista no apartado anterior no prazo establecido, o órgano competente terá por desistido da súa solicitude.

5. A orde de tramitación das solicitudes de autorización administrativa admitidas poderase determinar mediante resolución motivada do centro directivo competente en materia de enerxía, tendo en conta as posibilidades de evacuación da enerxía eléctrica destes proxectos, así como os proxectos tractores ou que se declaren iniciativa empresarial prioritaria, de acordo coa normativa aplicable.

6. Previamente, a persoa promotora poderá solicitar ao órgano ambiental que elabore un documento de alcance do estudo de impacto ambiental, segundo o procedemento establecido no artigo 34 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, ou norma que a substitúa. No caso de proxectos que deban ser obxecto dunha avaliación ambiental simplificada, a dirección xeral competente en materia de enerxía remitirá ao órgano ambiental o documento ambiental do proxecto, para que realice o procedemento de consulta recollido no artigo 46 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, ou norma que a substitúa.

7. A dirección xeral competente en materia de enerxía enviará copia do proxecto sectorial do parque eólico ao órgano autonómico competente en materia de ordenación do territorio e urba-



nismo, para o efecto de obter, no prazo máximo de vinte días, informe sobre o cumprimento dos requisitos de distancias ás delimitacións do solo de núcleo rural, urbano ou urbanizable delimitado, establecidos no Plan sectorial eólico de Galicia.

Do mesmo xeito o número de lanzamentos derivados de execucións hipotecarias e de arrendamentos urbanos excederon dos 2.000, sen que polo goberno de a Xunta de Galiza se púxese a dispón das afectadas nun instrumento de orientación ou asesoramento xurídico, como existía no ano 2016 ou 2017.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta ao Goberno galego a que promova e financie o funcionamento, preferentemente mediante convenio cos Colexios da Avogacía de Galiza, de servizos de orientación e asistencia xurídica para a defensa e protección dos dereitos fundamentais e básicos das persoas.”

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Iria Carreira Pazos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandra Fernández Gómez

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 12/02/2021 13:44:59

Alexandra Fernández Gómez na data 12/02/2021 13:45:04

Xosé Luis Bará Torres na data 12/02/2021 13:45:13

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 12/02/2021 13:45:28



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas **Paula Prado del Río, José Manuel Rey Varela, Alberto Pazos Couñago, Marisol Díaz Mouteira, José Antonio Armada Pérez, Noelia Pérez López e Ana Belén García Vidal**, ao abeiro do artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan a seguinte **Proposición non de lei en pleno**.

Exposición de motivos:

Na actualidade, as Comisarías de Ourense e Lugo contan con Salas do 091, en funcionamento 24 horas ao día, 365 días ao ano, que atenden a máis de 200.000 veciños nas cidades de Ourense e Lugo. Estas Salas son o órgano de coordinación operativa por excelencia, como servizo máis próximo ao cidadán, que recibe os avisos dos cidadáns e distribúe os efectivos policiais, e están dotadas de avanzados equipos de comunicacóns e medios técnicos para afrontar con eficacia as situacóns de emergencia. Na área de telefonía, os axentes atenden as chamadas, recollen os datos precisos e activan de forma telemática os recursos necesarios para resolver a incidencia. O tempo medio de espera das persoas que solicitan o auxilio policial a través do 091 ata que a súa chamada é atendida sitúase ao redor dos 6 segundos.

A zona de radio é a que recibe a información do suceso a través dos operadores e encárgase de contactar coas patrullas máis próximas ao lugar onde se require a presenza de axentes co obxectivo de diminuir os tempos de resposta policial. Os operadores da sala do 091 son os responsables de comisionar os servizos e requirimentos operativos ás unidades e dotacións en servizo. Tamén centralizan e dan resposta ás peticións e consultas ás bases de datos de interese policial solicitadas polos axentes en servizo, e transmiten as instrucións oportunas relativas ao cumprimento das normas de aplicación das ordes xudiciais de afastamento e protección das vítimas de violencia de xénero.

Ademais, desde este centro de operacóns asúmese a coordinación operativa en caso de situacóns de risco inmediato, emergencias e dispositivos especiais. Temos noticias a través dos Sindicatos Policiais e dos veciños afectados de que o Goberno pretende trasladar A Coruña as Salas do 091 de Ourense e Lugo o cal minguaría de maneira importante o movemento e eficacia deste servizo prexudicando a seguridade en ambas as cidades, debido á proximidade e ao coñecemento que deben ter os axentes da zona de influencia. Sendo este un servizo que require de proximidade para que o tempo de reacción sexa o máis rápido posible, cun coñecemento exacto de cada recuncho da cidade. Así mesmo as Comisarías de Policía Nacional de Ourense e Lugo contan cun



déficit de 49 e 41 axentes respectivamente, o cal fai necesario e urgente cubrir o total dos persoais.

Por todo iso, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte Proposición non de Lei en pleno:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España a manter as Salas do 091 da Policía Nacional nas Comisarías de Ourense e Lugo, e así mesmo aumentar os medios humanos e materiais cos que contan ditas Comisarías provinciais.”

Santiago de Compostela, 12 Xaneiro do 2021.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 12/02/2021 14:00:26

Paula Prado del Río na data 12/02/2021 14:00:51

José Manuel Rey Varela na data 12/02/2021 14:01:10

José Alberto Pazos Couñago na data 12/02/2021 14:01:35

María Sol Díaz Mouteira na data 12/02/2021 14:02:05

José Antonio Armada Pérez na data 12/02/2021 14:02:25

Noelia Pérez López na data 12/02/2021 14:02:55

Ana Belén García Vidal na data 12/02/2021 14:03:18



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas **José Antonio Armada Pérez, Paula Prado del Río, José Manuel Rey Varela, Alberto Pazos Couñago, Marisol Díaz Mouteira, Noelia Pérez López e Ana Belén García Vidal**, ao abeiro do artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan a seguinte **Proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos:

O pasado 31 de xaneiro, como consecuencia do aumento da incidencia sanitaria da COVID-19, o goberno portugués decretou o peche das súas fronteiras e limitou a "casos excepcionais" as viaxes dos seus cidadáns ao estranxeiro. Pola súa banda, o goberno español confirmaba a medida, falando de controis na fronteira terrestre.

Como consecuencia destes feitos, víronse afectados 24 dos 27 pasos fronteirizos que Galicia ten con Portugal, e a situación agravou, aínda máis, a difícil situación socioeconómica provocada pola pandemia en toda a zona da "raia". Os traballadores transfronteirizos, así como aqueles que acrediten, documentalmente, causas de forza maior ou situación de necesidade, deben someterse, ademais de a largas colas nos pasos habilitados, a percorridos de ata 200km para cruzar a fronteira

Esta realidade non é nova, e repite situacions xa denunciadas e reclamadas pola Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal (GNP-AECT), que puxo en coñecemento da Comisión Europea estas dificultades, no marco do webinar "*The role of SMEs in border regions*", organizado pola ARFE (Asociación de Rexións Fronteirizas de Europa).

Queda clara a necesidade de artellar medidas que permitan facilitar a mobilidade de traballadores fronteirizos e acadar pasos más permeables, polo que O Grupo Parlamentario Popular do Parlamento de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar aos Gobernos de España e de Portugal a abrir máis pasos fronteirizos co fin de facilitar a mobilidade das persoas traballadoras na área de fronteira".



Santiago de Compostela, a 12 de Febreiro 2021.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 12/02/2021 14:45:43

José Antonio Armada Pérez na data 12/02/2021 14:46:16

Paula Prado del Río na data 12/02/2021 14:46:49

José Manuel Rey Varela na data 12/02/2021 14:47:04

María Sol Díaz Mouteira na data 12/02/2021 14:47:21

Noelia Pérez López na data 12/02/2021 14:47:44

Ana Belén García Vidal na data 12/02/2021 14:48:13



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Manuel Lourenzo Sobral** e **Daniel Castro García** e das deputadas **Montserrat Prado Cores** e **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a situación epidemiolóxica nos centros educativos de Vilagarcía de Arousa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación epidemiolóxica nos centros educativos do concello de Vilagarcía de Arousa, non fai máis que corroborar a falta de medios e de adopción de medidas preventivas neste contexto. Son moitos os centros que contan con alumnado e profesorado contaxiado e que, do mesmo xeito, se atopan con barreiras para o desenvolvemento do proceso educativo. Os protocolos e medidas que a Consellaría trasladou aos centros resultan unha vez máis, papel mollado, xa que como ben sendo de costume, non veñen acompañadas de investimento en recursos humanos e materiais. Aulas espello, docencia telemática...medidas todas elas inviables cos recursos que teñen os centros ao seu dispoñer.

Ante esta situación, atopámonos con problemas de conectividade nos centros, falta de equipos informáticos, profesorado triplicando esforzos e traballando dende os seus equipos persoais e coa súa conexión privada para poder dar resposta ás esixencias da Consellaría e por outra banda, para facilitar na medida das posibilidades, que o alumnado poida seguir o seu proceso educativo. Estamos a falar de que en centros de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ensino secundario, non se poden conectar a unha videoconferencia máis de 2 alumnos/as á vez, ou de que un aula de bacharelato non pode seguir unha actividade virtual.

Ademais destas problemáticas, no IES Miguel Ángel González Estévez de Carril, engádese o problema do horario. Este centro ten xornada de mañá e tamén conta coa tarde do martes no horario lectivo. Tendo en conta que alumnado do concello de Catoira asiste a este centro por ser o máis próximo con bacharelato, atópase na tesitura de que os martes queda fóra do recinto sen ter onde xantar nin onde resguardarse, posto que no contexto actual a hostalería está pechada e do mesmo xeito non poden permanecer no centro. Tras varias solicitudes de cambio de horario, para suprimir esa tarde e que o alumnado poida volver ás súas casas sen ter que quedarse a comer, a resposta da consellaría é , outra vez, que a dirección do centro busque a solución coa empresa de transporte. A día de hoxe os rapaces e rapazas de Catoira seguen a xantar na rúa posto que a empresa non acepta a petición do centro e a Consellaría , fai o propio, deixar andar.

Se todo isto, xa supón un problema fundamental no ensino, existe outro aínda más grave e importante, os contaxios descontrolados no CEIP Plurilingüe Rosalía de Castro de Carril. Esta mesma semana, Sanidade recoñecía a transmisión de coronavirus no colexiño. Mientras as familias e o profesorado levan semanas demandando medidas de control do virus como a desinfección ou o peche do centro, o Conselleiro de Educación limitábase a pedírlles que confiaran no criterio clínico.

Aulas de 1º de primaria nas que houbo que esperar a que foran varios nenos e nenas os que deran positivo para pechalas. Falamos, por exemplo, dunha soa aula con 8 nenas/os contaxiados, maila profesora. Nenas e nenos confinados nas súas casas desde hai 20 días sen facerelles aínda a PCR, familias enteiras contaxiadas, varias aulas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

pechadas...E ante esta situación a única solución é “confiar no criterio clínico”, cando as nais e pais levan vendo como se manipulan os datos dende o inicio desta situación.

As familias merecen que se lles responda aos escritos presentados e non simplemente a través da prensa cando non lle queda máis remedio.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1º Solucionar os problemas de conectividade nos centros, falta de equipos informáticos e de profesorado para paliar os efectos da Covid- 19 nos centros de ensino de Vilagarcía de Arousa.

2º Que se atendan as demandas da comunidade educativa e se habilitem solucións para o alumnado afectado polos problemas de horario, transporte e falta de espazos nos que resgárdase poida desenvolver a súa actividade académica.

3º Que se habilitem os mecanismos de desinfección e mesmo peche do centro se fose necesario para conter o contaxio descontrolado do Covid-19 CEIP Plurilingüe Rosalía de Castro de Carril.”

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2021





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Daniel Castro García

Mercedes Queixas Zas

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 12/02/2021 15:51:36

Daniel Castro García na data 12/02/2021 15:51:41

María Montserrat Prado Cores na data 12/02/2021 15:51:55

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 12/02/2021 15:52:06



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas **Paula Prado del Río, José Manuel Balseiro Orol, Alberto Pazos Couñago, Teresa Egerique Mosquera, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Elena Súarez Sarmiento e Daniel Vega Pérez** ao abeiro do artigo 160 e concordantes do Regulamento da **Proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos:

Galicia non se entende sen o mar, nin as súas mulleres, xa que a súa actividade demostrou ser clave para a consecución dun desenvolvemento pleno e sostible do medio, o cal constitúe unha garantía de viabilidade, identidade, progreso e cohesión para toda a sociedade.

O papel da muller no sector pesqueiro é incuestionable sexa cal for o seu ámbito de actuación: redeira, mariscadora, comercializadora, armadora, transformadora, etc. Poñer en valor e recoñecer a posición das mulleres do mar, é necesario dende diversos puntos de vista, xa que o futuro do mar pasa por manter e mellorar a súa situación laboral.

E así, mellorar a situación das mulleres do mar significa entender o seu valor, fomentar a súa visibilidade e impulsar unha igualdade real de oportunidades en materia de acceso e condicións de emprego, impulsar a súa capacidade para emprender e promover condicións que faciliten a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

É de especial importancia o traballo de visibilización das mulleres profesionais do mar, reforzando o seu empoderamento, defendendo os seus intereses profesionais das que traballan nas actividades vinculadas coa actividade pesqueira, marisqueira, acuícola e actividades e servizos vinculadas a estas e incrementando o liderado das mulleres, impulsando a súa participación nos órganos de decisión do sector.



Concretamente, con medidas como: a realización de accións de capacitación e mellora das competencias das mulleres para facilitar a súa incorporación ao sector pesqueiro, apoio ás iniciativas empresariais lideradas por mulleres e para a creación de emprego feminino no mar; apoio ao desenvolvemento profesional das mulleres do mar a través da incorporación da perspectiva de xénero ás estratexias de desenvolvemento local; e co deseño e execución de accións para o recoñecemento e posta en valor do traballo das mulleres do mar.

Conseguir o recoñecemento social, económico e institucional que merecen as mulleres do mar é unha prioridade na nosa Comunidade Autónoma

Por todo o anterior, O Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a :

1. Seguir a impulsar a empregabilidade e o desenvolvemento profesional das mulleres do mar como motor de dinamización demográfica e crecemento económico dos seus municipios
2. Apoiar o empoderamento das mulleres do mar e a súa incorporación ás estruturas de decisión do sector económico pesqueiro
3. Visibilizar e poñer en valor o liderado e o talento feminino no sector marítimo-pesqueiro”.

Santiago de Compostela, 12 de Febreiro 2021.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 12/02/2021 17:50:30

Paula Prado del Río na data 12/02/2021 17:50:50



Teresa Egerique Mosquera na data 12/02/2021 17:51:21

José Manuel Balseiro Orol na data 12/02/2021 17:52:35

José Alberto Pazos Couñago na data 12/02/2021 17:53:09

Ana Belén García Vidal na data 12/02/2021 17:53:39

Manuel Santos Costa na data 12/02/2021 17:53:58

María Elena Suárez Sarmiento na data 12/02/2021 17:54:40

Daniel Vega Pérez na data 12/02/2021 17:55:06



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños** e dos deputados **Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre as reclamacións feitas ás entidades bancarias no Banco de España.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 12 de febreiro de 2021 o Banco de España facía pública unha nota informativa pola cal daba publicidade aos datos referidos ás reclamacións recibidas ao seu abeiro. Cómpre recordar que no caso das reclamacións ás entidades bancarias a clientela debe en primeiro lugar reclamar de forma directa a través dos departamentos correspondentes das propias entidades.

Segundo a información facilitada, o Banco de España recibiu un total de 21.337 reclamacións no ano 2020. Esta cifra constitúe un 45,8% máis do que o ano anterior. Aínda que estes datos do Portal do Cliente Bancario son provisionais constatan que malia ser 2020 o ano da pandemia, a clientela dos bancos non estivo exenta de desacordos coas entidades.

Segundo esta información provisional, a meirande parte do aumento ten que ver con reclamacións referentes a tarxetas e tamén á xestión de contas e depósitos. Atribúen o aumento das reclamacións de tarxetas ao aumento do comercio electrónico durante a pandemia e o aumento das reclamacións referentes a contas. Aínda así, o grosor das reclamacións continúa relacionado con asuntos referentes a préstamos hipotecarios.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Sinálase tamén como arredor dun 70% das reclamacións son resolvidas a favor da clientela.

Aínda sendo estes datos provisionais, e á espera da publicación da Memoria de Reclamacións 2020, a Xunta de Galiza, ao abeiro das súas competencias en materia de consumo, debe facer seguimento desta situación e comparar estes datos coa súa propia experiencia. Así mesmo, tendo en conta o aumento dos abusos ao abeiro da pandemia da covid-19, que mesmo teñen sido atentidos por parte da CNMC a través dun buzón específico de consultas ademais de a través das reclamacións de usuarias e usuarios, a administración galega debe aumentar as súas medidas e actuacións na defensa das e dos consumidores.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a elaborar, a través do Instituto Galego do Consumo e da Competencia, un estudo sobre o impacto da pandemia na covid-19 e remitir os seus resultados ao Parlamento Galego para a elaboración e aprobación de propostas de resolución para toma de medidas de reforzo do papel de asesoramento e defensa das persoas consumidoras.”

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2021

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 15/02/2021 10:25:13

Daniel Pérez López na data 15/02/2021 10:25:17

Ramón Fernández Alfonzo na data 15/02/2021 10:25:29

Noa Presas Bergantiños na data 15/02/2021 10:25:38





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Noa Presas Bergantiños, María González Albert e Carme González Iglesias**, e dos deputados **Iago Tabarés Pérez Piñeiro, Luis Bará Torres, Ramón Fernández Alfonzo e Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre os macroproxectos eólicos proxectados para Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza asiste nestes momentos a un boom eólico desenvolvido sen unha adecuada planificación e vixilancia pública, baixo unha arquitectura legal obsoleta e sen garantías para a participación social e a salvagarda do patrimonio natural. Isto acontece cun evidente abandono de funcións por parte da Xunta de Galiza, que nega un debate arredor de cal debe ser o novo modelo enerxético galego para a descarbonización ao tempo que impulsa mudanzas lexislativas para reducir garantías á sociedade e aos concellos galegos e abrir a porta a grandes multinacionais sen retorno socioeconómico e sen unha mínima protección dos valores naturais.

Neste contexto, despois dunha década de parálise, asistimos a unha expansión sen precedentes. Desde a entrada de Núñez Feijoo no ano 2009 ata o ano 2018 non se instalaran en Galiza nin 300MW. No 2019, nun só ano, puxéronse en marcha 19 parques e 400MW instalados máis, un número maior aos instalados na década anterior. Este desenvolvemento, que podería parecer positivo, estase a dar de forma abrupta, sen planificación e sen consenso coa sociedade dos lugares afectados, e en moitos casos a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

través dunha fraudulenta fragmentación dos proxectos en proxectos más pequenos para ocultar o seu verdadeiro impacto. Recentes sentenzas xudiciais como a de Sasdónigas ou da Serra do Iribio dan conta desta situación sinalan tamén o papel da administración galega á hora de rebaixar garantías ambientais e desprotexer espazos singulares.

Ademais, Galiza asiste por primeira vez ao intento por parte de grandes empresas de promover parques eólicos de más de 50MW, que dependen do Estado e segundo o recollido na lei do sector eléctrico do ano 2013 realizan a súa tramitación ante o Ministerio responsable de enerxía, neste caso o Ministerio para a Transición Ecolólica e o Reto Demográfico.

O 07 de xaneiro de 2021, e ata o 18 de febreiro, iniciábase a través do soporte dixital do MITECO o prazo de consultas a diferentes entidades do Documento Inicial do Parque eólico Rebordechao, cun total de 154MW e que implicaba aos seguintes concellos: Nogueira de Ramuín, Xunqueira de Espadanedo, Montederramo, Maceda, Vilar de Barrio, Laza, Castrelo do Val, Verín, Monterrei e Cualedro, todos eles pertencentes ao que administrativamente se coñece como provincia de Ourense. Cun día de diferenza, o 8 de xaneiro de 2021, e até o 19 de febreiro, iniciábase a través do soporte dixital do MITECO o prazo de consultas a diferentes entidades do Documento Inicial do Parque eólico de Barxas, de 121 MW e que implica a municipios do Bierzo e de Galiza, tanto na zona de Lugo como de Ourense. Estamos a falar neste caso dos municipios de Barxas, Oencia, Trabadelo e Veiga de Valcarce (pertencentes a León) e O Barco de Valdeorras, Petín e Vilamartín de Valdeorras (pertencentes a Ourense), e polos axentes consultados ao fío deste Documento inicial sabemos que atinxo tamén a diversos municipios de Lugo Sul (Pedrafita, Quiroga, Folgoso do Caurel, Ribas de Sil, As Nogais) e en Ourense tamén a Larouco, San Xoán de Río e Trives.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Doce días despois de coñecérense estes dous proxectos xa citados, a través das mesmas canles e cun prazo de consulta até o día 3 de marzo de 2021, sae á luz o Proxecto do Parque eólico de Prada, cunha potencia prevista de 170,5 MW e que atinxe os municipios seguintes: A Pobra de Trives, A Veiga, Carballeda de Valdeorras, Larouco, O Barco de Valdeorras, Petín, San Xoán de Río (Ourense) e Quiroga (Lugo).

Malia o intento da empresa de proceder á fragmentación en tres proxectos, é evidente pola súa dimensión e pola afectación no territorio de que se trata dun mesmo proxecto que une os tres megaparques nun só. Ademais, está impulsado polo mesmo conglomerado empresarial e no que atinxe aos de Prada e Barxas mesmo comparten necesidades técnicas de evacuación. Cómpre recordar que Statkraft é un grupo con sede en Oslo e controlado polo estado noruegués. Este proxecto supón un total de 445MW, unha potencia superior á existente no territorio de Ourense, á impulsada no período 2009-2018 e mesmo á impulsada no conxunto de Galiza no ano 2019, o que dá idea da súa dimensión.

Desde o grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego observamos con gran preocupación esta situación, que está a ser contestada xa desde o ámbito asociativo e desde o ámbito municipal. Estamos a falar dunha implantación sen precedentes nunha expansión territorial descomunal e carente dunha planificación que poida ser acorde coas necesarias garantías ambientais. Exemplo disto é a proximidade e a interferencia con zonas de alto valor natural, arqueolóxico, patrimonial, social e económico e mesmo de zonas con diversas categorías de protección.

O proxecto proposto afecta de forma severa a diferentes zonas de alto valor ambiental e é incompatible coa súa protección. Podemos sinalar as afectacións más graves nas áreas do Macizo Central e dos Montes de Trevinca. A unha distancia insuficiente do parque, ou dentro do propio parque, atopamos áreas de importante





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

protección internacional, como por exemplo a IBA A Limia e IBA Montes Aquilanos, IBA Sierra de La Cabrera para a protección das aves. O macroproxecto noruegués tamén ten unha importante afectación á Rede Natura 2000 e Lugares de Importancia Comunitaria (LIC). Afecta a ZEC do Macizo Central, ZEC Río Támega, ZEC Bidueiral de Montederramo, ZEC Ancares – Courel, ZEC Ribeiras do Río Sil e afluentes, ZEC Serra Enciña da Lastra ou ZEC Pena Trevinca. Por outra banda, existe unha clara afección a Lugares de Interese Xeológico no gran proxecto que supón a convención destes megaparques.

O macroproxecto tamén afecta á Rede Galega de Espazos Naturais pola súa proximidade ao parque natural de O Invernadoiro, a 6,49 km, ZEPVN dos Ancares-Courel, Macizo Central, Río Támega e Bidueiral de Montederramo. Afecta tamén diversas catalogacións de protección da fauna e da flora e a especies coa consideración de perigo de extinción, de atención preferente ou vulnerable. Por exemplo, podemos sinalar a proximidade ou intromisión en diversas Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA).

Así mesmo, salienta a afectación por proximidade (Rebordechao) ou inclusión (Barxas e Prada) na Zona Plan de Xestión do Lobo en Galiza e de cheo na zona de recuperación do sapoconcho. Podemos sinalar tamén a intromisión na recuperación e protección da auganeira (Desmán ibérico), o oso pardo (do que a Xunta de Galiza segue sen actualizar o correspondente Plan de Conservación), a aguia real, diversas especies de morcego, invertebrados recollidos no Catálogo Galego de Especies Ameazadas.

É de sinalar tamén a profunda afectación que a instalación deste proxecto industrial pode ter nas augas pola proximidade extrema a reservas naturais fluviais e zonas protexidas de auga potábel (ZPAP) como poden ser, citando só algunas, Rego de Candis, Río Casaio II, Río Leira, Rego Marinan, Río Entoma, Río Bibei IV, Río Casaio





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

I, a da Bacía do Sil, do embalse de Santiago, os río Lor, Valcarce, Barxa, Navea, Ribeira Grande ou da contorna de Laza e Verín. Neste sentido, cómpre mencionar a climatoloxía específica desta parte do país e as súas necesidades crecientes derivada de períodos de seca con importantes consecuencias para a poboación e para o sector agrogandeiro, que deben terse presentes. Así mesmo, cómpre ter en conta o impacto sobre as masas de auga, por exemplo sobre as seis masas de auga subterráneas da bacía do Sil recollidas no correspondente Plan Hidrolóxico e afectadas pola instalación de aeroxeradores. Finalmente, é necesario ter en conta tamén aos humidares, por exemplo á proposta para humidal protexido de Lagoas de Pena Trevinca.

Sen dúbida este macroproyecto ten un impacto xeral sobre os ecosistemas do Macizo Central e das montañas de Trevinca moi alto polos movementos de terra para a súa construción, polo impacto das construcións e polo impacto sonoro. Ademais, carecen de estudo algúns respecto do impacto socioeconómico máis alá de referir datos estatísticos, o que fai prever o seu reducido ou nulo beneficio nestes termos.

Por outra banda, non se están a valorar os impactos no ámbito do patrimonio cultural, que tocaría diversos elementos catalogados BIC como son a Igrexa de Santa Marina e o Castelo de Balboa (Balboa), o Castelo de Corbedo (Folgoso do Courel), a Fortaleza do Castro no Barco de Valdeorras ou a afectación ao Camiño de Santiago -en varios municipios así como o impacto en elementos arqueolóxicos catalogados no concello de Petín ou na Mámoa do Alto da Moeda na Veiga.

Finalmente, cómpre insistir en que o impulso a este macroproyecto enmárcase nun contexto de abuso de poder por parte das grandes multinacionais eléctricas fronte ás persoas propietarias, comunidades de montes e outras entidades, reducindo a capacidade de negociación. Así mesmo, este tipo de proxectos carecen de planificación algúns





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

para impulsar a participación pública dos beneficios do sector nin para levar incorporados plans de desenvolvemento económico e industrial adecuados.

A realidade é que hoxe en día, malia a propaganda que acompaña este novo boom, o retorno en termos económicos da produción de enerxía eólica é moi reducido. Na actualidade, os propietarios reciben de media entre o 1,1 e o 2,4% do total da facturación dos parques. Con respecto aos concellos galegos, a parte que fica no territorio da facturación é de aproximadamente o 5% e no contexto actual cómpre ter en conta que o contexto da covid-19 está a ser aproveitado pola Xunta de Galiza para coartar aos concellos a rebaixas impositivas para a atracción de proxectos industriais, que van afectar a este ámbito, reducindo o retorno aínda máis. Mesmo atendendo aos datos que facilita a patronal, se o impacto no PIB é de máis de 580M€, só a reducida cantidade de 11M€ (1,89%) son percibidos polos propietarios dos terreos (datos de 2019, de acordo coa Asociación Eólica de Galicia (EGA).

O noso país padece a falta de planificación consensuada dun novo plan eólico e ao mesmo tempo, neste caso, engádese que a tramitación dun proxecto cun impacto tan acusado depende fundamentalmente de decisións do ámbito do Estado, afastando unha vez máis os centros de decisión.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Demandar do goberno central que desbote elaboración o documento de determinación do alcance do estudo de impacto ambiental dos tres macroproxectos de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Statkraft denominados Rebordechao, Prada e Barxas pola grave e irreversible afectación sobre a calidade paisaxística, a fraxilidade e a vulnerabilidade ambiental nas fases de construcción, explotación e desmantelamento e polo grave prexuízo ambiental, económico e social que tería sobre o territorio e as súas comunidades.

2. Impulsar un novo consenso para substituír a vixente lei de aproveitamento eólico e planificar o desenvolvimento da enerxía eólica da próxima década harmonizando os obxectivos e intereses económicos, enerxéticos, sociais e medioambientais, garantindo a transparencia, a avaliación ambiental por parte das administracións públicas e a limitación dos procesos expropiatorios ao mínimo. Para iso, aprobarase un novo Plan Sectorial Eólico cunha ampla participación dos axentes implicados e que preceptivamente inclúa un informe do Consello Económico e Social e un amplo proceso de exposición pública de cara a reunir o meirande consenso posíbel.

3. Aumentar de forma urxente o territorio protexido apostando polo desenvolvemento de figuras de ordenación e protección do territorio, salvaguardando espazos de alto interese ambiental: ampliación da Rede Natura, Estratexia de Infraestrutura Verde, Áreas de Interese Paisaxístico. Reinicio da ampliación da Rede Natura e paralización de proxectos que afecten tanto á ampliación proposta en 2008 como a iniciada en 2012.”

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2021

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

María González Albert





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Carme González Iglesias

Iago Tabarés Pérez Piñeiro

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 15/02/2021 11:06:55

Daniel Pérez López na data 15/02/2021 11:07:00

Ramón Fernández Alfonzo na data 15/02/2021 11:07:12

María do Carme González Iglesias na data 15/02/2021 11:07:24

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 15/02/2021 11:07:31

María González Albert na data 15/02/2021 11:07:40

Noa Presas Bergantiños na data 15/02/2021 11:07:47





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López** e da deputada **Carme González Iglesias**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a constitución dun centro de reparacións en NAVANTIA RÍA DE FERROL.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O plan industrial que precisa a comarca de Ferrol, eterna promesa de todos os gobiernos, non é outro que poñer NAVANTIA a traballar, desfacéndose das restriccións actuais e aproveitando todos os segmentos de actividade que potencialmente poderían concorrer nas instalacións de NAVANTIA na ría de Ferrol.

Non hai ningunha outra posibilidade real de traer nada a Ferrol que poida substituír ou equipararse á construcción naval: en volume de emprego, na diversidade de actividades que concorren na construcción dun barco, no seu nivel tecnolóxico, en potencial exportador, e no efecto multiplicador do prezo da obra na economía comarcal: 4,5€ por cada 1€ segundo cálculos de SEA EUROPE.

A industria da construcción naval e das tecnoloxías marítimas, é intrinsecamente diversa, sendo os antecedentes históricos de NAVANTIA na ría de Ferrol bon exemplo de esta diversificación industrial, que debería recuperarse e promoverse.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Un de esos segmentos de actividade que veñen significando un importante volume de actividade e de emprego para os estaleiros e para a comarca é o das reparacións.

Unha facturación de 750 millóns de euros para a propia Navantia nos 10 últimos anos xa da idea da súa importancia, pero para achegarnos realmente ao que significa para a sociedade comarcal é preciso ter presente que un 18% dos seus gastos son persoal directo de Navantia e un 64% persoal de subcontratas, porcentaxes elevadísimas en comparación con outras áreas de negocio onde os materiais e a enxeñaría son as partidas más importantes; que xera un 10% de negocio a maiores en consignatarios, prácticos, remolcadores, e taxas portuarias, e ademais entre 8.000 e 15.000 pernoctacións/ano nos establecementos hoteleiros da zona.

A día de hoxe non hai máis que un dique que poda acoller buques de grandes dimensións, polo que Navantia Ría de Ferrol vese na obriga de renunciar a contratos por falta de dispoñibilidade, unha media de 5 buques por ano durante nos últimos 10 anos. Polo que un novo dique seco específico para reparacións sería importante no só para atender a demanda xa existente na actualidade, senón para poder aspirar a novos mercados por tipoloxía de buques, así como para compatibilizar eses traballos cos das grandes transformacións, que a día de hoxe implican desatender outros potenciais clientes durante todo o tempo que se prolongue a ocupación do dique.

Por outra banda é obrigado lembrar que a constitución dun centro de reparacións en Navantia Fene foi no seu día unha promesa do Partido Popular. Un dos 13 compromisos do “Contrato con Ferrol” do Presidente Feijóo durante a campaña electoral do ano 2009, co que prometía crear 2.000 postos de traballo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E que a falta de concreción daquela promesa deu lugar a que durante o ano 2011 o BNG presentara unha iniciativa parlamentaria que foi aprobada por unanimidade e que no seu punto 6 recolle explicitamente: “Esixirlle a Xunta de Galiza que colabore coa SEPI no cofinanciamento e desenvolvemento dun centro de reparacións de Navantia, na ría de Ferrol, de acordo co “Contrato con Ferrol” exposto polo presidente Núñez Feijóo en 2009.”

En resumo, que a grave crise industrial que vive a comarca de Ferrol fai que sexa do máis urxente dotarnos de aquelas infraestruturas que terían un impacto positivo inmediato na creación de emprego na comarca, como un novo dique para a área de reparacións de Navantia Ría de Ferrol, e que a Xunta de Galiza participe efectivamente na constitución de ese centro de reparacións mesmo con financiamento, tal como se aprobou no texto da iniciativa antedita.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Colaborar coa SEPI no cofinanciamento e desenvolvemento dun centro de reparacións en Navantia Ría de Ferrol
2. Promover as alianzas ou acordos necesarios entre os estaleiros galegos privados e Navantia Ría de Ferrol para contratar preferentemente entre eles aqueles traballos que non poidan realizar por si propios.”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2021

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

Daniel Pérez López

Carme González Iglesias

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 15/02/2021 11:51:13

María do Carme González Iglesias na data 15/02/2021 11:51:18

Daniel Pérez López na data 15/02/2021 11:51:27

Ramón Fernández Alfonzo na data 15/02/2021 11:51:37





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Alexandra Fernández Gómez** e **Carme González Iglesias** e dos deputados **Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a situación da empresa Pili Carrera no concello de Mos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A empresa téxtil Pili Carrera que conta coa súa planta de producción no Concello de Mos, foi nas últimas décadas unha das fábricas do seu sector máis importantes da comarca e constituíu, ademais, unha das marcas de referencia da moda infantil galega, cunha traxectoria de máis de 50 anos.

En 2018 a empresa contaba cun total de 120 empregadas, chegando a operar en máis de 15 países e con presencia en máis de 600 puntos de venda. Porén, dende ese ano a empresa iniciou un proceso de caída e desmantelamento progresivo. Nese mesmo ano, a empresa entrou en concurso de acredores pola súa situación de insolvencia, situación que se saldou co despido de 39 traballadoras, o peche de tendas e un reaxuste da producción.

Na actualidade na fábrica de Mos a empresa conta con 60 traballadoras, das cales a súa maioría son mulleres que levan décadas traballando nesa fábrica; sendo na maioría dos casos persoas que accederon aquí ao seu primeiro posto de traballo, polo que o impacto que tería a destrución destes empregos sería moito maior.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A situación delicada pola que foi atravesando a empresa nos últimos anos concluíu nun repentino comunicado de peche por parte da empresa, mentres anunciaba ao cadro de persoal a solicitude de liquidación voluntaria no xulgado do Mercantil.

A empresa comunicou ás traballadoras que só estaba en disposición de garantir o cobro das nóminas de xaneiro, mais até o de agora as traballadoras seguen agardando polo pagamento da nómina dese mes.

A situación é polo tanto moi delicada, namentres as traballadoras agardan que se abra unha alternativa que dea continuidade á fábrica. A liquidación da empresa non debería supor o peche da actividade xa que a planta conta cunhas instalacións, unha maquinaria e un capital humano preparado para seguir producindo.

Até o momento, as traballadoras teñen noticia dunha posible proposta de compra dun empresario galego, pero descoñecen a situación na que se atopan esas posibles negociacións. Segundo forzas sindicais a firma precisaría de financiación mentres agardan a entrada dalgún novo inversor. Polo que a situación de incerteza das traballadoras é total.

Existe unha necesidade evidente de que a Xunta se implique activamente e de forma urgente para axudar a buscar unha alternativa para a fábrica, toda vez que conta con instalacións e maquinaria modernas, e un cadro de persoal experimentado. Cómpre subliñar que estamos a falar dun sector vector no país como é o téxtil e que, ademais, vai ser un piar na saída ao actual momento de crise. A Consellaría de Industria ten manifestado a súa vontade de diálogo, mais debe dar pasos decididos e áxiles para buscar posibles proxectos alternativos que dean unha solución de continuidade aos 60 postos de traballo que están en xogo. No actual contexto de crise o Goberno galego non





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

debería permitir o peche de nin unha soa industria, por iso é necesaria a súa implicación para conducir a posibles proxectos alternativos.

O grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, á vista da situación, expresa a súa rotunda oposición a que se perda calquera posto de traballo e a que se peche unha nova industria téxtil galega.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a intervir activamente para procurar unha alternativa de futuro para a fábrica de Pili Carrera en Mos e que dea continuidade aos postos de traballo. Para iso, solicitamos que de forma urxente a Xunta se involucre na mediación e na procura de inversores, na elaboración dun Plan de viabilidade, así como en todas aquelas accións que axuden a garantir a continuidade da unidade produtiva.”

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2021

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Carme González Iglesias

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme González Iglesias na data 15/02/2021 12:24:42

Ana Pontón Mondelo na data 15/02/2021 12:24:50

Daniel Pérez López na data 15/02/2021 12:25:07

Ramón Fernández Alfonzo na data 15/02/2021 12:25:16

Alexandra Fernández Gómez na data 15/02/2021 12:25:24





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López** e da deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a modificación do Decreto 23/2021, polo que se crean e regulan os rexistros de intermediarios de crédito inmobiliario e de prestamistas inmobiliarios de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 5/2019, do 15 de marzo, reguladora dos contratos de crédito inmobiliario ten como obxecto a transposición da Directiva 2014/17/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 4 de febreiro de 2014, así como, e segundo establece a súa exposición de motivos, “vista a experiencia até a data, recuperar a confianza dos prestameiros, introducindo unhas previsións cuxa finalidade é a de potenciar a seguranza xurídica, a transparencia e comprensión dos contratos e das cláusulas que os componen, así como o xusto equilibrio entre as partes.”

Ao abeiro da Lei 5/2019, a Xunta de Galiza ven elaborando a normativa de desenvolvemento no ámbito das súas competencias, o que inclúe a obriga de crear un Rexistro de intermediarios de crédito inmobiliario que se regula no Decreto 23/2021.

A creación de este rexistro podería terse aproveitado para definir correctamente o ámbito de aplicación da propia Lei 5/2019, excluíndo explicitamente aqueles operadores que polas súas características intrínsecas e sociais deberían quedar ao marxe da aplicación de esta normativa, e nomeadamente, as seccións de crédito das





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cooperativas, xa que non interveñen no mercado de servizos financeiros con carácter empresarial ou profesional, nin con unha finalidade exclusivamente inversora.

De feito, estas entidades están sometidas con carácter a xeral a un distinto marco legal, o constituído pola Lei 27/1999, de 16 de xullo, de Cooperativas do Estado, e á Lei 5/1998, de 18 de decembro, de Cooperativas de Galiza. Distinta actividade, distinto marco legal de referencia.

A posibilidade das cooperativas contar con unha sección de crédito queda circunscrita por esta normativa exclusivamente aos socios da cooperativa, sendo unha actividade de “autocrédito”, polo que a diferencia do que acontece con outras figuras societarias, o cooperativista é a un tempo prestameiro e prestamista do crédito concedido.

Por outra banda, manífestase neste tratamento indiferenciado un descoñecemento absoluto da composición e funcionamento democrático dos órganos de goberno das cooperativas tal como ven regulado na súa normativa de referencia, homologando os consellos de administración das sociedades financeiras cos consellos reitores das cooperativas, imponéndolle uns determinados requisitos de formación e coñecementos técnicos que vulneran os dereitos de sufraxio pasivo das persoas socias das cooperativas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a modificar o Decreto polo que se crean e regulan os rexistros de intermediarios de crédito inmobiliario e de prestamistas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

inmobiliarios de Galiza, para excluír ás seccións de crédito das cooperativas do réxime establecido pola Lei 5/2019, engadindo especificamente no artigo 4 apartado 2 letra e) do proxecto: «e) As seccións de crédito das cooperativas constituídas ao abeiro da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de Cooperativas de Galiza».

Así mesmo, insta a Xunta a suprimir a exixencia, prevista no art. 9.1 do Decreto, de que os membros do órgano de administración de una persoa xurídica que xestione e conceda créditos inmobiliarios teña una específica formación e competencia técnica.”

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2021

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

Noa Presas Bergantiños

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 15/02/2021 17:56:40

Daniel Pérez López na data 15/02/2021 17:56:43





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 15/02/2021 17:57:04

Ramón Fernández Alfonzo na data 15/02/2021 17:57:14

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, **Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

O 31/07/2020 en sesión ordinaria, o Pleno da Corporación de Petín adoptou por unanimidade o seguinte acordo: “A tramitación ante a Xunta de Galicia a través da Consellería de Política Social, e ao mesmo tempo ante a Deputación Provincial de Ourense a construcción dunha Residencia Pública para persoas maiores.”

Actualmente Petín é o único concello da comarca de Valdeorras que carece de servizos que presenten unha atención integral e continuada para as persoas maiores. Segundo os datos do padrón local, un 32,43 % da poboación de dito concello ten más de 65 anos de idade.

Tendo en conta estas circunstancias é fundamental que os veciños e veciñas de Petín contan cunha residencia de maiores que evite o éxodo dos seus habitantes cara a outros núcleos de poboación que disponan de este tipo de recursos.

Hai que ter en conta por outra banda, que a familia e contorna da persoa que ingresa nunha residencia fóra do seu núcleo terá dificultades engadidas para visitar e manter contacto habitual coa mesma.

Polo que, dende o Grupo Parlamentario Socialista instamos a Xunta a que acceda á demanda vecinal de Petín para dotar dunha residencia de maiores ao concello e así contribuír a mellorar as condicións de vida das persoas maiores de Petín así coma das súas familias, e ao mesmo tempo colaborar no marco de acción do plan de impulso demográfico de Galicia afianzando poboación.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:



“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que leve a cabo as actuacións oportunas para a construción dunha residencia pública de maiores no Concello de Petín.”

Pazo do Parlamento, 15 de febreiro de 2021

Asdo.: Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Deputada do G. P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 16/02/2021 10:18:08

Julio Torrado Quintela na data 16/02/2021 10:19:00

Gonzalo Caballero Míguez na data 16/02/2021 10:19:10

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, **Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

Fai un ano aproximadamente, a Xunta de Galicia anunciou un plan de actuación destinado ás persoas en situación de soidade non desexa. En concreto, a través da configuración dunha rede social de apoio en colaboración con entidades sociais e locais.

Actualmente estamos a vivir un contexto de pandemia sen precedentes, que deu conta das carencias do sistema de coidados nas persoas maiores e dependentes, pero tamén doutras realidades silenciadas que hoxe máis que nunca se significan, como é a realidade das persoas en soidade non desexada.

Galicia é un dos lugares cun maior número de persoas maiores de todo o país e incluso de Europa. Ademais o modelo de unidade familiar foi mudando, xa que na actualidade o número de fogares constituído por unha persoa vai en aumento.

Os efectos da pandemia e do propio illamento social froito das restriccions e confinamentos, deu lugar a un incremento de consultas por saúde mental por unha banda, e por outra a realidades silenciadas ou sen tratar por medo a acudir aos servizos sanitarios.

As persoas que viven en soidade non desexada están a sufrir os efectos da pandemia agravando as consecuencias desa soidade aínda máis polo illamento social derivado das restriccions.

Por estes motivos, dende o Grupo Parlamentario Socialista consideramos urxente levar a cabo unha diagnose do problema mediante estudos que dean conta da “radiografía” da soidade non desexada en Galicia, así como elaborar de xeito urxente e en función dos resultados de dito estudio, un Plan Galego para a Soidade Non Desexada.

Dito plan en colaboración con entidades sociais e locais, dotaría dos recursos orzamentarios precisos aos mesmos, para coordinar os estudos e actuacións



oportunas para coñecer a realidade da soidade non desexada en Galicia e levar a cabo o seguimento e actuacións concretas con este colectivo de poboación.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a levar a cabo unha diagnose da soidade non desexada mediante estudos que dean conta desta realidade en Galicia, así como elaborar de xeito urgente, e en función dos resultados de dito estudio, un Plan Galego para a Soidade Non Desexada.”

Pazo do Parlamento, 15 de febreiro de 2021

Asdo.: Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Deputada do G. P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Gonzalo Caballero Míquez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 16/02/2021 10:20:00

Julio Torrado Quintela na data 16/02/2021 10:20:12

Gonzalo Caballero Míquez na data 16/02/2021 10:20:22



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, Carmen Rodríguez Dacosta e Martín Seco García, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Existen varias fontes de formación oficial para o persoal do Servizo de Incendios:

1.-Os seis centros de formación agroforestal da Consellería do Medio Rural situados en Guísamo, Becerreá, Sergude, Ribadeo, Monforte y Lourizán.

Ofertan unha variedade de cursos entre as ensinanzas regradas e a non regradas, tamén chamadas de formación continua.

Considera este grupo parlamentario que hoxe se encontran infrautilizados pola Consellería do Medio Rural, a pesares de estar dotadas de profesorado especializado, así como instalacións ben dotadas para impartir cursos especializados para o persoal do SPIF.

- 2.- Egap: Escola Galega de Administración Pública
- 3.- Agasp: Academia Galega de Seguridade Pública

Esta última, é unha escola específica de formación destinada ás emerxencias, nela impártese formación aos seguintes corpos: - Polícia - Garda Civil - bombeiros - xuíces, maxistrados - GES - Protección Civil .

Contan tamén cunhas instalacións óptimas para impartir formación ao Servizo de Incendios Forestais da Xunta.

Foi, tras anos de reivindicacións cando a partir de 2018 se levou a cabo un acordo entre Agasp e Medio Rural e comenzaron a darse de maneira tímida algo máis de oferta de formación a persoal de brigadas do SPIF.

Os cursos que se deron nos tempos previos á pandemia eran no número de prazas ofertadas escaso, debido a que o servizo está formado por en torno a 3.000 efectivos (2.995 segundo Pladiga 2020).



Na actualidade, en tempos de pandemia polo SARS-COV-2, a opción á que acudiu Medio Rural foi ao da teleformación da Agasp, que a pesar da plataforma sinxela e de fácil acceso para formar a máis profesionais que de maneira presencial, volveu a dar formación a contagotas, cunha oferta escasa e de escaso contido:

Formación en liña 2020:

- Seguridade en incendios forestais: 240 prazas
- Manexo de aplicacións cartográficas: 50 técnicos
100 axentes
- Xestión de comunicacións: 105 emisoristas
- Grandes incendios forestais: 60 técnicos
90 axentes

Cun dispositivo de 3.000 efectivos, vese unha oferta bastante escasa debido ao baleiro formativo de tantos anos e sobre todo ao cambio nas emergencias que estamos tendo na actualidade, con incendios de cada vez maior intensidade e xa descritos como lumes de 6^a xeración.

Ademais disto, estase vendo como o SPIF é un dispositivo versátil e con gran capacidade de adaptación a calquera tipo de contingencia no medio rural, podendo dar resposta non só ás labores silvícolas ou de loita contra incendios. Os SPIF conta con profesionais con alto grao de vocación de servizo público e de estar onde a sociedade os necesita en cada momento

Facendo unha aposta clara para mellorar o servizo e a capacidade de resposta ás contingencias no medio natural e rural, cremos que debería ter unha maior oferta e más especializada de prazas e ámbitos de formación que non sexan as de dar ano tras ano a física básica do lume

Feito criticado polos profesionais, que a maioría coincide en que se está a impartir ano tras ano formación en incendios de 1^a xeración cando xa se vai pola 6^a.

Así as cousas o servizo necesita unha programación concreta e planificada de formación e protocolos, consolidados con exercicios de simulacros a nivel de distrito ou provincial, para unha boa anclaxe de conceptos e poder dar unha resposta organizada e profesional, que é o obxectivo principal que perseguen estes profesionais.



Reflectimos algunas das necesidades formativas:

- Incendios en entorno de Interfaz Urbano-Forestal, seguridade e operacións (non nos esquezamos da ola de incendios acaecida en outubro do 2017).
- Condución de vehículos todoterreno
- Protección de edificacións en incendios forestais
- Comunicacións e manexo de aplicación cartográficas
- Uso do lume técnico e queimas prescritas
- Mobilización de medios para incendios
- Coordinación en grandes incendios forestais (>500 ha)
- Busca de persoas desaparecidas no medio rural
- Achiques e inundacións
- Actuacións en episodios de fenómenos meteorolóxicos adversos - manexo do estrés en situacións de emergencia.
- Defensa verbal e resolución de conflitos no ámbito forestal para brigadas

O que se persigue o persoal é sobre todo dar un servizo versátil, e temos uns profesionais dispostos, feito demostrado nos centos de desinfeccións que realizaron de maneira voluntaria nos peores meses da pandemia, realizadas en colexios, residencias xeriátricas e centros de saúde.

En definitiva, o protocolo a seguir cremos que non debería ser outro que:

1. Cubrir necesidades de formación ampliando a oferta formativa non só en prazas, senón en ámbitos formativos, acordes ás novas necesidades de solución de emergencias que ten a Administración e a sociedade.
2. Consolidación dos coñecementos mediante simulacros reais, que ben puidesen ser impartidos nos centros de formación agroforestal da Consellería do Medio Rural, no que se disponen de terreos con superficie suficiente para tal fin.
3. Establecemento en relación ca aprendizaxe, de novos protocolos.
4. Todas as actividades que sexan encamiñadas ao anclaxe e consolidación, co aumento de calidade de servicio público.

Todas estas medidas son prioritarias e se poden por en marcha a maior brevidade, en contraposición as anunciadas polo conselleiro do Medio Rural en relación ao centro de formación específico para Bombeiros Forestais, que manifestou que sería un centro de referencia en despregues, demostrando que non coñecen as



necesidades formativas do persoal, que dista moito dos “despregues”, termo que nin existe no Pladiga.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que inicie as negociacións cos sindicatos máis representativos do sector e acorde un calendario de reunións nas que se trate a problemática da formación do persoal do SPIF, co fin de elaborar un protocolo de formación que cubra as necesidades formativas do persoal ampliando a oferta formativa non só en prazas, senón en ámbitos formativos, acordes ás novas necesidades de solución de emerxencias que ten a Administración e a sociedade.

Pazo do Parlamento, 15 de febreiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 16/02/2021 10:34:06

Martín Seco García na data 16/02/2021 10:34:36

Gonzalo Caballero Míquez na data 16/02/2021 10:34:59



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu portavoz e por iniciativa dos deputados e deputadas **Diego Calvo Pouso, Teresa Egerique Mosquera, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, Marisol Díaz Mouteira, Marta Nóvoa Iglesias e Rubén Lorenzo Gómez** deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos:

É de sobra coñecida a alianza de Galicia, Asturias e Castela e León para lograr a inclusión do noroeste peninsular no trazado do Corredor Atlántico de Mercadorías.

Tamén son coñecidas as demandas que estes territorios veñen trasladando ao Goberno de España para que presente xa ante as institucións europeas a planificación dos proxectos a desenvolver para acadar a modernización das infraestruturas ferroviarias e, deste xeito, poder acceder aos fondos consignados para tal fin, como o mecanismo Conectar Europa e, máis recentemente, os fondos de reconstrucción Next Generation.

Tamén é ben coñecido o distinto interese co que o Goberno de España está a tratar o Corredor Atlántico en comparación co Corredor Mediterráneo. Así, mentres é continuo o respaldo a este último, tanto con palabras como con feitos, a rede ferroviaria de mercadorías do noroeste esmorece pola inacción do Goberno central.

O Goberno galego amosou reiteradamente ao Goberno de España a súa disposición a colaborar, dentro das súas competencias, no obxectivo de mellorar e modernizar a rede ferroviaria galega. Unha dispoñibilidade que demostrou coa elaboración e remisión de diversos estudios técnicos.

Ao tempo, a Xunta reclamou en numerosas ocasións ao Goberno central a convocatoria dunha reunión de coordinación e mesmo información pormenorizada sobre a planificación prevista para lograr este obxectivo, posto que o Plan Director do Corredor Atlántico presentado en 2019 nin detallaba os proxectos a executar, nin o cronograma a seguir.

Unha planificación que ademais urxe ter claramente definida se se quere optar ao financiamento europeo.



Porén, o Goberno galego non recibiu ningunha aclaración nin tivo información ao respecto, algo especialmente importante se temos en conta que recentemente dende a Comisión Europea se ten aberto unha nova fase de consultas para actualizar os proxectos a desenvolver dentro do Corredor Atlántico.

Dado que vai pasando o tempo sen que se produzan avances, dende o Grupo Parlamentario Popular consideramos necesario presentar esta proposición non de lei para o seu debate en **pleno**:

“O Parlamento insta ao Goberno galego a demandar do Goberno de España:

1. A convocatoria urgente dunha xuntanza coas comunidades do noroeste peninsular para abordar a modernización das infraestruturas ferroviarias do Corredor Atlántico de Mercadorías e para establecer as liñas estratégicas encamiñadas a acadar financiamento para a execución destas obras a cargo dos fondos Conectar Europa ou os fondos Next Generation da Unión Europea.
2. A inmediata publicación dun Plan Director do Corredor Atlántico completo no que se inclúa información detallada de todos os proxectos a levar a cabo encamiñados a modernizar a rede ferroviaria do noroeste peninsular; así como o cronograma previsto, tanto para a redacción de cada un deses proxectos como para a súa execución; no que se especifique tamén a cargo de que fondos se computan cada unha das actuacións.
3. Priorizar a intermodalidade do corredor, promovendo as conexións ferroviarias dos portos da fachada atlántica e as plataformas loxísticas, nomeadamente a conexión do porto de Langosteira, na Coruña, e a Saída Sur, en Vigo, que contribuirá ademais a mellorar a conexión con Portugal.
4. O nomeamento dun Comisionado para o Corredor Atlántico á imaxe do xa existente para o Corredor Mediterráneo”

Santiago de Compostela, a 16 de febreiro de 2021.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 16/02/2021 10:47:26

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Diego Calvo Pouso na data 16/02/2021 10:47:42

Teresa Egerique Mosquera na data 16/02/2021 10:48:07

Carmen María Pomar Tojo na data 16/02/2021 10:48:16

Ramón Carballo Páez na data 16/02/2021 10:48:46

José Manuel Balseiro Orol na data 16/02/2021 10:49:03

María Sol Díaz Mouteira na data 16/02/2021 10:49:14

Marta Núvoa Iglesias na data 16/02/2021 10:49:29

Rubén Lorenzo Gómez na data 16/02/2021 10:50:57

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu portavoz e por iniciativa dos deputados e deputadas **Diego Calvo Pouso, Teresa Egerique Mosquera, Carmen Pomar Tojo, Raquel Arias Rodríguez, Noelia Pérez López, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, Marisol Díaz Mouteira, Marta Nóvoa Iglesias e Rubén Lorenzo Gómez** deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en pleno**.

Exposición de motivos:

A liña ferroviaria que conecta Vigo e Ourense sufriu o pasado 10 de febreiro un derrubamento preto da estación de Frieira, no termo municipal de Crecente, que provocou, unha vez máis, a interrupción do tráfico ferroviario da liña convencional entre as dúas cidades galegas, que continúa ata Monforte, con todos os prexuízos que iso supón para o tráfico de mercadorías e viaxeiros. O corte obrigou a desviar a circulación dalgúns trens por Santiago -como o Alvia Vigo-Madrid-, ou a trasladar aos usuarios por estrada, como aconteceu co rexional con destino Ponferrada e León, ou co Alvia que vai a Cataluña, así como coa conexión con Euskadi.

O traslado dos pasaxeiros por estrada viuse agravado, ademais, por coincidir no tempo co corte de tráfico no túnel do Folgoso da Autovía das Rías Baixas ao seu paso pola Cañiza, o que alonga en 23km o traxecto entre Vigo e Ourense e incrementa o tempo de viaxe en ata media hora.

Unha interrupción que está resultar frecuente nos últimos meses pola sucesión de incidencias neste tramo de 130 quilómetros, coñecido popularmente como o tren do Miño, entre as que resultan recorrentes a aparición de socavóns e desprendementos sobre a vía ou a caída de árbores ou ramas sobre a catenaria.

Segundo fontes sindicais, nesta liña ferroviaria prodúcense unha media de 200 incidencias anuais, o que dá idea da envergadura do problema que se dá polas deficiencias no mantemento e conservación desta liña de ferrocarril convencional por parte do Goberno de España.

As condicións nas que se está a realizar a prestación dese servizo de transporte son motivo de enorme preocupación.



Son numerosos os requisitos realizados pola Xunta de Galicia ao Goberno central para reverter esta situación, sen que esas peticóns se teñan atendido, a pesar de que esta liña Vigo-Ourense-Monforte está incluída na conexión de Galicia co Corredor Atlántico de Mercadorías.

E é por iso que dende o Grupo Parlamentario Popular presentamos esta proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a:

Demandar ao Goberno de España que, no espazo de tempo máis breve posible, acometa as actuacións de mellora necesarias para poñer fin á precaria situación na que se atopa a liña ferroviaria entre Vigo e Ourense e realice os investimentos precisos para adaptala ás esixencias e necesidades propias dunha infraestrutura ferroviaria do século XXI”.

Santiago de Compostela, a 16 de Febreiro de 2021.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 16/02/2021 11:16:40

Diego Calvo Pouso na data 16/02/2021 11:20:26

Teresa Egerique Mosquera na data 16/02/2021 11:20:39

Carmen María Pomar Tojo na data 16/02/2021 11:20:48

Raquel Arias Rodríguez na data 16/02/2021 11:21:16

Noelia Pérez López na data 16/02/2021 11:21:33

Ramón Carballo Páez na data 16/02/2021 11:22:02

José Manuel Balseiro Orol na data 16/02/2021 11:22:18

María Sol Díaz Mouteira na data 16/02/2021 11:22:29



Marta Nóvoa Iglesias na data 16/02/2021 11:22:49

Rubén Lorenzo Gómez na data 16/02/2021 11:23:03

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu portavoz e por iniciativa dos deputados e deputadas **Diego Calvo Pouso, Teresa Egerique Mosquera, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, Marisol Díaz Mouteira, Marta Nóvoa Iglesias e Rubén Lorenzo Gómez** deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en pleno**.

Exposición de motivos:

A Autovía das Rías Baixas, a A-52, rexistrou o pasado 25 de xaneiro o incendio dun camión que circulaba pola vía en dirección Ourense, tendo como consecuencia o peche ao tráfico dun treito desa infraestrutura estratéxica para Galicia. O tratamento do Ministerio de Transportes Mobilidade e Axenda Urbana a esta incidencia pon de manifesto o desinterese que o Goberno de España ten cara ás infraestruturas de Galicia.

É comprensible que o accidente, acontecido no interior do túnel do Folgoso, na Cañiza, pola súa envergadura e peculiaridades, interrompera momentaneamente a circulación de vehículos, pero resulta inaceptable que tres semanas despois de que se teña producido o sinistro a autovía continúe pechada ao tráfico e sen data de reapertura a curto prazo.

Este peche está a provocar que os usuarios teñan que dar un rodeo de máis de 20 quilómetros, ao ter que circular pola N-559 ata Covelo e despois pola N-120 dende Fontefría ata A Cañiza. Deste xeito o tempo de viaxe increméntase en ata media hora, dado que o itinerario alternativo ten que realizarse por estradas dun único carril por sentido e mesmo polo casco urbano, o que está a causar un grave prexuízo a todos os usuarios, pero cunha maior incidencia se cabe ao transporte pesado e de mercadorías.

E é por iso que dende o Grupo Parlamentario Popular presentamos esta proposición non de lei para o seu debate en pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a demandar ao Goberno de España o arranxo urgente do túnel do Folgoso, en sentido Ourense, da A-52, que permita a súa apertura ao tráfico con todas as garantías de seguridade no prazo máis breve posible”.



Santiago de Compostela, a 16 de Febreiro de 2021.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 16/02/2021 11:44:46

Diego Calvo Pouso na data 16/02/2021 11:44:59

Teresa Egerique Mosquera na data 16/02/2021 11:45:18

Carmen María Pomar Tojo na data 16/02/2021 11:45:32

José Manuel Balseiro Orol na data 16/02/2021 11:46:48

María Sol Díaz Mouteira na data 16/02/2021 11:46:59

Ramón Carballo Páez na data 16/02/2021 11:47:08

Marta Nóvoa Iglesias na data 16/02/2021 11:47:22

Rubén Lorenzo Gómez na data 16/02/2021 11:47:46



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Paulo Ríos Santomé** e **Luis Bará Torres** e deputada **Rosana Pérez Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre o estado no que se atopa o dique flotante emprazado no muelle da Mosqueira no Concello de Moaña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mes de xuño, levouse a cabo a instalación duns bloques de formigón para a realización dun dique de abrigo no muelle da Mosqueira situado no Concello de Moaña.

Esta acción nace dunha reclama histórica do sector bateeiro que opera no concello e pola cal levaban máis de 10 anos esperando. A posta en marcha dun dique de abrigo permite amarrar con seguridade as embarcacións de traballo, nun lugar onde era necesario que se dotara desta infraestrutura.

A instalación do dique finalizou o pasado mes de xullo e contou cun investimento de máis de 650.000 euros.

Medio ano despois varios dos bloques que componen o dique de abrigo atópanse en moi mal estado, presentando mesmo roturas. Recibidas múltiples queixas do sector bateeiro que ven frustradas as súas aspiracións de contar cunhas instalacións seguras e despois de 10 anos de espera para a súa instalación, é inadmisible que o dique de abrigo presente un nivel tan elevado de desperfectos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta o Goberno Galego a tomar as medidas necesarias para reverter o estado ruinoso no que se atopa o dique de abrigo do peirao da Mosqueira, ubicado no concello de Moaña.”

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2021

Asdo.: Paulo Ríos Santomé

Rosana Pérez Fernández

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 16/02/2021 13:50:54

Rosana Pérez Fernández na data 16/02/2021 13:50:57

Paulo Ríos Santomé na data 16/02/2021 13:51:05





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Daniel Castro García** e **Manuel Lourenzo Sobral** e deputada **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a chegada a moitos centros educativos galegos do suplemento da Voz de Galicia “La Voz de la Escuela” número 1265 no que aparece un discurso ideoloxicamente marcado e doutrinario.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 14 de abril de 1982 o xornal La Voz de Galicia creaba un suplemento chamado La Voz de la Escuela co que en palabras do propio xornal “quere converterse nunha nova ferramenta pedagóxica e didáctica nas aulas. O seu obxectivo é introducir o xornal na escola para que, partindo das súas informacións, profesores e alumnos constrúan os seus propios programas en contacto coa vida e coñezan o alto valor da prensa escrita nunha sociedade libre e democrática.”

Pola contra, estes motivos fundacionais tan louvables chocan estrepitosamente coa información fornecida no número 1265 do día 10 de febreiro do ano 2021. Nesta publicación dedícanse dúas páxinas a analizar a política catalá, mais concretamente as eleccións autonómicas do pasado domingo 14 de febreiro.

Este feito, que desde o Bloque Nacionalista Galego consideramos como positivo, xa que ter nocións sobre as características políticas e a actualidade doutras nacións é algo enriquecedor, educativo e que axuda a que os rapaces e rapazas comecen





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

a mirar cara a política e a elaborar os seus propios razonamentos vese totalmente truncado pola ausencia total de imparcialidade.

Deste xeito, este suplemento que chega a centos de centros públicos do noso país e que é empregado para impartir aulas pasa a converterse nun panfleto absolutamente cargado de ideoloxía e no que se poden ler cousas como “Un voto de Lérida vale el doble que un voto de Barcelona (...) Eso suele jugar en contra de partidos como el PSC”, “El 155: cuando el Gobierno español tomó el control. ¿Qué hace un Gobierno cuando una parte del Estado se rebela y viola la Ley? Acude a la Justicia. Y eso hizo, pero los responsables políticos catalanes se saltaron a los jueces también. En este caso —que no se había dado antes—, el Gobierno central activó el artículo 155 de la Constitución para tomar el control de las instituciones y garantizar que se cumplieran las leyes. La democracia no es solo votar, sino también es respetar las leyes que aprobaron nuestros representantes.”, “Los nacionalismos, fuente de conflicto por excluir y discriminar a quienes nacen en otro lugar” ou “El independentismo tiene que ver con la economía. Al igual que en Cataluña, Flandes (Bélgica), California (EE.UU.) o Milán (Italia) quieren deshacerse de sus vecinos pobres.”

Estes son só algúns dos exemplos cos que se intenta desacreditar a todas as opcións políticas nacionalistas e ou independentistas, ofrecéndolle aos e ás alumnas un discurso totalmente parcial de odio a Cataluña e a todo aquilo que represente unha visión diferente á unidade territorial do Estado español. Por esta razón, desde o BNG consideramos inaceptable que a Xunta de Galiza e a Consellaría de Cultura, Educación e Universidade permitan que materiais coma estes sexan usados como material docente, xa que as escolas e institutos teñen a obriga de ser centros ideoloxicamente neutros.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a non permitir a utilización de documentos ideoloxicamente parciais e excluíntes como materiais destinados á docencia nos centros educativos públicos do noso país.”

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2021

Asdo.: Daniel Castro García

Mercedes Queixas Zas

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 16/02/2021 14:05:28

Mercedes Queixas Zas na data 16/02/2021 14:05:31

Daniel Castro García na data 16/02/2021 14:05:41



Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, **Leticia Gallego Sanromán, Patricia Otero Rodríguez e Luis Manuel Álvarez Martínez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

O Plan de Sendas na comarca do Morrazo, prevía a construcción de oito novas sendas que sumaban 10 quilómetros.

Os itinerarios proxectados no Plan de Sendas para a comarca do Morrazo localízanse na PO-551 e na PO-313 e son: Vilaseca-Lapamán, en Marín; Alto da Portela-CG4.1, en Bueu; Bagüín-Seixo, en Marín; Trasouto-A Madalena, no concello de Cangas; Coirados-Pardavila, en Marín; A Moureira-Palmás, en Moaña; Pardavila-Cadro, en Marín; e Trasouto-Alto da Portela, no concello de Bueu.

Os obxectivos prioritarios deste plan son protexer e aumentar a seguridade de peóns e ciclistas e promover unha mobilidade máis sostible, favorecendo modos de viaxe menos contaminantes e alternativos ao uso de vehículos privados.

En abril de 2018 a Xunta somete a información pública o proxecto da senda peonil e ciclista entre A Moureira e Palmás, no concello de Moaña.

A Xunta anunciou que ía destinar preto de 580.000 euros a esta ruta peonil e ciclista, cuxa licitación das obras, segundo a consellería de Infraestruturas faríase ese ano 2018, simultaneamente coa eliminación dos dous tramos de concentración de accidentes en Domaio. Estas actuacións, no seu conxunto, tiñan como obxectivo mellorar a seguridade viaria na estrada PO-551 e os seus arredores.

A tenente alcalde de Moaña no 2019 denunciou que a exposición pública rematara en maio de 2018 é desde esa data non tiveron más noticias desde o Executivo autonómico e a veciñanza segue a esperar pola adjudicación da senda peonil e ciclista entre A Moureira e Palmás.



Desde o grupo parlamentario socialista reclamamos celeridade e igualdade entre os Concellos. A Conselleira de Infraestruturas inaugurou este pasado decembro o tramo que une Coirados e Pardavila en Marín e ao mesmo tempo anunciaba que xa estaba licitada as obras dunha nova senda peonil e ciclista na estrada rexional PO-551, entre Bagüín e Seixo, tamén en Marín. Mentre a senda peonil de Moaña segue sen ser licitada.

A Xunta de Galicia ten que adxudicar a senda peonil e ciclista entre A Moureira e Palmás, no concello de Moaña. Esta senda leva tempo sendo solicitada tanto polo Goberno municipal como polo tecido asociativo desta vila.

O Grupo Parlamentario Socialista trasladou a Xunta de Galicia a través das emendas aos orzamentos autonómicos de 2021 a demanda á que nos acabamos de referir, sendo rexeitada esta emenda, o que supón que non se leve a cabo a construción desta senda peonil.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a adxudicar, dentro do primeiro semestre do ano 2021, a senda peonil e ciclista entre A Moureira e Palmás, no concello de Moaña, para mellorar a seguridade viaria na estrada PO-551 e os seus arredores”.

Pazo do Parlamento, 15 de febreiro de 2021

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Patricia Otero Rodríguez
Luis Manuel Álvarez Martínez
Deputadas e deputado do G. P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



María Leticia Gallego Sanromán na data 16/02/2021 14:08:37

Patricia Otero Rodríguez na data 16/02/2021 14:08:46

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 16/02/2021 14:08:55

Gonzalo Caballero Míguez na data 16/02/2021 14:09:04



Mesa do Parlamento

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por iniciativas das súas deputadas e do seu deputado **Leticia Gallego Sanromán, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

A reorganización asistencial, motivada pola declaración de pandemia Covid-19, o 17 de marzo de 2020, fixo que o centro de saúde de Tomiño centralizara temporalmente a actividade na unidade de mañá, xunto co centro de saude de Goián.

O médico que atendía o consultorio de Goián, o doutor Rica, xubilouse o 18 de xuño de 2020, súa ausencia comezou a partir do 15 de maio, data na que comeza a gozar dos seus correspondentes permisos de vacacións. Esta praza íase ofertar co resto de postos libres na área de Vigo a finais do verán, para a súa cobertura definitiva, segundo anunciou o SERGAS en xullo de 2020.

Durante a tempada estival, debido á falta de suplentes nas listas de contratación, a asistencia dos pacientes do centro de Tomiño realizábase en horario de mañá, sendo cuberta polas tardes polos profesionais do PAC de Tui.

O Grupo Parlamentario Socialista reclama a Xunta de Galicia que se poña en funcionamento, inmediatamente, o servizo médico do consultorio de Goián, suspendido desde que se declarou o estado de alarma por mor da pandemia Covid-19

A Xunta decidiu pechar o consultorio de Goián e trasladar o seu servizo ao centro de saúde de Tomiño e ata hoxe non foi abierto.

O SERGAS esperaba cubrir a praza do médico en Goián en setembro para retomar o servizo. Estamos en febreiro de 2021 e a praza do médico de Goián non foi cuberta.

Este problema está causando malestar entre a cidadanía de Tomiño e fundamentalmente de Goián que demanda urxentemente unha solución ao problema. A Mancomunidade do Baixo Miño acordou solicitar unha xuntanza



co Conselleiro de Sanidade. Non existe contestación áinda por parte da Consellería, o que amosa unha desidia pola resolución do problema.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte Proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a garantir a correcta e plena asistencia sanitaria en atención primaria para Tomiño cubrindo a praza vacante do médico do consultorio de Goián”

Pazo do Parlamento, 15 de febreiro de 2021

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero

Deputadas e deputado do G. P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Gonzalo Caballero Míguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 16/02/2021 14:09:17

Julio Torrado Quintela na data 16/02/2021 14:09:26

Marina Ortega Otero na data 16/02/2021 14:09:35

Gonzalo Caballero Míguez na data 16/02/2021 14:09:48





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas María González Albert, Noa Presas Bergantiños e Carmen Aira Díaz e dos deputados Luis Bará Torres e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre os parques eólicos do grupo Avintia no oriente ourensán e no sur de Lugo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza asiste nestes momentos a un boom eólico en relación ao cal o BNG ten presentado xa distintas iniciativas. Este boom estase a desenvolver sen unha axeitada planificación e vixilancia públicas, baixo unha arquitectura legal obsoleta e sen garantías para a participación social relegando á cidadanía a meros afectadxs e privándolles dun papel proactivo fronte á xestión que Xunta de Galiza e empresas eléctricas están a facer do territorio.

Isto acontece cun evidente abandono de funcións por parte da Xunta, que nega un debate arredor de cal debe ser o novo modelo enerxético galego para a descarbonización ao tempo que impulsa mudanzas lexislativas para reducir garantías á sociedade e aos concellos galegos e abrir a porta a grandes multinacionais sen retorno socioeconómico e sen unha mínima protección dos valores naturais e patrimoniais.

Neste contexto, despois dunha década de parálise, asistimos a unha expansión sen precedentes que levou a que en 2019, nun só ano, se puxesen en marcha 19 parques e 400MW instalados máis, un número maior aos instalados no conxunto na década





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

anterior. Este desenvolvemento, que podería parecer positivo, estase a dar de forma abrupta, sen planificación e sen consenso coa sociedade dos lugares afectados, e en moitos casos a través dunha fraudulenta fragmentación dos proxectos en proxectos más pequenos para ocultar o seu verdadeiro impacto. Recentes sentenzas xudiciais como a de Sasdónigas ou da Serra do Iribio dan conta desta situación sinalan tamén o papel da administración galega á hora de rebaixar garantías ambientais e desprotexer espazos singulares.

Neste marco, e ao tempo que o Ministerio de Transición Ecológica (MITECO) está a tramitar tres megaparques da empresa pública norueguesa Statkraft que se instalarán na provincia de Ourense (e parte da comarca do Bierzo) e suporán un total de 445,5 Mw (no que a todas luces é un único macroproxecto eólico) afectando dous deles especificamente á comarca de Valdeorras, a Xunta de Galiza está a tramitar outros cinco parques eólicos que atinxirán á mesma comarca e ás comarcas veciñas de Quiroga (Lugo), Terras de Caldelas e Terras de Trives.

Querémonos centrar nestes cinco proxectos eólicos que se atopan en distintos momentos de tramitación (estando tres deles agora mesmo en exposición pública) e que levan nomes tan rimbombantes como Ventumelo, Treboada, Xeada, Neboada e Orballeira. Cinco proxectos industriais que suman un total de 250Mw de potencia de nova instalación e que virán a sumarse ao xa aprobado na mesma zona de 21 Mw (Cernego).

Imos ver polo miúdo algunas das principais características destes cinco parques eólicos que a Xunta de Galiza está a tramitar de xeito separado como se fosen proxectos independentes cando, analizando sen afondar demasiado nos datos xa resulta palpábel que son parte dun mesmo proxecto que tería que ser tramitado, polo tanto, con moitas más garantías ambientais:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- PE Ventumelo: saíu a exposición pública o 1 de febreiro. Un parque de 50 Mw de potencia con 12 aeroxeradores e 2 torres meteorolóxicas que afecta aos municipios de San Xoán de Río, Pobra de Trives (onde se atopa a SET na que descarga) e Ribas de Sil.

- PE Neboada: saíu a exposición pública o 28 de xaneiro. 50 Mw de potencia con 12 aeroxeradores e 1 torre meteorolóxica que afecta aos municipios de Quiroga, A Rúa e Vilamartín de Valdeorras pero tamén a Xoán de Río, Pobra de Trives (onde se atopa a SET na que descarga) e Ribas de Sil.

- PE Treboada: Saíu a exposición pública o 28 de xaneiro. 50 Mw de potencia con 12 aeroxeradores e 2 torres meteorolóxicas que afecta aos municipios de San Xoán de Río, Castro Caldelas, Chandrex de Queixa, Ribas de Sil e Pobra de Trives (onde se atopa a SET na que descarga). Comparte accesos e liña de evacuación cos outros 4 parques

-PE Orballeira: que xa pasou o trámite de exposición pública. 50 Mw de potencia con 12 aeroxeradores e 1 torre meteorolóxica que afecta aos concellos da Rúa, Quiroga, Ribas de Sil, San Xoán de Río e Trives. Comparte subestación cos parques de Neboada, Xeada e Treboada así como a liña de evacuación cara a SET Trives.

A día de hoxe, e segundo palabras da directora xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, Paula Uría, están instalados en Galiza un total de 3.826 Mw. Pois ben, estes cinco proxectos, sumados aos tres xa mencionados da norueguesa Statkraft en zonas de afectación contiguas, suporían un total de 695 Mw; ou o que é o mesmo, o equivalente a un 18,1% do total instalado en todo o país.

Así as cousas, e malia as intencións do grupo de proceder á fragmentación en 5 proxectos, é evidente tanto pola súa dimensión, como polo territorio afectado, como á





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

súa promoción por empresas pertenecentes ao mesmo grupo empresarial (Avintia) e con mesmo domicilio fiscal, como polo compartillamento de infraestruturas que estamos a falar dun mesmo proxecto que une aos cinco parques nun só.

Desde o grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, de novo, observamos con gran preocupación esta situación, que está a ser contestada xa desde o ámbito asociativo e vecinal. Estamos a falar dunha implantación sen precedentes nunha expansión territorial descomunal e carente dunha planificación que poida ser acorde coas necesarias garantías ambientais. Exemplo disto é a proximidade e a interferencia con zonas de alto valor natural, arqueolóxico, patrimonial, social e económico e mesmo de zonas con diversas categorías de protección.

nha primeira cuestión que resulta sorprendente é como a argumentación dos documentos de inicio dos cinco parque emprega o feito de que se estean tramitando outros proxectos na mesma zona (dándoos xa por aprobados) para deixar ver que os impactos xa están solucionados pola propia tramitación dos otros proxectos eólicos.

No que ten a ver coas afeccións, e comezando polas paisaxísticas, queremos lembrar que o Catálogo das paisaxes de Galiza, ao amparo do disposto no artigo 9.3 da lei 7/2008 de protección da paisaxe de Galiza, identifica determinadas zonas xeográficas como áreas de especial interese paisaxístico (AEIP) en atención aos valores naturais e culturais alí presentes.

Pois ben, até 3 zonas AEIP se ven afectadas directamente polas poligonais destes parques, sen mencionar xa as que ficam a distancias más ou menos próximas das mesmas. As directamente atinxidas son a AEIP_02_01 Val do Río Navea (PE Ventumelo e Treboada), a AEIP_05_15 Cernego (PE Neboada e Xeada) e a AEIP_05_07 Paradaseco-Val do Río Soldón (Orballeira).





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Próximos ás áreas de implantación dos parques eólicos atópanse outros espazos pertencentes á Rede Galega de Espazos Protexidos definida na Lei 5/2019, do 2 de agosto, do Patrimonio natural e da biodiversidade de Galiza.

Os más evidentes son a zona ZEC (ES1120001) Ancares-Courel, que se atopa a 1 km do PE Ventumelo, a menos de 1 km dos PPEE Neboada e Treboada, a menos de 100 metros do PE Xeada e a menos de 50 metros do PE Orballeira. Podemos dicir aquí, sen medo a trabucarnos, que se a aspa dun muíño cae ao solo farao dentro de zona protexida. Tamén hai afectación a outras zonas ZEC sendo a máis clara a do Macizo Central que se atopa e menos de 4km do PE Ventumelo. Isto é incompatíbel coa protección destas zonas e corta de raíz calquera posibilidade de ampliación das zonas protexidas tal e como vén reclamando a Unión Europea a Galiza sen que a Xunta faga nada por solucionalo.

Hai tamén dous parques (Ventumelo e Treboada) que se sitúan dentro da zona de amortiguamento do BIC Ribeira Sacra e afectacións de distinto grao ao Camiño de Santiago na súa variante de “Inverno” que percorre a zona. Hai infinidade de afectacións a elementos patrimoniais e arqueolóxicos en distinto grao de gravidade así como a núcleos de poboación como Vilar de Mondelo ou Chao da Casa.

Outro impacto destacábel é que até catro destes proxectos se atopan en zona 2 do plan de xestión do lobo mentres que a cuestión da afectación aos acuíferos precisaría dun estudo moito máis pormenorizado sobre todo tendo en conta as experiencias previas de afectación a mananciais e cursos de auga que teñen iniciado procesos desertificadores en distintas zonas do país.

Resulta ademais evidente que este megaproxecto unificado ten un impacto xeral sobre os ecosistemas e o patrimonio polos movementos de terra para a súa construción,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

polo impacto das construcións e polo impacto sonoro. Todo isto sen avaliar a cuestión da liña de alta tensión que percorrerá todo o territorio até a SET de Trives e que se unirá, se ninguén o remedia, á outra liña de alta planificada polo macroproxecto de Statkraft. Ademais, carecen de estudo algúns respecto do impacto socioeconómico máis alá de referir datos estatísticos, o que fai prever o seu reducido ou nulo beneficio nestes termos.

Finalmente, cómpre insistir en que o impulso a este megaproxecto, tal e como asegurabamos ao comezo, enmárcase nun contexto de abuso de poder por parte das grandes multinacionais eléctricas fronte ás persoas propietarias, comunidades de montes e outras entidades, reducindo a capacidade de negociación. Así mesmo, este tipo de proxectos carecen de planificación algunha para impulsar a participación pública dos beneficios do sector nin para levar incorporados plans de desenvolvemento económico e industrial adecuados.

A realidade é que hoxe en día, malia a propaganda que acompaña este novo boom, o retorno en termos económicos da produción de enerxía eólica é moi reducido. Na actualidade, os propietarios reciben de media entre o 1,1 e o 2,4% do total da facturación dos parques. Con respecto aos concellos galegos, a parte que fica no territorio da facturación é de aproximadamente o 5% e no contexto actual cómpre ter en conta que o contexto da covid-19 está a ser aproveitado pola Xunta de Galiza para coartar aos concellos a rebaixas impositivas para a atracción de proxectos industriais, que van afectar a este ámbito, reducindo o retorno aínda máis. Mesmo atendendo aos datos que facilita a patronal, se o impacto no PIB é de máis de 580M€, só a reducida cantidade de 11M€ (1,89%) son percibidos polos propietarios dos terreos (datos de 2019, de acordo coa Asociación Eólica de Galicia (EGA)).





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O noso país padece a falta de planificación consensuada dun novo plan eólico e ao mesmo tempo, dun goberno serio que impida de xeito claro a fragmentación de proxectos e garanta a axeitada planificación e control ambiental e patrimonial dos mesmos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Rexeitar a posta en funcionamento dos proxectos eólicos de Neboada, Treboada, Xeada, Orballeira e Ventumelo pola fragmentación irregular do que é un único proxecto e pola súa grave e irreversíbel afectación sobre a calidade paisaxística, a fraxilidade e a vulnerabilidade ambiental nas fases de construcción, explotación e desmantelamento e polo grave prexuízo ambiental, económico e social que tería sobre o territorio e as súas comunidades.
2. Impulsar un novo consenso para substituír a vixente lei de aproveitamento eólico e planificar o desenvolvemento da enerxía eólica da próxima década harmonizando os obxectivos e intereses económicos, enerxéticos, sociais e medioambientais, garantindo a transparencia, a avaliación ambiental por parte das administracións públicas e a limitación dos procesos expropiatorios ao mínimo. Para iso, aprobarase un novo Plan Sectorial Eólico cunha ampla participación dos axentes implicados e que preceptivamente inclúa un informe do Consello Económico e Social e un amplo proceso de exposición pública de cara a reunir o meirande consenso posíbel.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Aumentar de forma urgente o territorio protexido apostando polo desenvolvemento de figuras de ordenación e protección do territorio, salvagardando espazos de alto interese ambiental: ampliación da Rede Natura, Estratexia de Infraestrutura Verde, Áreas de Interese Paisaxístico. Reinicio da ampliación da Rede Natura e paralización de proxectos que afecten tanto á ampliación proposta en 2008 como a iniciada en 2012.”

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2021

Asdo.: María González Albert

Noa Presas Bergantiños

Carmen Aira Díaz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 16/02/2021 16:58:08

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 16/02/2021 16:58:15





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María del Carmen Aira Díaz na data 16/02/2021 16:58:21

Noa Presas Bergantiños na data 16/02/2021 16:58:27

María González Albert na data 16/02/2021 16:58:51

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Paloma Castro Rey, Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

No ano 2006 o Concello de Ponteareas gobernado polo PP, iniciou un proxecto de ampliación da escola infantil.

Este proxecto contaba con múltiples deficiencias. No expediente de ampliación do centro escolar, figurán ata 7 inspeccións e requirimentos realizados pola Xunta entre 2006 e 2009, advertindo destas e da falta de autorización para a ampliación da escola con dúas aulas novas.

Moitas destas deficiencias detectadas por inspección da Xunta de Galicia do bipartito estaban relacionadas coa accesibilidade e a seguridade.

No ano 2009, coa entrada do PP no goberno da Xunta, todos estes requirimentos de emendar, metérónse nun caixón e mantivéronse as deficiencias detectadas, ademais permitiuse a apertura destas dúas aulas que carecían de autorización para o seu funcionamento.

A execución destas obras tivo un custo de 319.000 €, e utilizáronse fondos propios e da Xunta de Galicia.

No ano 2012, nunha inspección rutineira, advírtelle ao anterior Goberno municipal que as dúas aulas non estaban autorizadas e deberían ser legalizadas con obras de adaptación, pero fíxose caso omiso ás advertencias.

Co cambio de goberno municipal, o bipartito local encargou un proxecto de legalización destas obras para adaptalas á normativa, que foi homologado pola Xunta de Galicia en xaneiro do ano 2019.

Este proxecto tiña un elevado custo polo que dende o Concello de Ponteareas leváronse a cabo de forma gradual algunas delas, con fondos locais e axudas económicas externas coma o Plan concellos da Deputación. Pero nunca existiron en todo este tempo axudas económicas por parte da Xunta de Galicia.



Tras isto, recentemente, notificouse ao Concello de Ponteareas un expediente sancionador por parte da Xunta con imposición dunha sanción económica derivada do incumprimento da normativa por parte das obras da escola infantil.

Esta deixa ao Concello nunha difícil situación xa que ao elevado custe que suporía executar integralmente o proxecto de legalización, que o Concello só non pode asumir, súmase o agravio que isto supón para os usuarios da escola infantil, aproximadamente 80 nenos e nenas que quedarían sen clase durante o tempo que duren as obras.

Non existindo ningunha escola alternativa pública neste concello, xa que tras múltiples peticións á Xunta para a implantación dunha galiña azul, incluso coa existencia dun proxecto de nova escola infantil no parque forestal Ferro Ucha, o Goberno de Feijóo nunca atendeu estas reivindicacións.

Dada a complexa situación á que se enfrenta a veciñanza do Concello de Ponteareas, dende o Grupo Parlamentario Socialista esiximos á Xunta de Galicia que ofreza respostas, que pasen pola asunción das competencias que lle son propias como a asunción da escola infantil existente, ou a colaboración económica nas obras de adaptación á legalidade do proxecto de ampliación da escola infantil, declarando a suspensión do procedemento sancionador.

E a maiores, tendo en conta a demanda existente, pedímoslle que rescate do caixón o proxecto de nova escola infantil ou Galiña azul do parque forestal Ferro Ucha.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que asuma a competencia que lle é propia en materia de educación infantil 0-3 no concello de Ponteareas, e en consecuencia:

- a) Asuma a titularidade e xestión da escola infantil municipal do Concello de Ponteareas, e execute as obras necesarias para a legalización do proxecto de ampliación que se fixo no seu día de forma irregular.
- b) Declare a suspensión do procedemento sancionador existente por mor destas obras de ampliación.
- c) Inicie os trámites para a construcción dunha nova escola infantil no parque Ferro-Ucha.



Pazo do Parlamento, 16 de febreiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 16/02/2021 11:36:48

Marina Ortega Otero na data 16/02/2021 11:37:02

Julio Torrado Quintela na data 16/02/2021 11:37:24

Gonzalo Caballero Míguez na data 16/02/2021 11:37:38



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Alberto Pazos Couñago, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

O 6 de febreiro a conselleira do Mar, mantivo unha xuntanza de traballo cos representantes da frota de palangre galega e coas empresas transformadoras dependentes dela co obxectivo de analizar a situación do sector e as dificultades que se atopan no desenvolvemento da súa actividade. Neste sentido, as partes coincidiron na necesidade de que o Goberno central ofreza unha solución urgente ao bloqueo que está a sufrir a comercialización do marraxo, deixando capturas retidas a bordo dos barcos ou en tránsito cara a España, o que pon en risco a rendibilidade do sector.

Os representantes dos armadores, das empresas transformadoras e do Executivo galego lamentaron a falla de coordinación existente entre os Ministerios de Agricultura, Pesca e Alimentación e a Vicepresidencia de Transición Ecolólica e Reto Demográfico pola que o sector non pode comercializar as capturas realizadas correctamente en aplicación dos totais admisibles de captura (TAC) e cotas autorizados pola Comisión Internacional para a Conservación do Atún Atlántico (Iccat).

A orixe dese bloqueo está na inclusión do marraxo no Apéndice II da Convención sobre o Comercio Internacional de Especies Ameazadas de Fauna e Flora Silvestres (Cites) en agosto de 2019, momento no que se fixo necesario que as capturas fosen acompañadas dun certificado que debe emitir a Secretaría de Estado de Comercio, previo informe favorable da Vicepresidencia de Transición Ecolólica e Reto Demográfico, para poder ser comercializadas.

O paradoxo prodúcese como consecuencia da autoimposición por parte da Vicepresidencia cuarta do Goberno central dunha cota de comercialización do marraxo inferior ao TAC fixado por Iccat para esta especie, o que provoca que toneladas de capturas realizadas correctamente queden bloqueadas sen poder ser comercializadas, cos consecuentes prexuízos para a frota pesqueira e o sector transformador vincellado a ela.



O bloqueo das capturas de marraxo, unha especie que non é a principal na actividade desta frota pero que supón un importante complemento na súa facturación, afecta a preto de 120 buques de palangre de superficie galegos que dan emprego a máis de 850 tripulantes. Ademais, trátase dun sector que exporta, xunto coa industria asociada a el, preto de 125 millóns de euros ao ano.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta e Galicia a que solicite ao Goberno de España a dar unha solución urgente ao bloqueo actual da comercialización das capturas de marraxo”.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 12/02/2021 13:06:53

Teresa Egerique Mosquera na data 12/02/2021 13:07:11

José Manuel Balseiro Orol na data 12/02/2021 13:07:20

Ana Belén García Vidal na data 12/02/2021 13:07:32

Manuel Santos Costa na data 12/02/2021 13:07:41

José Alberto Pazos Couñago na data 12/02/2021 13:07:48

María Elena Suárez Sarmiento na data 12/02/2021 13:07:59

Daniel Vega Pérez na data 12/02/2021 13:08:13



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas María González Albert e Noa Presas Bergantiños e dos deputados Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Ramón Fernández Alfonzo e Daniel Pérez López, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á definitiva deslocalización de postos de traballo de Iberdrola na comarca de Valdeorras para Salamanca.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Antes do próximo 31 de marzo de 2021, se ningúén lle pon remedio, a empresa Iberdrola procederá á deslocalización definitiva do seu Centro de Operacións de Cunca (COC) do Noroeste que actualmente se atopa situado no concello da Rúa (Valdeorras) e que a entidade ten previsto trasladar a Salamanca.

Cando en 2019 o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego tivo coñecemento desta previsíbel deslocalización de servizos e postos de traballo de Iberdrola na comarca de Valdeorras, entendeu que era urgente tomar posición e así o transmitiu neste Parlamento a través de distintas iniciativas. Unha dasas iniciativas foi debatida na Comisión 6ª desta Cámara e aprobada por unanimidade de todos os grupos cos seguintes puntos de acordo:

«O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Expressar o seu compromiso con defender o mantemento dos postos de traballo de Iberdrola na Comarca de Valdeorras así como no resto de Galiza como compensación do impacto social que ten a produción enerxética no noso país.
2. Manter o diálogo e colaboración cos concellos das comarcas de Valdeorras e Trives e calquera outra institución galega comprometida nestes obxectivos.
3. Dirixirse á dirección de Iberdrola para esixirle o mantemento dos postos de traballo e o freo ao progresivo desmantelamento dos servizos no territorio galego.»

Naquel momento a mobilización cidadá no Concello deixou ver a importancia que para a sociedade ruesa ten este centro de traballo; cunha implicación na identidade da vila que vai moito máis aló dos postos de traballo.

Desde o BNG reiteramos que esta deslocalización, que a empresa cualifica de “reorganización” e que en varias ocasións incluso asegurou que non se produciría, é unha nova labazada a unha comarca afectada por unha constante destrucción de emprego e despoboamento á que se suma a perda de 16 postos de traballo.

Esta situación é inaceptábel se temos en conta que esta empresa, como tantas outras do sector enerxético, explotan os nosos recursos naturais e esquilman os nosos ríos e polo tanto é esixible o compromiso de manter o xa reducido número de postos de traballo que xeran no territorio nunha comarca marcada pola produción hidráulica xa desde Saltos do Sil, cun importante custo ambiental.

A marcha de Iberdrola da Rúa vai de feito contra a pretendida e preconizada política de responsabilidade social corporativa da empresa, que asegura “ter un grao máximo de responsabilidade coas zonas de orixe do negocio”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mentres a empresa continúa cos seus plans de deslocalización, o pasado 4 de outubro de 2020 a prensa anunciou a información de que “Iberdrola construirá en Vilariño de Conso, una de la centrales más importantes de Europa cunha potencia de 900Mw” (Faro de Vigo). Unha instalación que estaría en avanzado estado administrativo e que sería unha das centrais hidroeléctricas más grandes do Estado.

Non é admisíbel que Galiza continúe a alimentar de xeito extraordinario o negocio de Iberdrola e esta o pague eliminando emprego para levalo á terra do seu presidente. É preciso poñer límite á tendencia de eliminación de emprego da empresa no interior de Galiza (desde 1990 eliminou 111 postos de traballo, o equivalente ao 44,75% do total de emprego que mantiña a empresa no país). De feito a día de hoxe, e a pesares do uso que Iberdrola fai dos recursos naturais de Galiza, e segundo a EPA, o emprego total directo e estábel que a empresa xera en Galiza supón só o 0,019% do total do emprego do país (e decrecendo).

Queremos lembrar que a día de hoxe Iberdrola ten en Galiza a seguinte potencia en funcionamento:

1. Potencia instalada en xeración hidráulica: 1.466,87 Mw
2. Potencia instalada en bombeo: 395,93 Mw
3. Potencia instalada en eólicos: 628 Mw

En 2019 tanto o Concello da Rúa (gobernado por BNG e PSOE) así como o Concello de Petín fixeron declaracions institucionais contra a marcha da empresa da comarca. Ao mesmo tempo, e como sinalamos máis arriba, este Parlamento se posicionou á contra da deslocalización reclamando que esa preocupación e compromiso implicasen tamén á Xunta de Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Explicar a este Parlamento os pasos dados polo goberno galego en cumprimento do acordo parlamentario que lles requería dirixirse a empresa para manter os postos de traballo e evitar a marcha de servizos da empresa de Galiza.
2. Reiterar o seu compromiso e tomar as medidas necesarias para defender o mantemento dos postos de traballo de Iberdrola na Comarca de Valdeorras así como no resto de Galiza como compensación do impacto social e ambiental que ten a produción enerxética no noso país.
3. Manter o diálogo e colaboración con calquera outra institución galega comprometida nestes obxectivos.”

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2021

Asdo.: María González Albert

Noa Presas Bergantiños

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 17/02/2021 09:22:19

Daniel Pérez López na data 17/02/2021 09:22:23

Ramón Fernández Alfonzo na data 17/02/2021 09:22:34

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 17/02/2021 09:22:44

Noa Presas Bergantiños na data 17/02/2021 09:22:52

María González Albert na data 17/02/2021 09:23:01





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas Mercedes Queixas Zas, Rosana Pérez Fernández e Olalla Rodil Fernández, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, en demanda da reapertura da hospedaría da Casa do Mar da Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Real decreto 373/1999, do 5 de marzo de 1999, articulaba o proceso de traspaso a Galiza das funcións e servizos da Seguridade Social que en materia de asistencia e servizos sociais estaban até daquela encomendados ao Instituto Social da Mariña (ISM).

Traspásanse, xa que logo, a Galiza, con efectividade a data de 1 de xullo de 1999, as funcións e servizos que viña realizando o ISM en materia de asistencia e servizos sociais co fin de atender o benestar dos traballadores do mar e das súas familias a través da prestación de servizos adecuados, así como aos mariños e pescadores das terceira idade e as súas familias. É por iso que nesta altura estas Casas do Mar son responsabilidade da Consellería de Política Social.

Estas hospedarías, repartidas por toda a Galiza mariñeira e vinculadas ás Casas do Mar, son espazos referenciais para os mariñeiros e as súas familias, xa que ofrecen un servizo social público moi necesario para acoller, cunhas tarifas moi asequíbeis, os traballadores do mar cando des desprazan doutros lugares para facer cursos de formación, para facer recoñecementos médicos, para pernoctacións puntuais mentres o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

barco atraca para descargas, reposición de suministros ou reparación de avarías, etc.

Asemade, nestas Casas do Mar acóllense familias dos mariñeiros para reencontros familiares, en momentos de accidentes marítimos ou para gozar de períodos vacacionais, servizos sociais que se estenden tamén aos mariñeiros xubilados.

O confinamento activado por mor da pandemia por covid o pasado mes de marzo de 2020 obligou a pechar todas as hospedarías. Desde o mes de agosto volveron abrir agás a da Coruña que segue inactiva e co persoal traballador derivado a outros espazos dependentes da Consellería de Política Social.

Descoñécese cal é a razón do peche desta hospedaría na Casa do Mar da Coruña, un espazo que presentaba unha frecuente alta demanda de mariñeiros e familiares, malia o desinterese e abandono por parte do goberno galego das súas instalacións, ausencia de renovación das camas e outro mobiliario, falta de pintura...

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a reabrir a hospedaría da Casa do Mar da Coruña e recuperar a oferta deste servizo social público aos mariñeiros que o precisan e as súas familias, comprometéndose a abordar un plan de reparación das deficiencias e renovación dos enseres e mobiliario básico para garantir unhas condicións de acollida moito más dignas das existentes.”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2021

Asdo.: Mercedes Queixas Zas

Rosana Pérez Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 17/02/2021 09:47:09

Rosana Pérez Fernández na data 17/02/2021 09:47:13

Mercedes Queixas Zas na data 17/02/2021 09:47:23





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputado **Carmen Aira Díaz, María González Albert e Xosé Luis Rivas Cruz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre os ecoesquemas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Política Agraria Común prevista para o período 2023-2027 avanzará un chanzo máis nas esixencias ambientais. O plan estratéxico desta nova PAC conta con cambios de concepto en diversas cuestiós que afectarán ás persoas beneficiarias das axudas.

Boa parte das axudas directas da PAC ao agro encamíñase a lograr maiores compromisos ambientais de agricultores/as e gandeiros/as, pois un mínimo dun 20% dos pagos directos abonarase por medio dos chamados ecoesquemas (que podería chegar a acadar ata un 30%), que son liñas de axudas orientadas a primar prácticas que contribúan principalmente a mellorar a biodiversidade e a loitar contra o cambio climático.

O deseño dos ecoesquemas, que se encadran no primeiro pilar da PAC, corresponde a cada Estado membro, se ben o Plan Estratéxico Nacional de España terá que ser refrendado por Bruxelas.

Para ser aprobados pola Comisión Europea, os ecoesquemas teñen que impulsar esixencias ambientais superiores ás da condicionalidade reforzada da Política Agraria





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Común. Tamén terán que ser medidas diferentes das que figuran nas axudas agroambientais (pilar 2).

Os ecoesquemas deben respestar aos 3 obxectivos específicos medioambientais definidos relativos ao cambio climático e á enerxía sostible; ao desenvolvemento sostible e á xestión eficiente dos recursos naturais; e á protección da biodiversidade, os servizos ecosistémicos, a conservación dos hábitats e das paisaxes.

A primeira proposta de ecoesquemas, elaborada no 2.020 polo Ministerio de Agricultura, presentaba escasas opcións para as granxas galegas, se ben a nova proposta trasladada ás Comunidades Autónomas fai uns días amplía o abano de posibles alternativas (pastoreo extensivo, manexo apropiado dos pastos con sega de prados e marxes sen segar, agricultura de precisión, plans de uso sostible de fitosanitarios, prácticas para a mellora da biodiversidade, rotación de cultivos con especies mellorantes e agricultura de conservación con semienteira directa).

Tendo en conta que a intención do Ministerio de Agricultura é o de aprobar os ecoesquemas definitivos para esta primavera, é vital coñecer a incidencia que van a ter para Galiza, xa que tradicionalmente a centralización das negociacións fixo que os Plans Estratégicos foran elaborados priorizando particularidades propias doutras rexións como a mediterránea ou a do Sur de España, relegando as necesidades galegas a un papel secundario.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a explicar o estado e o contido das negociacións co Ministerio de Agricultura a respecto da aprobación dos ecoesquemas, así como as súas implicacións para o país, tendo en conta que a intención do Ministerio de Agricultura é aprobalos definitivamente para esta primavera.”

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2021

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

María González Albert

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 17/02/2021 10:08:21

Xosé Luis Rivas Cruz na data 17/02/2021 10:08:30

María González Albert na data 17/02/2021 10:08:41





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María del Carmen Aira Díaz na data 17/02/2021 10:08:55



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, **Marina Ortega Otero, Martín Seco García, Carmen Rodríguez Dacosta e Leticia Gallego Sanromán**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

A principios do ano 2019 tñase coñecemento de que por parte de IBERDROLA estaba previsto que o Centro de Operación de Cuenca (COC) do río Sil de A Rúa desaparecera e se trasladara a outra Comunidade Autónoma.

Este Centro forma parte da historia hidráulica de Galicia, xa que a súa apertura data de 1955, sendo o mais antigo de Galicia e está formado por técnicos de alta cualificación que tamén levan control das augas superficiais de Galicia, materia de interese público para a nosa Comunidade Autónoma .

Xa en maio de 2019 se produciron distintas manifestacións e concentracións en contra deste movemento de deslocalización que pretende Iberdrola e a pesares de que a empresa negou tal extremo, aos concellos afectados e os sindicatos, a empresa eléctrica insiste en trasladar a Salamanca dita infraestrutura cun proceso de reordenación dos centros de control que contempla que únicamente continúe o de Salamanca, co fin de que dende alí controle e supervise tódalas instalacións hidroeléctricas que a empresa posúe en España

Esta decisión é inxustificable por unha empresa que factura mais de 380 millóns en Galicia, con centrais que explotan os recursos públicos galegos e que maioritariamente xa están amortizados e que conta con importantes proxectos coma parques eólicos polo territorio rural de Galicia.

A empresa debe respectar a Galicia e debe ter un comportamento coas poboacións do rural da provincia de Ourense que corresponda co beneficio que obtén dos nosos recursos. Debe corresponder mantendo emprego estable e de calidade no rural, cooperando en corrixir os desequilibrios territoriais que sofre.

A desaparición do Centro de operacións da comarca de Valdeorras, suporía a perda de empregos cualificados, a perda de actividade económica con diversas



empresas colaboradoras, e un duro golpe a unhas poboacións do rural onde os empregados residen.

A proximidade dos servicios que xestionan ós recursos é ademais unha vantaxe na eficacia e rendibilidade dos centros de producción. A proximidade as administracións que controlan esos recursos facilita a realización de trámites, así como a propia coordinación e da tranquilidade ante as diversidade de incidentes e riscos nestes recursos.

Por tanto o Grupo Parlamentario Socialista entende que o Goberno galego debe de facer todo o que este na súa man para manifestar a súa exixencia de que IBERDROLA manteña o Centro de Control integrado (COC) no concello de A Rúa en correspondencia coa explotación de recursos naturais públicos a través do que desenvolva a súa actividade económica.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte Proposición non de lei:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Tomar todas aquellas medidas que sexan necesarias para evitar o traslado do Centro de Operación de Cuenca (COC) do río Sil radicado no concello de A Rúa.
2. Cumprir o acordo da Comisión 6.^a, do 5 de xuño de 2019, da resolución publicada no BOPG núm. 465 do 6 de xuño de 2019:

O Parlamento de gallego acorda instar a Xunta de Galicia a:

1. Expresar o seu compromiso con defender o mantemento dos postos de traballo de Iberdrola na Comarca de Valdeorras así como no resto de Galicia como compensación do impacto social que ten a produción enerxética no noso país.

2. Manter o diálogo e colaboración cos concellos das comarcas de Valdeorras e Trives e calquera outra institución galega comprometida nestes obxectivos.



3. Dirixirse á dirección de Iberdrola para esixirlle o mantemento dos postos de traballo e o freo ao progresivo desmantelamento dos servizos no territorio galego.”

Pazo do Parlamento, 16 de febreiro de 2021

Asdo.: Marina Ortega Otero
Martín Seco García
Carmen Rodríguez Dacosta
Leticia Gallego Sanromán
Deputada do G. P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Gonzalo Caballero Míquez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 17/02/2021 10:34:53

Martín Seco García na data 17/02/2021 10:35:03

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 17/02/2021 10:35:16

María Leticia Gallego Sanromán na data 17/02/2021 10:35:37

Gonzalo Caballero Míquez na data 17/02/2021 10:35:49





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a Estratexia galega de soildade non desexada e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza conta a día de hoxe, segundo os últimos datos publicados polo Instituto Galego de Estatística (IGE), con 238.371 fogares unipessoais. Deles, 122.731 están formados por persoas maiores de 65 anos, a maioría mulleres (62,73%).

A soildade non desexada é na actualidade un dos maiores riscos para o deterioro das persoas e un factor determinante que favorece a aparición de situacíons de dependencia, segundo advirte a Organización Mundial da Saúde (OMS).

En 2019 o Parlamento accordou, por unanimidade, instar a Xunta de Galiza a elaborar unha Estratexia para abordar esta realidade, a da soildade non desexada, e intervir de maneira integral sobre ela. Porén, até o momento e máis alá dos anuncios en medios de comunicación, esta non foi aprobada nin tampouco presentada na Cámara para que poida ser analizada e debatida polos grupos.

A crise sanitaria provocada pola Covid19 e especialmente o enorme impacto social que está a ter, afectou e afecta de maneira especial ás persoas maiores e más aínda aquelas que viven. As medidas de distanciamento social, o peche de espazos de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

lecer e as limitacións impostas á mobilidade teñen un maior impacto emocional nelas que pode facer empeorar as súas condicións de vida.

Desde o Bloque Nacionalista Galego temos insistido moito ao longo destes meses na urxencia de deseñar un novo modelo de coidados que faga corresponsábel o conxunto da sociedade, que despregue unha rede de servizos públicos forte e garanta a mellor atención das persoas maiores e dependentes priorizando a permanencia destas nos seus fogares. Nese novo modelo de coidados a teleasistencia debe ser unha peza chave.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a enviar á Cámara, antes de rematar o actual período de sesións, a Estratexia de prevención, atención e abordaxe integral da soildade non desexada para o seu debate e tramitación na Cámara.”

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2021

Asdo.: Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 17/02/2021 11:08:57

María Montserrat Prado Cores na data 17/02/2021 11:11:02

Iria Carreira Pazos na data 17/02/2021 11:11:05





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre o grao de cobertura da teleasistencia en Galiza e as medidas que prevé adoptar a Xunta de Galiza para garantir o despregamento deste servizo no país.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo recolle a memoria anual da Consellaría de Política Social correspondente a 2019 (últimos datos dispoñibeis) en Galiza 8.212 persoas contan co servizo de teleasistencia básica das cales 349 contaban con algunhas melloras do servizo como detector de fume ou de gases. Doutra banda, 161 persoas usuarias das provincias de Ourense e Lugo dispoñían de Teleasistencia Plus.

O grao de cobertura deste servizo, fundamental para o acompañamento, apoio e atención das persoas maiores, especialmente aquelas que viven soas, é pírrico no noso país.

De facto, así o sinala o Foro económico de Galiza no informe Galiza 2040 : Dinámica demográfica e cambio de paradigma, que sitúa no 2,7 por cada 100 maiores de 65 anos o índice de cobertura deste servizo no noso país, case oito puntos por baixo da media do estado (10,41).





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Este servizo, que en Galiza está xestionado a través da Cruz Vermella, constitúe un recurso fundamental para a atención das persoas dependentes. Porén, só acceden a el persoas cun grao de dependencia recoñecida e, en función del, a unhas ou outras características do mesmo.

Nos últimos meses escoitamos falar á Xunta de Galiza de maneira insistente da necesidade de estender a teleasistencia avanzada no noso país. Así as cousas, o certo é nos últimos doce anos o esforzo feito polo Partido Popular desde o Goberno galego para garantir o acceso a este recurso daquela poboación potencialmente usuaria foi mínimo por non dicir inexistente como evidencian os datos.

Para o Bloque Nacionalista Galego a teleasistencia é un servizo esencial que debe servir non só para intervir en casos de dependencia senón como ferramenta de prevención da mesma. Por suposto, non pode ser concibida polo un recurso illado senón que debe ser deseñado e despregado de maneira conxunta cos demais servizos do SAAD, especialmente os de atención a domicilio e outros de proximidade.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a elaborar un plan de despregamento da teleasistencia dotado dos recursos económicos, humanos e materiais necesarios para garantir, progresivamente, o acceso a este recurso de toda a poboación maior de 65 anos que viva soa. Este Plan será presentado no Parlamento de Galiza nun prazo de seis meses para o seu debate e alegacións por parte dos grupos.”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2021

Asdo.: Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 17/02/2021 11:31:17

María Montserrat Prado Cores na data 17/02/2021 11:31:19

Olalla Rodil Fernández na data 17/02/2021 11:31:27



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Marisol Díaz Mouteira, José Manuel Balseiro Orol, Ramón Carballo Páez, Diego Calvo Pouso, Rubén Lorenzo Gómez, Carmen Pomar Tojo e Marta Nóvoa Iglesias**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

Galicia conta con 2.091 quilómetros de perímetro costeiro insular e peninsular, sendo a comunidade con más territorio costeiro. Por esta razón, a comunidade galega leva solicitando ao Goberno central desde 2009 o traspaso das competencias en materia de xestión do dominio público marítimo terrestre.

Principalmente, reclámase esta xestión porque se trata dun territorio que ten unha especial vinculación con materias que xa son actualmente de competencia autonómica, como son a regulamentación urbanística, a construcción de portos ou o control de vertidos na costa.

Ante a existencia de dous niveles administrativos diferentes nesta zona, considerase imprescindible continuar reclamando ao Estado o traspaso a Galicia das competencias para a xestión do dominio público marítimo terrestre.

O obxectivo desta reclamación é acadar unha mellor prestación do servizo público, facéndoo a través dunha xestión de proximidade e cun coñecemento máis detallado da nosa realidade costeira, refrendada coa aprobación do Plan de Ordenación do Litoral.



Tendo en conta isto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar ao Goberno de España o traspaso a Galicia das competencias para a xestión do dominio público marítimo terrestre”.

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2021



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 17/02/2021 12:04:16

María Sol Díaz Mouteira na data 17/02/2021 12:04:38

José Manuel Balseiro Orol na data 17/02/2021 12:05:31

Ramón Carballo Páez na data 17/02/2021 12:05:48

Diego Calvo Pouso na data 17/02/2021 12:06:20

Rubén Lorenzo Gómez na data 17/02/2021 12:06:36

Carmen María Pomar Tojo na data 17/02/2021 12:06:47

Marta Núvoa Iglesias na data 17/02/2021 12:07:05

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, **Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

O 16 de febreiro de 2021 a Consellería de Política Social anuncia a presentación ao Goberno central unha trintena de proxectos do ámbito social para captar, segundo a propia consellería 164 millóns de euros de fondos europeos vertebrados no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

A Conselleira de Política Social explicou en rolda de prensa que nos últimos días aportou ao *Ministerio de Derechos Sociales y Agenda 2030* a candidatura de Galicia para o bloque social deses fondos.

Ante a falta de información por parte da consellería á Cámara que representa a toda a ciudadanía galega no Parlamento de Galicia, dende o Grupo Socialista consideramos urgente que se dean as explicacións necesarias para tratar un tema transcendental para os galegos e galegas nun momento de crise sanitaria e social provocada pola Covid-19.

Os propios axentes sociais e movementos de base que conforman o sistema de Políticas Sociais en Galicia temen que este tipo de acción unilateral por parte da conselleira deixe fóra moitas das súas propostas de cara a mellorar a calidade de vida dos galegos e galegas nun momento transcendental para a reactivación social da ciudadanía e mesmo de colectivos vulnerables que precisan dunha discriminación positiva por parte das administracións. Hai que ter en conta ademais que ditos proxectos se presentaron antes ao Goberno central que á propia ciudadanía galega na Cámara representativa.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:



1. Presente e dar conta no Parlamento de Galicia dos trinta proxectos que a Conselleira de Política Social anunciou ante os medios de comunicación que van dirixidos ao Goberno central en relación á captación de fondos europeos no eido social.
2. Convoque urxentemente aos colectivos, partidos e axentes sociais para abordar, debater e consensuar os proxectos no eido social que deben ser propostos para a captación dos fondos europeos ante o Goberno de España.

Pazo do Parlamento, 17 de febreiro de 2021

Asdo.: Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Deputada do G. P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Gonzalo Caballero Mínguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 17/02/2021 11:49:17

Julio Torrado Quintela na data 17/02/2021 11:49:32

Gonzalo Caballero Mínguez na data 17/02/2021 11:49:41



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Ovidio Rodeiro Tato, Teresa Egerique Mosquera, Encarnación Amigo Díaz, José Luis Ferro Iglesias, Sandra Vázquez Domínguez, Elena Súarez Sarmiento e Felisa Rodríguez Carrera** abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de Motivos:

GaliciaLe é a plataforma de préstamo de libros, revistas, audiolibros e películas en formato electrónico. A Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a través da Secretaría Xeral de Cultura, presta este servizo en colaboración co Ministerio de Cultura y Deporte.

Creada en 2014 e ofrecida a través da Rede de Bibliotecas de Galicia, ten como obxectivo facilitar o acceso de toda a cidadanía á cultura, en calquera momento e lugar, mediante un catálogo en galego e dun catálogo en castelán (eBiblio Galicia).

Ao longo destes anos, a Xunta de Galicia vén realizando un importante traballo para consolidar esta plataforma como un servizo de calidade, á altura das demandas e expectativas da cidadanía, para o cal destina recursos materiais e humanos, que realizan un imprescindible traballo de xestión interna.

As cifras mostran, neste tempo, un substancial incremento de usuarios e de préstamos a través da aplicación. Un balance positivo que avala a labor realizada por parte da



Administración Autonómica e que mostra a consolidación de GaliciaLe como un complemento doutros servizos bibliotecarios.

Porén, advertimos con preocupación que nos últimos meses se veñen producindo unha serie de deficiencias moi preocupantes e de diversa índole na plataforma, coincidindo co cambio de empresa adxudicataria do servizo por parte do Ministerio de Cultura y Deporte.

Desde o 26 de novembro ao 10 de decembro a plataforma quedou pechada e, desde a volta á actividade, ofrece unhas funcións moi reducidas. Uns problemas que non só afectan ao traballo dos xestores, senón tamén á experiencia dos propios usuarios/as, que están a transmitir as súas queixas a través das bibliotecas da Rede.

Esta evolución negativa do servizo de GaliciaLe, responsabilidade do Ministerio de Cultura y Deporte, está a poñer en seria dificultade o traballo destes anos, nun momento en que o acceso á lectura e aos produtos e servizos dixitais está experimentando un importante aumento.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade xa trasladou ao departamento competente en materia de bibliotecas do Ministerio de Cultura y Deporte todas as incidencias que se están a producir; e comunicoulle a súa disposición a colaborar para solucionalas.

Por todo o exposto, O Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei en pleno:

“O Parlamento de Galicia acorda instar a Xunta de Galicia a que demande do Ministerio de Cultura y Deporte unha pronta e satisfactoria solución, no prazo máximo de un mes,



aos problemas que presenta a plataforma Ebiblio/GaliciaLe tanto no servizo que se lle presta aos usuarios/as coma nas funcionalidades que deben implementar os xestores técnicos de bibliotecas”.

Santiago de Compostela, a 17 de Febreiro de 2021.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 17/02/2021 16:49:31

Ovidio Rodeiro Tato na data 17/02/2021 16:49:45

Teresa Egerique Mosquera na data 17/02/2021 16:49:54

María Elena Suárez Sarmiento na data 17/02/2021 16:50:03

María Encarnación Amigo Díaz na data 17/02/2021 16:50:13

José Luis Ferro Iglesias na data 17/02/2021 16:50:26

Sandra Vázquez Domínguez na data 17/02/2021 16:50:36

María Felisa Rodríguez Carrera na data 17/02/2021 16:50:49



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das deputadas, e do deputado, Noa Díaz Varela, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A atención primaria do Servizo Galego de Saúde presenta un deterioro cada día maior xa non só no ámbito das infraestruturas senón tamén en materia asistencial, sendo cada vez más os centros que adoecen de falla do persoal necesario para dar a cobertura axeitada á poboación, como vén denunciando constantemente o Grupo Parlamentario Socialista.

O servizo de pediatría do centro de saúde de Conxo, en Santiago de Compostela, funcionaba diariamente ata que hai un mes pasou a ofrecerse só dous días á semana de maneira presencial. A veciñanza está estes días a recibir a información de que existe a intención de suprimilo en próximas datas trasladando esa atención médica ao centro de saúde Concepción Arenal.

Esta información contrasta co compromiso da Xunta de Galicia de habilitar un novo espazo para o centro de saúde do barrio de Conxo, tal e como aparece reflectido nos Orzamentos do Goberno galego para este exercicio aínda que sen partida orzamentaria concreta nin prazos previstos de execución.

Ese novo centro de saúde, unha reivindicación histórica da veciñanza, sería moi necesario tendo en conta que Conxo é precisamente a zona cara a onde está experimentando máis expansión a cidade de Santiago de Compostela, prevéndose un aumento considerable de poboación nos vindeiros anos.

As instalacións actuais atópanse nun estado moi deficitario e, por se iso fose pouco, a falla de protocolos Covid19 axeitados obriga a que a veciñanza -moita dela envellecida- teña que agardar a ser atendida de pé, na rúa, soportando as inclemencias climatolóxicas.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:



1º) Garantir a cobertura durante todo o ano do servizo de pediatría no centro de saúde de Conxo.

2º) Executar no presente exercicio 2021 as obras do novo centro de Saúde de Conxo.

Pazo do Parlamento, 17 de febreiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 17/02/2021 17:36:56

Julio Torrado Quintela na data 17/02/2021 17:37:10

Marina Ortega Otero na data 17/02/2021 17:37:20

Gonzalo Caballero Míguez na data 17/02/2021 17:37:32





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Mercedes Queixas Zas** e **Olalla Rodil Fernández**, e dos deputados **Manuel Lourenzo Sobral** e **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa á demanda dunha atención educativa que garanta o acceso ao sistema bilingüe -lingua oral e de signos- ao alumnado xordo ou con deficiencias educativas desde unha atención temperá.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As persoas xordas fan un sobreesforzo por se integraren na sociedade e superaren a que é recoñecida como a discapacidade máis cruel polo feito de ser invisíbel.

No entanto, cando estamos a piques de cumplir un ano desde o comezo da pandemia por COVID-19, podemos concluír que a discapacidade auditiva é a gran prexudicada nesta pandemia ao someter as persoas xordas a situacións de marxinalidade que chegan a conculcar os seus dereitos de accesibilidade e comunicación, así como vulnerar os seus dereitos de acceso ao coñecemento a través da educación e aos coidados da saúde con máximas garantías.

A pandemia actual acrecentou unha situación de incomunicación xa existente en diferentes ámbitos da Administración galega, multiplicando as barreiras no ámbito social, educativo e sanitario.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así, en moitas ocasións, as medidas sanitarias preventivas, que tamén son molestas e limitadoras para calquera cidadán, no caso das persoas xordas teñen consecuencias moi superiores e maiormente anuladoras da capacidade de socialización.

Por exemplo, a obrigatoriedade do uso da máscara para as persoas xordas provocou un impacto moito maior xa que, para alén de anular a comunicación verbal a través fundamentalmente da lectura labial, mingua moi considerabelmente a tan importante capacidade comunicativa que ofrece a linguaxe facial, como apoio á lingua de signos, e impide socializar coa normalidade necesaria este colectivo.

A covid-19 tamén puxo o foco nun problema xa existente e que cómpre afrontar canto antes de forma integral.

A atención educativa do alumnado xordo ou con deficiencias auditivas non sempre recibe o debido coidado desde o goberno galego e, á limitación comunicativa actual que imponen as máscaras, súmase a falta de apoio por parte de intérpretes en horario escolar completo para o alumnado que o precisa, nomeadamente en ensino posobrigatorio.

Nas últimas décadas, asistimos á auxe da tecnoloxía dos implantes cocleares co fin de resolver o problema da audición da infancia xorda. Sen embargo, investigacións actuais sobre o seu éxito apuntan a que non sempre se conseguem os resultados óptimos en todos os casos.

As conclusións apuntan que os implantados teñen un “retraso lingüístico” de aproximadamente tres anos a respecto dos seus homólogos normooíntes, presentando trazos atípicos en todos os niveis lingüísticos primarios (fonolóxico, morfolóxico e léxico-semántico), como tamén no pragmático (ou comunicativo).





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estes datos revelan que estamos ante casos de privación lingüística en moitas crianças e adolescentes, xa que os implantes resolvén o problema de recuperación da audición, mais non resolvén completamente o proceso de adquisición dunha primeira lingua e ademais ten como consecuencias a incapacidade para a comunicación interpersonal en grupo e a propia alfabetización.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta o goberno galego a:

- Avaliar a situación do alumnado xordo ou con deficiencias auditivas nos centros educativos galegos, no que ten a ver co cumprimento das garantías de acceso á plena aprendizaxe en todas as etapas educativas.
- Garantir a oferta de modelos educativos bilingües -lingua oral e lingua de signos- nos programas de atención temperá para asegurar o desenvolvemento lingüístico e cognitivo dos nenos e nenas xordas, como base para toda a aprendizaxe posterior.
- Asegurar o servizo de interpretación na etapa posobrigatoria e nas universidades acompañando todo o currículum escolar.”

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**
Olalla Rodil Fernández





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 17/02/2021 19:13:09

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 17/02/2021 19:13:12

Daniel Castro García na data 17/02/2021 19:13:19

Mercedes Queixas Zas na data 17/02/2021 19:13:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e deputada **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre inmatriculacións da Igrexa católica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Igrexa católica ben gozando desde 1946 dun privilexio franquista que lle permitiu inscribir miles de bens sen ter que acreditar a propiedade dos mesmos, xa que a Lei hipotecaria e o regulamento que a desenvolveu posibilitaron que os representantes eclesiásticos actuasen como fedatarios públicos.

Aínda que a citada norma non permitía inscribir templos dedicados ao culto, por ser considerados bens de dominio público, a realidade é que moitos destes bens foron inmatriculados (inscritos por primeira vez no Rexistro da Propiedade) a nome da Igrexa entre 1946 e 1998. No ano 1998 o governo do PP ampliou o privilexio franquista mediante unha modificación da Lei hipotecaria que lle permitía á Igrexa inscribir tamén lugares de culto como igrexas, mosteiros, ermidas, capelas, catedrais, etc. Como consecuencia desta norma, entre 1998 e 2015 (ano en que se suprimir esta prerrogativa) foron inscritos case 35.000 bens a nome da Igrexa católica, dos cales unha parte poderían ser bens privados, outros de propiedade das administracións e outros de dominio público.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No ano 2017 foi aprobada unha proposición non de lei no Congreso na que se demandaba ao goberno do Estado a elaboración dun informe con todas as inmatriculacións realizadas entre 1998 e 2015, así como “reclamar a titularidade do dominio se a devandita inmatriculación se fixo sen a necesaria existencia dun título material e previo”, isto é, sen que existise algún documento que demostrase a propiedade.

Por outra parte, no ano 2018 unha Comisión de Persoas Expertas creada para determinar a titularidade da Mezquita de Córdoba recomendou anular as inmatriculacións mediante un recurso ao Tribunal Constitucional.

Resulta tamén de interese salientar o litixio gañado pola veciñanza de San Xurxo de Sacos (Cerdeiro-Cotobade) contra o arcebispo de Santiago, logo de que a Igrexa inmatriculase irregularmente a carballeira de San Xusto e o monte de Lixó. Neste asunto houbo ate tres sentenzas favorábeis á veciñanza: en 1991 a do xulgado nº 3 de Pontevedra; en 1992 da sección 2ª da Audiencia Provincial; e en 1996 o da sala do civil do Tribunal Supremo.

Malia que o goberno do Estado contaba desde agosto de 2018 coa listaxe das inmatriculacións realizadas desde 1998, tardou máis de dous anos e medio en facelas públicas. Unha vez que se veñen de dar a coñecer os 34.984 bens rexistrados, chaman a atención varios feitos en relación con Galiza:

- A alta porcentaxe de inmatriculacións rexistradas en Galiza, 7.131, que supoñen máis do 20 por cento do total.
- A menor proporción de edificios dedicados ao culto e edificacións anexas (2.747), fronte a diferentes propiedades urbanas e rústicas como solares, garaxes, pisos, carballeiras ou campos da festa (4.384).





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- A escasa información sobre moitos destes bens, sobre todo no caso de terreos rústicos, que aparece na listaxe que se fixo pública.

Tendo en conta os privilexios concedidos polo Estado á Igrexa católica desde 1946 para o primeiro rexistro sen a necesidade de acreditar a propiedade, considerando o elevado número de bens inscritos e a posibilidade de que se producisen inmatriculacións de bens de dominio público ou que poderían ter outros titulares, tanto o goberno central como a Xunta de Galiza deberían promover unha investigación ao respecto e dispoñer os medios para anular as inmatriculacións irregulares e restituir os bens aos seus lexítimos propietarios.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a demandar do goberno do Estado:

- A ampliación da información sobre os bens inmatriculados, especialmente no caso de propiedades rústicas, de maneira que se facilite a súa identificación e localización.

- A investigación de todas as inmatriculacións realizadas pola Igrexa católica desde o ano 1946 e a reclamación da titularidade do dominio se a devandita inmatriculación se fixo sen a necesaria existencia dun título material e previo

- A anulación das inmatriculacións realizadas pola Igrexa católica cando se trate de bens de dominio público.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asemade, o Parlamento insta a Xunta de Galiza a crear unha oficina de información e asesoramento ás entidades que reclamen estes bens, así como a promover accións precisas para a anulación das inmatriculacións de bens de dominio público e as realizadas sen acreditar a titularidade.”

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2021

Asdo.: Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Iria Carreira Pazos

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/02/2021 10:19:05

Iria Carreira Pazos na data 18/02/2021 10:19:18

Xosé Luis Bará Torres na data 18/02/2021 10:19:27





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas María González Albert e Noa Presas Bergantiños e dos deputados Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Luis Bará Torres, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre o parque eólico de Alta Cabrera e a súa afección á comarca de Valdeorras.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos meses desde o BNG estamos a asistir con preocupación na proliferación de parques eólicos de grandes dimensións con afección a unha zona específica do oriente ourensán: a comarca de Valdeorras. Así, aos xa anunciados parques que está a tramitar o Ministerio de Transición Ecolólica promovidos pola norueguesa Statkraft (PE Barjas e PE Prada), súmanse o xa aprobado en 2008 de Cernego (en Vilamartín de Valdeorras) e outros cinco do grupo Avintia Energía SL dos que tres (PE Xeada, PE Neboada e PE Orballeira) afectan de forma importantísima aos concellos de Vilamartín de Valdeorras e principalmente A Rúa (ademas de concellos limítrofes como Quiroga ou Ribas de Sil (en Lugo) mentres que outros dous (PE Ventumelo e PE Treboada) se sitúan nas comarcas limítrofes con Valdeorras de Terras de Caldelas e Terras de Trives e comparten tamén infraestruturas cos tres primeiros.

Desde o Bloque Nacionalista Galego temos alertado acerca da falta de planificación e vixilancia públicas no actual boom eólico, que se está a desenvolver sen





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

garantías de participación social nin de protección de espazos naturais e patrimoniais singulares más aló da (escasa) Rede Natura.

Agora, o día 16 de febreiro de 2021, o Boletín Oficial do Estado publica a tramitación e a entrada en exposición pública dun novo megaparque (PE da Alta Cabrera) promovido pola empresa Enel Green Power España que se situará entre as comarcas do Bierzo e de Valdeorras, afectando gravísimamente ao concello de Carballeda de Valdeorras e á serra de Trevinca, desde onde se planifica o acceso ao parque.

Este novo proxecto eólico tería 29 aeroxeneradores (dos que 14 se sitúan en Carballeda de Valdeorras) e unha torre meteorolólica para unha potencia total de 144 Mw de potencia cunha liña de evacuación prevista até a SET Quereño (Rubiá).

Atopámonos deste xeito cunha situación de gravidade na que a comarca de Valdeorras se vai ver directamente afectada por até 7 instalacións eólicas que supoñen un total de 760,5 Mw ás que se sumarían outras tres de afección indirecta máis sumatoria para un territorio de 972,7 km² e só 25.500 habitantes.

Para poñer isto en contexto é importante destacar que a día de hoxe a potencia eólica instalada en toda Galiza é de 3.826 Mw, segundo datos da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, polo que a potencia que se prevé instalar en Valdeorras e contorna é o equivalente e a un 19,88% do total de potencia que hoxe hai funcionando no conxunto do país.

O BNG tense manifestado de forma favorábel ás enerxías renovábeis en múltiples ocasións, pero non pode permitirse unha situación de desorden desta envergadura ante o evidente abandono de funcións por parte da Xunta, que nega un debate arredor de cal debe ser o novo modelo enerxético galego para a descarbonización





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ao tempo que impulsa mudanzas lexislativas para reducir garantías á sociedade e aos concellos galegos e abrir a porta a grandes multinacionais sen retorno socioeconómico e sen unha mínima protección dos valores naturais e patrimoniais.

Así un desenvolvemento que a priori podía semellar positivo tórnase en destrutor cando se realiza de xeito aleatorio e disruptivo, sen planificación e sen consenso e sobre todo cando aproveita o despoboamento dunha zona determinada para facer o que case se pode considerar unha invasión do lugar afectado. Neste marco é perentorio que a Xunta de Galiza exerza unha función de ordenación do territorio que evite situacóns de abuso como a que se pode producir na comarca de Valdeorras en caso de que se leven adiante todos estes proxectos.

Segundo esta liña de acontecementos, o martes 16 de febreiro o Ministerio de Política Territorial e Función Pública fai no BOE o anuncio, a través da Área de Industria e Enerxía da Subdelegación do Goberno en Pontevedra polo que se somete a información pública o Estudo de Impacto Ambiental e a solicitude de Autorización Administrativa Previa do Parque Eólico Alto Cabrera, gde 144 MW, e a súa infraestrutura de conexión á rede de transporte, situado nos términos municipais de Benuza, Encinedo, Puente de Domingo Flórez e Castrocontigo (provincia de León) e Carballeda de Valdeorras y Rubiá (provincia de Ourense).

No que ten a ver coas afeccións, principiamos dicindo que o Parque Eólico ten prevista a súa situación sobre o Macizo de Pena Trevinca. A liña de evacuación discorre moi próxima ao límite do Monumento Natural das Médulas. O Parque Natural de Serra da Enciña da Lastra atópase a uns 3,5 km ao norte da liña de evacuación, mentres que a ZEPA Pena Trevinca (ES000437) se atopa aproximadamente a 1 km ao sur do emprazamento e os Montes Aquilanos (ES4130022) a uns 2 km ao norte da liña de evacuación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O ZEC de Pena Trevinca está só a 950 metros ao sur do Parque e a AEIP de Pena Trevinca tamén uns 900 metros ao sur. Ao tempo, parte do ámbito se atopa incluído no Plan de Recuperación do sapoconcho europeo (*Emys orbicularis L.*) en Galiza aprobado polo decreto 70/2013 de 25 de abril.

A ZEPA Pena Trevinca está constituída por un macizo montañoso rodeado de vales de orixe glaciar do cuaternario e corresponde cun dos mellores ecosistemas subalpinos do país, tendo ademais a cota máis alta de Galiza (2127 m) e alberga tamén o Teixadal de Casaio (Hábitat 9580* Bosques de *Taxus baccata*), de carácter relictico e único no país. As charcas e as lagoas que contén son tamén ecosistemas raros en Galiza.

Sen entrar máis pormenorizadamente nos abundantes impactos ambientais, patrimoniais, e naturais deste parque en concreto é fundamental sinalar e ter en conta os efectos acumulativos sobre o territorio do conxunto de parques de previsíbel instalación en Valdeorras; unha comarca que ten xa fortes impactos ambientais derivados das explotacións mineiras de lousa a ceo aberto que supoñen o principal motor industrial da comarca e un dos principais da provincia.

Resulta ademais evidente que este megaproxecto , xunto aos outros referidos, ten tamén un impacto xeral sobre os ecosistemas e o patrimonio polos movementos de terra para a súa construción, polo impacto das construcións e polo impacto sonoro e visual. Todo isto sen avaliar a cuestión da liña de alta tensión que percorrerá todo o territorio até a SET de Quereño e que se virá a sumar ás outras 3 liñas de evacuación previstas para os outros parques dos que vimos falando.

Finalmente, cómpre insistir en que o impulso a este megaproxecto, tal e como asegurabamos ao comezo, enmárcase nun contexto de abuso de poder por parte das grandes multinacionais eléctricas fronte ás persoas propietarias, comunidades de montes





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

e outras entidades, reducindo a capacidade de negociación. Así mesmo, este tipo de proxectos carecen de planificación algunha para impulsar a participación pública dos beneficios do sector nin para levar incorporados plans de desenvolvemento económico e industrial adecuados.

A realidade é que hoxe en día, malia a propaganda que acompaña este novo boom, o retorno en termos económicos da produción de enerxía eólica é moi reducido. Na actualidade, os propietarios reciben de media entre o 1,1 e o 2,4% do total da facturación dos parques. Con respecto aos concellos galegos, a parte que fica no territorio da facturación é de aproximadamente o 5% e no contexto actual cómpre ter en conta que o contexto da covid-19 está a ser aproveitado pola Xunta de Galiza para coartar aos concellos a rebaixas impositivas para a atracción de proxectos industriais, que van afectar a este ámbito, reducindo o retorno aínda máis. Mesmo atendendo aos datos que facilita a patronal, se o impacto no PIB é de máis de 580M€, só a reducida cantidade de 11M€ (1,89%) son percibidos polos propietarios dos terreos (datos de 2019, de acordo coa Asociación Eólica de Galicia (EGA).

O noso país padece a falta de planificación consensuada dun novo plan eólico e ao mesmo tempo, dun goberno serio que impida de xeito claro a fragmentación de proxectos e garanta a axeitada planificación e control ambiental e patrimonial dos mesmos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Rexeitar a posta en funcionamento do proxecto eólico de Alta Cabrera pola súa grave e irreversíbel afectación sobre a calidade paisaxística, a fraxilidade e a vulnerabilidade ambiental nas fases de construcción, explotación e desmantelamento e polo grave prexuízo ambiental, económico e social que tería sobre o territorio e as súas comunidades así como polo sumatorio de impactos deste proxecto cos outros que se están a desenvolver na mesma contorna.
2. Impulsar un novo consenso para substituír a vixente lei de aproveitamento eólico e planificar o desenvolvemento da enerxía eólica da próxima década harmonizando os obxectivos e intereses económicos, enerxéticos, sociais e medioambientais, garantindo a transparencia, a avaliación ambiental por parte das administracións públicas e a limitación dos procesos expropiatorios ao mínimo. Para iso, aprobarase un novo Plan Sectorial Eólico cunha ampla participación dos axentes implicados e que preceptivamente inclúa un informe do Consello Económico e Social e un amplo proceso de exposición pública de cara a reunir o meirande consenso posíbel.
3. Aumentar de forma urxente o territorio protexido apostando polo desenvolvemento de figuras de ordenación e protección do territorio, salvagardando espazos de alto interese ambiental: ampliación da Rede Natura, Estratexia de Infraestrutura Verde, Áreas de Interese Paisaxístico. Reinicio da ampliación da Rede Natura e paralización de proxectos que afecten tanto á ampliación proposta en 2008 como a iniciada en 2012.”

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2021





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: María González Albert

Noa Presas Bergantiños

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 18/02/2021 12:11:45

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/02/2021 12:11:50

Noa Presas Bergantiños na data 18/02/2021 12:11:58

María González Albert na data 18/02/2021 12:12:08



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas Mercedes Queixas Zas e Rosana Pérez Fernández e do deputado Luis Bará Torres, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa á demanda dun plan estratéxico para o porto da Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O porto da Coruña está inmerso nunha regresión económica continuada sen precedentes durante a última década.

Algúns dos factores que explican o desolador balance son: a acusada diminución de tráficos sen excepción, o abandono do importante tráfico de contedores, dependencia das descargas de petróleo e carbón, así como a apostar polo tráfico de cruceiros xunto á ausencia de diversificación e captación de novos mercados (como si fixeron portos próximos como Vigo, Ferrol ou Leixoes).

Razóns que constatan a redución da participación do porto da Coruña no conxunto dos portos do Estado; mentres que os tráficos portuarios coruñeses decrecen nun -11,5%, en España aumentan nun +20,7%.

Unha situación que denota a falta de capacidade de atracción para un porto que está en condicións de continuar a ser un importante motor económico para a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cidade a comarca se atende a unha xestión diferente que atenda as necesidades actuais e de futuro, corrixindo os erros do plan de actuación que o trouxeron até aquí.

O porto da Coruña, como porto de interese do Estado, require un plan estratéxico que contribúa a se recuperar como un emprazamento óptimo para acoller unha ampla diversidade de escalas e tráfico comercial nacional e internacional.

Neste sentido, urxe recuperar o índice de conectividade do porto da Coruña con outros recintos para dinamizar os tráficos, nomeadamente o emerxente de contedores, captar novos fluxos de mercadorías, ser base de operacións e facilitar a súa dimensión internacional.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a demandar con urxencia, desde a súa representación no Consello de administración da Autoridade Portuaria da Coruña, un plan estratéxico de recuperación e impulso da actividade comercial do porto da Coruña.

Asemade, insta a Xunta de Galiza a esixir do Estado a licitación inmediata da conexión ferroviaria ao porto exterior de Langosteira e xestionar a condonación da débeda ou solución análoga.”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2021

Asdo.: Mercedes Queixas Zas
Rosana Pérez Fernández
Deputadas do G.P. do BNG
Luis Bará Torres
Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 18/02/2021 12:42:13

Rosana Pérez Fernández na data 18/02/2021 12:42:25

Xosé Luis Bará Torres na data 18/02/2021 12:42:33





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Manuel Lourenzo Sobral** e das deputadas **Alexandra Fernández Gómez**, **Carme González Iglesias** e **Rosana Pérez Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre as actuacións a realizar debido á mortaldade de moluscos e perda de ingresos no sector marisqueiro da ría de Vigo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A pasada semana varios areais do fondo da ría de Vigo víronse gravemente afectadas polas intensas choivas que caeron sobre todo no litoral galego. Zonas como Arcade, Cesantes, Redondela ou Vilaboa Carril, Vilagarcía, quedaron considerabelmente danadas polos sucesivos temporais.

Todas as confrarías concernidas coinciden en subliñar que os grandes aportes de auga doce recibidos provocaron unha baixada importante da salinidade da auga do mar e sinálase directamente como contribución a esa baixa salinidade o exceso de auga doce procedente tanto do encoro de Eiras, unha apresa que abre as portas sen ningún tipo de comunicación ás confrarías afectadas.

No caso dos areais de Arcade, a mortaldade é superior ao 90% en boa parte dos bancos marisqueiros. Unha mortaldade que se conta por toneladas e, dende logo, supera con creces ao que incluso nun principio se estimaba.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Aquí, a mortaldade dos últimos días veu agudizar unha situación xa crítica do sector, que pola situación de peche dos mercados prioritarios de destino sufriu de maneira especialmente intensa o impacto económico da pandemia, unha situación que afectou á todas as artes tanto de a pé como de a flote.

A perda constante de recurso está a derivar nunha verdadeira situación de angustia para as e os profesionais do mar e neste contexto faise necesaria unha avaliación, un seguimento, unha análise das consecuencias da perda de recurso para o sector nas diferentes rías e unha toma de decisións áxiles que impidan que esta nova crise siga a ter repercusión nos ingresos dos mariscadores e mariscadoras.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Explicar as causas da alta mortalidade de molusco nos bancos marisqueiros da ría de Vigo.
2. Dar conta das medidas adoptadas para enfrentar esta mortaldade, a previsíbel falla de recursos que van sufrir os mariscadores e mariscadoras desa ría e as accións concretas para a rexeneración dos bancos afectados e das partidas para atendelas.
3. Explicar que protocolo de actuación existe para facer un seguimento preciso da evolución destas problemáticas e en que consiste.
4. Habilitar partidas de axudas extraordinarias que permitan ao sector superar esta situación.”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2021

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 18/02/2021 13:08:24

Rosana Pérez Fernández na data 18/02/2021 13:08:27

María do Carme González Iglesias na data 18/02/2021 13:08:37

Alexandra Fernández Gómez na data 18/02/2021 13:08:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños** e dos deputados **Luis Bará Torres, Daniel Pérez López** e **Ramón Fernández Alfonzo**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a opinión da Xunta de Galiza respecto da proliferación de parques eólicos de ámbito estatal en Galiza e a súa colisión co Plan eólico galego vixente e coa soberanía galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza asiste por primeira vez ao intento por parte de grandes empresas de promover parques eólicos de máis de 50MW, que dependen do Estado. Isto acontece nun momento no que Galiza experimenta un boom eólico desenvolvido sen unha adecuada planificación e vixilancia pública, baixo unha arquitectura legal obsoleta e sen garantías para a participación social e a salvagarda do patrimonio natural como demostra a problemática social existente ao longo de todo o país.

Isto acontece cun evidente abandono de funcións por parte da Xunta de Galiza, que nega un debate arredor de cal debe ser o novo modelo enerxético galego para a descarbonización ao tempo que impulsa mudanzas lexislativas para reducir garantías á sociedade e aos concellos galegos e abrir a porta a grandes multinacionais sen garantir unha folla de ruta para asegurar o retorno socioeconómico.

Despois dunha década de parálise, asistimos a unha expansión sen precedentes. Desde a entrada de Núñez Feijoo no ano 2009 ata o ano 2018 non se instalaran en Galiza nin 300MW. No 2019, nun só ano, puxéronse en marcha 19 parques e 400MW





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

instalados máis, un número maior aos instalados na década anterior. Este desenvolvemento, que podería parecer positivo, estase a dar de forma abrupta, sen planificación e sen consenso coa sociedade dos lugares afectados, e en moitos casos a través dunha fraudulenta fragmentación dos proxectos en proxectos más pequenos para ocultar o seu verdadeiro impacto. Ademais, isto faise por parte do goberno galego sen unha mínima protección dos valores naturais, como demostra que haxa máis de 35 parques en tramitación dentro da Rede Natura. Recentes sentenzas xudiciais como a de Sasdónigas ou da Serra do Iribio dan conta desta situación sinalan tamén o papel da administración galega á hora de rebaixar garantías ambientais e desprotexer espazos singulares.

Ademais, Galiza asiste por primeira vez ao intento por parte de grandes empresas de promover parques eólicos de máis de 50MW, que dependen do Estado e segundo o recollido na lei do sector eléctrico do ano 2013 realizan a súa tramitación ante o Ministerio responsable de enerxía, neste caso o Ministerio para a Transición Ecolólica e o Reto Demográfico.

Ás fondas discrepancias que o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten coa política enerxética do Partido Popular engádese a fonda preocupación pola falta de opinión, valoración e actuación diante dun acontecemento, a implantación de parques de xestión estatal, que se está a desenvolver vulnerando a precaria e cativa planificación da propia Xunta de Galiza. Se ben é certo que a isto contribúe o propio goberno galego. Dunha banda, ao ser incumpridor das súas propias normas. Doutra banda, ao ser o responsável da non actualización e consenso dun novo plan sectorial eólico.

Este é un asunto que debe abordarse freando e corrixindo a política produtivista e sen planificación da Xunta de Galiza e facendo valer o autogoberno para demandar





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

tamén un marco que respecte a capacidade de Galiza de decidir respecto das súas necesidades e prioridades enerxéticas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Demandar do goberno central a paralización de calquera proxecto eólico superior a 50MW que colida co Plan sectorial eólico ou con calquera categoría de protección ambiental comunitaria que podan ocasionar irreversible afectación sobre a calidade paisaxística, a fraxilidade e a vulnerabilidade ambiental nas fases de construcción, explotación e desmantelamento e graves prexuízos ambientais, económicos e sociais sobre o territorio e as súas comunidades.
2. Impulsar a redacción e aprobación un novo Plan Sectorial Eólico cunha ampla participación dos axentes implicados e que preceptivamente inclúa un informe do Consello Económico e Social e un amplo proceso de exposición pública de cara a reunir o meirande consenso posible.
3. Deseñar e remitir ao Parlamento Galego para o seu debate un mapa galego de necesidades e potencialidades enerxéticas que recolla unha previsión ata 2035 sobre o impulso das renovábeis e a descarbonización, de cara a poder socializar e consensuar a transformación enerxética do noso país no marco da transición enerxética.”

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2021





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Daniel Pérez López

Ramón Fernández Alfonzo

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 18/02/2021 13:36:51

Ramón Fernández Alfonzo na data 18/02/2021 13:36:57

Daniel Pérez López na data 18/02/2021 13:37:06

Noa Presas Bergantiños na data 18/02/2021 13:37:15



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Alberto Pazos Couñago, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

En xullo de 2020 a Comisión Europea (CE) e Mauritania prorrogaron por un ano o acordo de pesca, de interese para a frota española de Galicia, Andalucía, País Vasco e Canarias.

Este protocolo con Mauritania beneficia a un total de 50 buques españoles e entre esas embarcacións figuran 11 buques marisqueiros, 11 atuneiros cerqueiros conxeladores, 7 atuneiros cañeiros, 11 buques dedicados á pescada negra, 4 palangreiros de superficie e 6 palangreiros de fondo.

O protocolo con Mauritania é o máis importante para a Unión Europea (UE) en materia pesqueira e a súa prórroga permite á frota española seguir no caladoiro mauritano ata o 15 de novembro de 2021, mentres continúan as negociacións para un novo.

Varias asociacións do sector fixeron chegar á Consellería do Mar a súa desconformidade coa actuación da UE nas últimas roldas de negociacións para alcanzar un novo Acordo, en especial coa actitude pasiva e falta de vontade para cumplir os prazos da negociación para alcanzar un acordo, cuestións que poden poñer en perigo a obtención de resultados antes da finalización da devandita prórroga.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a solicitar ao Goberno de España o impulso das negociacións conducentes a un novo novo Acordo de Pesca Sustentable da UE coa República Islámica de Mauritania, auspiciando o seu tratamento dentro dos debates nos próximos Consellos de Ministros de Pesca da UE e fortalecendo o entendemento entre a Comisión e a Administración mauritana”.



Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 18/02/2021 14:35:14

Teresa Egerique Mosquera na data 18/02/2021 14:35:36

José Manuel Balseiro Orol na data 18/02/2021 14:35:50

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Ana Belén García Vidal na data 18/02/2021 14:36:06

Manuel Santos Costa na data 18/02/2021 14:36:16

José Alberto Pazos Couñago na data 18/02/2021 14:36:23

María Elena Suárez Sarmiento na data 18/02/2021 14:36:37

Daniel Vega Pérez na data 18/02/2021 14:36:54



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Alberto Pazos Couñago, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Actualmente está en tramitación a Orde pola que se desenvolve a normativa estatal (Real Decreto 36/2014, do 24 de xaneiro) que regula os títulos profesionais do sector pesqueiro. O obxectivo é adaptar o actual título de Patrón Costeiro Polivalente para permitir que poidan exercer como primeiro oficial de ponte en buques cuxo mando corresponda a un Patrón de Litoral.

O Goberno galego enviou ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación as súas aportacións que tiveron tamén en conta as peticións das entidades representativas do sector.

Neste sentido, a Xunta de Galicia deu traslado das súas opiniós e argumentos sobre cales deben ser os contidos formativos do citado curso, con especial referencia a incorporar os coñecementos que se requieren no convenio internacional sobre formación e titulación para o persoal dos busques pesqueiros (en particular, a regra II/2 do Convenio STCW/1995).

A incorporación deste novo contido formativo podería tramitarse pola vía de urxencia.

Esta iniciativa busca contribuír a mitigar a falta de mandos para as embarcacións pesqueiras, dando más atribucións nos buques a algunas titulacións e flexibilizando – en plena consonancia coa normativa internacional- as esixencias para obtelas.

Ademais, demandouse por parte do sector e da administración pesqueira galega que, namentres non estea en vigor esta orde, se procedese á articulación dun informe que permitise aproveitar a dispensa recollida no artigo 21, e que a Secretaría General de Pesca plasmou xa en novembro, mais sen ser unha solución real e eficaz, toda vez que solo sirve para seis meses e solo se puido aplicar nun ínfimo número de casos.



Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a solicitar ao Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación a análise e elaboración urgente dun novo informe, comunicación ou resolución dotada de plena eficacia e exhaustividade na casuística para que excepcionalmente se permita o despacho do Patrón Costeiro Polivalente como primeiro oficial de ponte (2º patrón) en buques cuxo mando corresponda a un Patrón de Litoral”.

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Pedro Puy Fraga na data 18/02/2021 14:40:14

Teresa Egerique Mosquera na data 18/02/2021 14:40:38

José Manuel Balseiro Orol na data 18/02/2021 14:40:49

Ana Belén García Vidal na data 18/02/2021 14:41:04

Manuel Santos Costa na data 18/02/2021 14:41:14

José Alberto Pazos Couñago na data 18/02/2021 14:41:22

María Elena Suárez Sarmiento na data 18/02/2021 14:41:35

Daniel Vega Pérez na data 18/02/2021 14:41:54



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños** e dos deputados **Daniel Pérez López** e **Ramón Fernández Alfonzo**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á información, evolución e previsións da débeda de Galiza e da débeda no conxunto do Estado.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 17 de febreiro coñeciamos os últimos datos de avance dispoñíbeis polo Banco de España respecto do saldo da débeda das Administracións públicas segundo o Protocolo de Déficit Excesivo. En síntese, acadou os 1.311 mm de euros en decembro de 2020, cunha taxa de crecemento interanual do 10,3%. Segundo avanza o Banco de España, empregando o PIB nominal do ano 2020, a ratio débeda/PIB sitúase no 117,1% no último trimestre de 2020.

Respecto da evolución a nivel das administracións autonómicas, avánzase que a débeda das Comunidades Autónomas medrou até os 303 mm de euros no último mes de 2020, o que representa un aumento interanual do 2,8% nun ano marcado, como é evidente, pola irrupción da pandemia da covid-19.

Respecto do último dato dispoñíbel concreto e definitivo sobre a débeda galega, do terceiro trimestre de 2020, sitúa a débeda pública de Galiza en 11.325 millóns de euros, cifra próxima ao máximo histórico trimestral acadado cos 11.750 millóns de euros rexistrados en marzo de 2018.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Se ben é certo que vivimos un contexto económico no que o endebedamento é unha evidente necesidade, non é menos a preocupación en termos globais do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego respecto da evolución da débeda en Galiza durante os mandatos de Núñez Feijóo e os seus resultados. É polo tanto unha cuestión respecto da que o Parlamento Galego debe fazer seguimento e análise.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a elaborar e remitir ao Parlamento Galego, para o seu debate e propostas de resolución, un Informe que contemple toda a información relativa á débeda de Galiza: con que entidades está contraída, cales son os cadros de amortización, xuros pagados, etc e previsión para a evolución do endebedamento e medidas para que o endebedamento contribúa a sostener os servizos públicos e impulsar a economía.”

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2021

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Daniel Pérez López

Ramón Fernández Alfonzo

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 18/02/2021 15:42:47

Ramón Fernández Alfonzo na data 18/02/2021 15:42:51

Daniel Pérez López na data 18/02/2021 15:42:59

Noa Presas Bergantiños na data 18/02/2021 15:43:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, e da deputada **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado venres 12 de febreiro deuse a coñecer a sentenza da Audiencia Provincial da Coruña en relación co recurso presentado pola familia Franco a respecto da sentenza do xulgado de primeira instancia sobre o Pazo de Meirás.

Na xustificación da sentenza hai referencias preocupantes sobre os feitos históricos e sobre o relato do espolio do Pazo de Meirás que non son admisíbeis desde un punto de vista democrático. Mais do que consideracións xurídicas, aparecen numerosos xuízos de valor, opinións e expresións que non son admisíbeis cando se están a xulgar feitos de extrema gravidade e que afectan a persoas que foron vítimas de abusos, espolio, vexacións e aldraxes de todo tipo.

Referencias como as que fai a sentenza á doazón do Pazo, aos métodos para a súa adquisición, e á apropiación doutras propiedades na contorna son contrarias á unha verdade histórica acreditada por numerosas probas e intentan modificar o relato dos feitos dando por boa a versión falsa do franquismo.

Por outra parte, resulta paradoxal que a sentenza non establece a mala fe posesoria no caso de Francisco Franco e a Carmen Polo, a pesar de constatar a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

compravenda fraudulenta de 1941 e todo un *modus operandi* para apropiarse dun ben que a todos os efectos funcionou como residencia do autoproclamado Xefe do estado.

Todas estas consideracións son de extrema gravidade e poden ter implicacións nun hipotético recurso de casación por parte da familia Franco.

No inmediato, o aspecto máis grave da sentenza ten que ver coa “boa fe posesoria” dos herdeiros e demandantes, o que ten importantes implicacións a respecto da indemnización a que tería dereito a familia Franco tanto polos gastos necesarios como polos gastos útiles.

E o que resulta áinda moito máis difícil de explicar e semella unha clara mostra de parcialidade é que se presuma esa boa fe posesoria desde 1975, cando o Estado seguiu prestando servizos até 1990 e os demandantes teñen a condición de herdeiros e a condición de “posuidores” desde o ano 2018.

Por parte da avogacía do Estado fíxose unha valoración positiva do fallo e anunciouse a intención de non presentar recurso. A mesma valoración fixo a Xunta de Galiza por medio do conselleiro de Cultura, que nunhas declaracións públicas valorou positivamente a sentenza e asumió a indemnización aos Franco.

Desde o BNG entendemos que estas posturas son indamisíbeis por varias razóns:

- Pola importancia de defender o relato histórico e non dar por boas as valoracións do fallo xudicial.
- Porque non se pode admitir que a sentenza estableza a boa fe posesoria dos herdeiros desde 1975, ao tempo que non establece a mala fe posesoria de Franco e a súa dona desde os inicios e máis alá de 1975, cando menos até 1988.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por outra parte, entendemos que o goberno galego debe ser consecuente cos acordos do Parlamento galego de 2017 e 2018, no sentido de que a reclamación e a devolución do Pazo debería facerse sen custos para o erario público, que xa pagou abondo o espolio e o goce deste ben por parte do Ditador e a súa familia.

Se se pretendese de verdade unha acción de xustiza e reparación, o lóxico sería promover unha investigación exhaustiva sobre todos os bens espoliados e adquiridos de maneira irregular e de mala fe polo clan Franco, e polo tanto sobre o enriquecemento logrado pola posesión e venda de bens adquiridos polo Estado. Trataríase en consecuencia, en boa lóxica democrática, de que rendan contas e paguen polo que foi claramente obxecto de apropiacións indebidas e non do mundo ao revés de que sexan indemnizados e beneficiados.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta a:

1. Instar ao goberno do Estado a presentación de recurso contra o fallo da Audiencia Provincial en relación co Pazo de Meirás para defender a verdade histórica e o interese público e para evitar calquera indemnización á familia Franco.
2. Presentar o seu propio recurso contra o fallo da Audiencia Provincial, en coherencia cos acordos aprobados polo Parlamento galego.
3. Levar a cabo unha investigación exhaustiva sobre todas as propiedades adquiridas irregular ou ilegalmente polos Franco en Galiza, un estudo sobre o enriquecemento derivado da posesión e da venda deses bens, e unha proposta de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

medidas para conseguir a restitución aos seus lexítimos propietarios e o resarcimento do dano causado.”

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2021

Asdo.: Mercedes Queixas Zas

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 18/02/2021 16:23:25

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/02/2021 16:23:44

Mercedes Queixas Zas na data 18/02/2021 16:23:53



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Sandra Vaíquez Domínguez, Ovidio Rodeiro Tato, Teresa Egerique Mosquera, Encarnación Amigo Díaz, José Luis Ferro Iglesias, Elena Súarez Sarmiento e Felisa Rodríguez Carrera** ao abeiro do disposto nos artigos 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos:

Os galegos e as galegas levan moitos anos comprometidos coa convivencia lingüística entre o galego e o castelán, ambas linguas cooficiais ao amparo do marco normativo previsto na Constitución, no Estatuto de Autonomía de Galicia e na Lei de Normalización Lingüística de Galicia.

En Galicia non existe ningún tipo de conflito lingüístico neste momento, mesmo contamos cun modelo de bilingüismo cordial “totalmente normalizado”, un modelo integrador que busca a convivencia entre as linguas cooficiais en condicións de igualdade, ao tempo que se promove a aprendizaxe de linguas estranxeiras e un aproveitamento intenso co outro gran tronco lingüístico común que é Lusofonía.

O modelo lingüístico galego segue a ser idioma de uso maioritario na nosa poboación (o 51% falan só galego ou máis galego que castelán), porcentaxe que non alcanza ningunha outra lingua propia das CCAA de España.

Tamén hai que destacar que en datas recentes o informe Pisa ou o Sondeo do CIS 2020 mostran como a lingua galega medra en prestixio e coñecemento dentro da nosa poboación (entende o 98,9%, pode falalo con fluidez o 86,5% da poboación etc) o que nos indica a súa boa saúde e a proba de que as políticas aplicadas están tendo efectividade sen xerar ningún tipo de conflitividade social. Así constátase que Galicia é unha comunidade autónoma na que se falan as dúas linguas con total normalidade.

Recentemente, o Goberno central vén de facer pública a súa resposta ás recomendacións feitas hai un tempo polo Comité de Ministros do Consello de Europa en relación á Carta Europea de Linguas Rexionais ou Minoritarias. Así, no informe estatal remitido ao Consello de Europa explica que o sistema educativo galego réxese



polo Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia e fala de que na nosa comunidade está implantado un sistema de ensino totalmente bilingüe.

Segundo o devandito informe, faise fincapé en que non existen limitacións ao ensino do galego en Galicia, senón o seguimento dun sistema de ensino bilingüe.

Logo de anos de ataques continuos ao Decreto do Plurilingüismo, pese a estar tamén avalado polos tribunais, parece chegado o momento de acabar definitivamente coas confrontacións políticas en relación con este asunto e reafirmar o modelo de equilibrio lingüístico entre galego e castelán, xunto coa aprendizaxe de linguas estranxeiras no sistema educativo de Galicia.

Por todo isto, O Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei en pleno:

“O Parlamento de Galicia reafirma o seu compromiso co marco lingüístico recollido na Constitución, no Estatuto de Autonomía, na Lei de Normalización Lingüística de Galicia, desenvolto no Plan Xeral de Normalización da Lingua galega e nos plans de dinamización da lingua galega no tecido socioeconómico e na mocidade; ao tempo que defende o modelo bilingüe para o galego e o castelán, xunto coa aprendizaxe de linguas estranxeiras, que regula o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia porque está a permitir asegurar no ámbito educativo plenas competencias en lingua galega do alumnado, tal e como manifesta.”

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 18/02/2021 16:37:29

Sandra Vázquez Domínguez na data 18/02/2021 16:37:42

Ovidio Rodeiro Tato na data 18/02/2021 16:38:05

Teresa Egerique Mosquera na data 18/02/2021 16:38:13

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreos, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





grupo
parlamentario
popular de galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2021 16:39:32
Nº Rexistro: 11393
Data envio: 18/02/2021 16:39:32.958

María Encarnación Amigo Díaz na data 18/02/2021 16:38:21

José Luis Ferro Iglesias na data 18/02/2021 16:38:38

María Elena Suárez Sarmiento na data 18/02/2021 16:38:50

María Felisa Rodríguez Carrera na data 18/02/2021 16:39:05

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, **Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

O traballo de historiadores e investigadores do noso país fixo que saíra a luz un dos capítulos más negros da nosa historia, a Guerra Civil e a Postguerra, pero coma sempre, na maioría destes casos, os feitos e as vítimas teñen color masculino, quedando na sombra as mulleres.

Os crimes do franquismo non fixeron distinción de xénero, e no noso país miles de mulleres foron represaliadas, perseguidas, escravizadas, violadas, ou asasinadas, por unha dobre condición: ser muller e ter unha ideoloxía diferente.

Durante o goberno Bipartito a Xunta de Galicia, tiña un compromiso coa recuperación da memoria, que traduciuse en investimentos e iniciativas políticas que abarcaban por exemplo a creación do **Consello da Memoria**, con representación de asociacións, personalidades supervivientes coma Isaac Díaz Pardo e Avelino Pousa Antelo, familiares das vítimas, historiadores e investigadores sobre la represión;

Fixéronse convocatorias públicas de axudas en 2006, 2007 y 2008 para la realización por parte de asociacións e particulares de actividades de investigación, homenaxes, audiovisuais.....

Declarouse o ano 2006 como Ano da Memoria e promovéronse iniciativas dende a Consellería de Cultura para mostrar por primeira vez un pasado escurecido, favorecendo o seu coñecemento e o recoñecemento ás vítimas no espazo público. Se permitiu naturalizar, e expresar, o que sempre fora silenciado.

Neste ano tamén cofinanciouuse un libro editado pola revista feminista Andaina, que levaba por título “A memoria esquecida: peladas, presas, paseadas” dedicado ás mulleres revolucionarias que morreron no anonimato, no que se recollían testemuñas de moitas mulleres represaliadas.



O cambio de Goberno, no ano 2009 puxo fin a todo isto, agochando nun caixón todos estes proxectos, e a Xunta do PP non volveu a investir en proxectos relacionados coa recuperación da memoria.

Dende o PSdeG, presentamos unha emenda ao orzamento 2021 na que pedíamos unha partida 1.000.000 € para Memoria histórica co fin de contribuír a promover e divulgar investigacións e estudos que contribúan a facer posible as demandas de recoñecemento das vítimas do franquismo, e dentro disto coma non podería ser doutra forma aos crimes de xénero, por entender que é un deber de conciencia e responsabilidade.

A recuperación da historia con perspectiva de xénero é fundamental xa que visibiliza e reivindica como suxeitos políticos ás mulleres, co fin de facer xustiza con elas pero tamén para que as nenas do futuro poidan ter coma referentes todas aquelas mulleres .

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

- a) Impulse un Proxecto de Recuperación da Memoria Democrática das mulleres galegas, co fin de visibilizalas e recoñecer a represión que sufriron e o papel vertebrador que tiveron na loita pola democracia e a autonomía galega.
- b) Elaborar un plan de visibilización e recoñecemento das mulleres galegas más relevantes, potenciando a súa presenza simbólica en lugares e espazos públicos, e utilizando os seus nomes para futuras denominacións dos mesmos.

Pazo do Parlamento, 18 de febreiro de 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey
Pablo Arangüena Fernández
Deputada do G. P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Paloma Castro Rey na data 18/02/2021 17:22:00

Pablo Arangüena Fernández na data 18/02/2021 17:22:09

Gonzalo Caballero Míguez na data 18/02/2021 17:22:19



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputado, Martín Seco García, Carmen Rodríguez Dacosta, Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

A Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade, na que participan as comunidades autónomas e o Ministerio para a Transición Ecolólica, acordou incluír ao lobo no Listado de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial, o que supón homoxeneizar o status de protección da especie a nivel nacional e que deixe de ser considerada especie cinexética en todo o territorio nacional.

Esta decisión suscitou polémica, pola posición contraria das organizacións gandeiras e a falla de acordo das comunidades autónomas, que conta coa posición contraria dos territorios onde se atopa o 95 % da poboación de lobos. Dende o noso punto de vista, calquera cambio na catalogación do lobo deberá facerse despois de negocialo e acordalo co sector gandeiro e coas comunidades autónomas que teñen presencia desta especie.

En Galicia anualmente morren unhas decenas de lobos, principalmente por actividades relacionadas co furtivismo ou cos accidentes de tráfico, algunas fontes chegan a estimar ata 200 mortes por estas causas.

En cambio, nos derradeiros 14 anos cazáronse en Galicia oficialmente 17 lobos, e nos derradeiros 7 anos non se cazou ningún exemplar. O derradeiro lobo capturado nunha batida oficial foi no ano 2013, segundo datos da propia Administración.

Desde o 2013, leváronse a cabo varias actuacións sen ningunha captura. No ano 2019 só en Lugo rexistráronse catro batidas para capturar cánidos, das cinco que se aprobaron en toda Galicia.

En Galicia, o lobo forma parte do noso patrimonio natural e cultural, polo que debe ser conservado, e ben xestionada a súa presenza, co fin de acadar unha cohabitación entre este e o gando das nosas explotacións que son os principais



afectados polos seus ataques, mediante control, medidas de protección do gando, compensacións e axudas polas perdas producidas polos ataques, xa que non podemos esquecernos que a gandería é un dos sectores socioeconómicos estratégicos do noso país.

O Plan de Xestión do Lobo en Galicia, foi aprobado no ano 2008, e debe adaptarse aos tempos actuais e aos avances técnicos existentes. Tamén debe levarse a cabo un novo mapa da presencia do lobo en Galicia e compre polo tanto a elaboración dun novo plan se asente en principios de conservación, prevención e compensación. Ademais este novo documento ten que ser froito dun consenso coas asociacións en defensa do lobo, representantes do sector gandeiro e do sector veterinario, para conseguir que o noso patrimonio natural non estea rifado cos intereses socioeconómicos dos nosos veciños e veciñas.

Os danos que produce o lobo nas explotacións gandeiras son cuantiosos e se incrementan desde o 2016 dun xeito importante, chegando a ser máis de 2380 no ano 2019, afectando moi notablemente a ovellas, vacas, cabalos e cabras e dun xeito moi importante á provincia de Lugo que ten praticamente a metade destes danos no seu territorio. As cantidades orzamentadas polo Goberno galego para prevención e indemnización dos danos son residuais en relación ao custe, por outra banda estas axudas non teñen continuidade e se viron reducidas na convocatoria deste ano con respecto ao ano pasado, por outro lado as contías non se actualizan e non cobren os danos xerados.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista entendemos que deberá estudiarse a inclusión dentro da PAC, do mesmo xeito que se axuda a explotacións en zonas de montaña, axudas para prevención das explotacións en zonas de risco por presencia de depredadores como o lobo, sempre e cando estas non exclúan a posibilidade de indemnización para os danos que causa esta especie.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta a Goberno Galego a:

1. Solicitarlle ao Goberno do Estado que negocie e acorde coas organizacións gandeiras e as autonomías afectadas, antes de cambiar definitivamente o estatus do lobo nas comunidades autónomas ao norte do río Douro, elaborando con ditas comunidades unha estratexia conxunta para a conservación de dita especie.



2 Elaborar un novo Plan de Xestión do Lobo para Galicia, froito dun consenso entre as asociacións en defensa do lobo, representantes das organizacións gandeiras e representantes do sector veterinario.

3. Actualizar os censos poboacionais e elaborar un novo mapa de presencia do lobo en Galicia.

4. Aumentar o orzamento de 2021 para prevención e danos por ataque de lobos, co fin de que garanta o 100% das solicitudes cursadas en regla, actualizar as contías por danos por ataque do lobo para que cubran o custe real da perda e garantizar que se paguen nun prazo menor a 6 meses dende a solicitude do gandeiro.

4. Estudar a proposta de introdución de axudas en materia de prevención, ás explotacións en zonas de risco por ataques de depredadores nos cobros pola PAC e que estas non exclúan as indemnizacións autonómicas por danos causados por depredadores”

Pazo do Parlamento, 15 de febreiro de 2021

Asdo.: Martín Seco García
Carmen Rodríguez Dacosta
Pablo Arangüena Fernández
Paloma Castro Rey
Deputada do G. P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 18/02/2021 17:35:08

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 18/02/2021 17:35:19

Pablo Arangüena Fernández na data 18/02/2021 17:35:34



Paloma Castro Rey na data 18/02/2021 17:35:44

Gonzalo Caballero Míguez na data 18/02/2021 17:35:54

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, **Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Pleno**.

A recente sentenza 137/2020, de 2 de setembro, ditada polo Xulgado de Primeira Instancia número 1 da Coruña, declarou a nulidade dos títulos de adquisición do Pazo de Meirás polo ditador Francisco Franco. Trátase dunha sentencia histórica, a primeira do seu tipo en España, que abre a porta para a recuperación dun ben que foi obtido fraudulentamente polo ditador aproveitando a súa posición privilexiada, un ben do que desfrutou máis de tres décadas e do que continuou disfrutando a súa familia ata o presente.

Foi gracias a intervención da Avogacía do Estado que a principios de 2019 se obtivo un documento notarial que permanecía oculto no Arquivo de Protocolos Notariais da Coruña e que desmontou o embuste ideado polo ditador, en base ó que o 11 de xullo de 2019 se presentou a demanda de recuperación do ben para o patrimonio do Estado, froito dun excelente traballo xurídico da Avogacía do Estado e da firme vontade política do Goberno progresista do Estado.

Recorrida a resolución xudicial pola familia Franco, a Audiencia Provincial da Coruña (sentenza 60/2021 da Sección Terceira) confirma que a propiedade do inmóvel corresponde o Estado, se ben modifica a sentenza de primeira instancia no sentido de establecer unha compensación económica polos gastos feitos pola familia Franco dende a morte do ditador, por considerar, en síntese, que se mantiveron na posesión do pazo sen mala fe, o cal obriga a compensalos.

Sen entrar a contradicir os argumentos xurídicos e o relato fáctico da sentenza de segunda instancia nun proceso tan novedoso e complexo, cousa que non corresponde a un partido político nin é propia da función parlamentaria, si que debemos demandar que se esgoten todas as posibilidades xurídicas para defender o interese do Estado.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:



“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que demande do Goberno do Estado que se esgoten todas as posibilidades xurídicas para a defensa do interese do Estado, incluíndo, de ser técnicamente posible e aconsellable, a interposición de recurso contra a sentenza 60/2021 da Sección Terceira da Audiencia Provincial da Coruña no relativo ó pronunciamento favorable á indemnización dos gastos realizados no inmoble pola Familia Franco.”

Pazo do Parlamento, 18 febreiro de 2021

Asdo.: Pablo Arangüena Fernández
Paloma Castro Rey
Deputada do G. P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 18/02/2021 17:43:12

Paloma Castro Rey na data 18/02/2021 17:43:22

Gonzalo Caballero Míguez na data 18/02/2021 17:43:34



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

As reformas do Regulamento hipotecario e da Lei hipotecaria (concretamente do seu artigo 206) levadas a cabo polos gobiernos do PP no Estado desde o primeiro Goberno Aznar posibilitaron o acceso ao rexistro da propiedade de calquera tipo de bens inmobilés, así como a calquera derecho real sobre eles, situación que foi aproveitada pola Igrexa Católica para inmatricular multitud de bens ao seu nome, tendo en conta que ata ese momento, os templos dedicados ao culto católico quedaban fóra do rexistro, posto que eran considerados bens de dominio público, que non se poden adquirir pola súa simple posesión, sendo necesario entón un título previo xustificativo da propiedade ou do derecho real.

En lexislaturas pasadas o PSdeG xa formulou, sen que fose apoiada polo PP, unha iniciativa dirixida a coñecer os efectos que tivo en Galicia a dita reforma a través dun estudo da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado que enumerase os bens inmatriculados a favor da Igrexa Católica desde 1998, como se fixo noutros lugares de España.

Nestes días, o Goberno está facendo pública a relación dos bens que se inmatricularon aproveitando a vía aberta pola modificación da normativa hipotecaria do Goberno Aznar.

Segundo os datos do Goberno, o número de inmobles inmatriculados pola Igrexa é de aproximadamente 35.000, dos cales 7.131, é dicir, un de cada cinco, corresponden a Galicia, o cal dá idea da importancia desta situación na nosa comunidade. Dentro deses 7.131, hai 2.747 templos, e o resto está integrado por todo tipo de bens inmobilés. A relación completa deses bens vén de ser remitida ó Congreso, o cal abrirá o prazo para reclamar legalmente por parte de quen estea en desacordo coa declaración de titularidade en favor da Igrexa, como pode ser o caso de particulares ou concellos, entre outros.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:



O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1º) Facer público dun xeito facilmente accesible a relación dos 7.131 bens radicados en territorio galego que foron inmatriculados pola Igrexa Católica ao abeiro das reformas da normativa hipotecaria de 1996 e posteriores.

2º) Poñer en marcha as accións e medidas necesarias para impedir a consolidación do dominio ou outros dereitos reais inmatriculados a favor da Igrexa Católica en Galicia, se esta inmatriculación se fixese sen título material previo que a xustificalle ou cando o ben non for susceptible de titularidade privada por ser de dominio público.

Pazo do Parlamento, 18 de febreiro de 2021

Asdo.: Pablo Arangüena Fernández
Paloma Castro Rey
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Gonzalo Caballero Míquez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia


Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 18/02/2021 15:44:45

Paloma Castro Rey na data 18/02/2021 15:44:58

Gonzalo Caballero Míquez na data 18/02/2021 15:45:09





**PARLAMENTO
DE GALICIA**

**BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

